

INFORME DE SUSTENTABILIDADE **AMBIENTAL**

PROXECTO SECTORIAL DO PARQUE **EMPRESARIAL DE CERCEDA (A CORUÑA)**

INFORME DE SUSTENTABILIDADE AMBIENTAL

ÍNDICE

1	INTRODUCCIÓN	5
1.1	ANTECEDENTES	5
1.2	PROCEDIMENTO DE AAE- SÍNTESE METODOLÓXICA.....	5
1.3	MARCO LEGAL	8
1.3.1	Normativa europea.....	8
1.3.2	Normativa estatal	8
1.3.3	Lexislación autonómica	9
1.3.4	Lexislación sectorial	9
2	DIAGNÓSTICO TERRITORIAL	12
2.1	MEDIO FÍSICO.....	12
2.1.1	Localización e emprazamento.....	12
2.1.2	Topografía	13
2.1.3	Climatoloxía.....	13
2.1.4	Xeoloxía	15
2.1.5	Edafoloxía	17
2.1.6	Capacidade produtiva do solo.....	18
2.1.7	Rede hídrica	19
2.2	BIODIVERSIDADE TERRITORIAL	20
2.2.1	Flora	20
2.2.2	Fauna	22
2.2.3	Espazos naturais.....	27
2.2.4	Hábitats de especial interese	27
2.2.5	Áreas de importancia para as aves (IBAs).....	28
2.2.6	Plan hidrolóxico de bacía	28
2.2.7	Humedais de Interese	28
2.2.8	Unidades ambientais.....	28
2.3	PATRIMONIO CULTURAL.....	29
2.4	MEDIO SOCIOECONÓMICO	30
2.4.1	Análise demográfica.....	30
2.4.2	Análise da estrutura económica.....	31
2.5	USOS DO SOLO.....	33
2.6	MEDIO PERCEPTUAL.....	34
2.6.1	Compoñentes da paisaxe.....	34
2.6.2	Calidade paisaxística	36
2.6.3	Incidencia paisaxística	37
2.6.4	Fraxilidade paisaxística	37
2.7	RISCOS NATURAIS OU TECNOLÓXICOS	38
2.7.1	Capacidade portante.....	38
2.7.2	Risco de erosión.....	38
2.7.3	Xeadas	38
2.7.4	Risco de contaminación	39

PROXECTO SECTORIAL DO PARQUE EMPRESARIAL DE CERCEDA (A CORUÑA)

2.7.5	Risco sísmico	41
2.7.6	Risco de inundación	41
2.8	PLANS E PROGRAMAS RELACIONADOS	42
3	DESCRICIÓN DO PROXECTO SECTORIAL DO PARQUE EMPRESARIAL	44
3.1	OBXECTIVOS E CRITERIOS DA ORDENACIÓN.....	44
3.2	ANÁLISE DE ALTERNATIVAS. XUSTIFICACIÓN DA ORDENACIÓN ADOPTADA	46
3.2.1	Necesidade estratéxica de realizar o proxecto	46
3.2.2	A área de Cerceda como localización idónea	49
3.2.3	Alternativas de ordenación.....	51
3.3	ESTRUTURA XERAL DA ORDENACIÓN ADOPTADA	54
3.3.1	Zonificación	55
3.3.2	Aproveitamento tipo	55
3.3.3	Accesos, rede viaria e aparcadoiros	58
3.3.4	Sistema xeral de espazos libres e zonas verdes	59
3.3.5	Sistema xeral de equipamento comunitario	59
3.3.6	Rede de abastecemento de auga potable e rego	59
3.3.7	Rede de hidrantes	60
3.3.8	Rede de saneamento	60
3.3.9	Rede de Enerxía eléctrica en MT e BT	61
3.3.10	Rede de Alumado público	61
3.3.11	Rede de Telefonía e telecomunicacións	62
3.3.12	Rede de Gas	62
3.3.13	Xestión de residuos	62
4	IDENTIFICACIÓN E CARACTERIZACIÓN DOS EFECTOS SOBRE O MEDIO AMBIENTE	64
4.1	CARACTERIZACIÓN DE IMPACTOS	65
4.2	AVALIACIÓN GLOBAL	66
4.3	EFECTOS AMBIENTAIS PREVISIBLES	67
4.3.1	Atmosfera	67
4.3.2	Biodiversidade	68
4.3.3	Ciclo hídrico.....	70
4.3.4	Ciclo de materiais.....	71
4.3.5	Enerxía	72
4.3.6	Medio industrial	73
4.3.7	Medio socioeconómico.....	74
4.3.8	Mobilidade.....	75
4.3.9	Paisaxe.....	78
4.3.10	Patrimonio	78
4.3.11	Solo	78
5	PLAN DE MEDIDAS PREVENTIVAS E CORRECTORAS	82
5.1	ATMOSFERA	82
5.2	BIODIVERSIDADE.....	83
5.3	CICLO HÍDRICO	83
5.4	CICLO DE MATERIAIS	84
5.5	ENERXÍA.....	85
5.6	MEDIO INDUSTRIAL	87
5.7	MEDIO SOCIOECONÓMICO	88
5.8	MOBILIDADE	89
5.9	PAISAXE	89
5.10	PATRIMONIO.....	89

 PROXECTO SECTORIAL DO PARQUE EMPRESARIAL DE CERCEDA (A CORUÑA)

5.11	SOLO	90
6	VIABILIDADE ECONÓMICA DA ORDENACIÓN ADOPTADA.....	91
7	PLAN DE SEGUIMENTO E CONTROL.....	92
7.1	VIXILANCIA AMBIENTAL DAS OBRAS DE URBANIZACIÓN E EDIFICACIÓN	92
7.2	INDICADORES DOS OBXECTIVOS AMBIENTAIS E PRINCIPIOS DE SUSTENTABILIDADE	93
8	ANÁLISE DA COHERENCIA	99
8.1	COHERENCIA INTERNA.....	99
8.2	COHERENCIA EXTERNA: ANÁLISE DE COMPATIBILIDADE ESTRATÉXICA	104
8.2.1	Consideración dos aspectos clave para a sustentabilidade	105
8.2.2	Proceso de decisión	113
8.2.3	Relación cos elementos territoriais estratéxicos de galicia	120
9	ANEXOS	
	ANEXO I.- Compromiso do concello de Cerceda para a xestión de RSU	
	ANEXO II.- Resumo non técnico	
	ANEXO III.- Planos	

PROXECTO SECTORIAL DO PARQUE EMPRESARIAL DE CERCEDA (A CORUÑA)

1 INTRODUCCIÓN

1.1 ANTECEDENTES

A entrada en vigor da Lei 9/2006, do 28 de abril, sobre a avaliación dos efectos de determinados plans e programas no medio ambiente, incorpora ao ordenamento xurídico español a Directiva 2001/42/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de xuño de 2001, relativa á avaliación dos efectos de determinados plans e programas no medio ambiente, e supón a realización dun proceso de Avaliación Ambiental Estratéxica para os plans e programas que elaboren as diferentes Administracións Públicas, entendido como un instrumento de integración do medio ambiente nas políticas sectoriais, co obxectivo de garantir un desenvolvemento sustentable mais duradeiro, xusto e saudable que permita afrontar os grandes retos da sustentabilidade como o uso racional dos recursos naturais, a prevención e redución da contaminación, a innovación tecnolóxica e a cohesión social, ao tempo que fomenta a transparencia e a participación cidadá.

O PROXECTO SECTORIAL DO PARQUE EMPRESARIAL DE CERCEDA sométese ao procedemento de Avaliación Ambiental Estratéxica (en adiante AAE) nas condicións que establece a lei 9/2006 de plans e programas, a desenvolver seguindo o procedemento integrado de Avaliación ambiental estratéxica de instrumentos de planeamento urbanístico previsto no artigo 7 da Lei 6/2007, do 11 de maio, de medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia.

O presente estudo constitúe o INFORME DE SUSTENTABILIDADE AMBIENTAL (en adiante ISA), requirido pola lei 9/2006 do 28 de abril, e representa o procedemento que garante a sustentabilidade ambiental do planeamento.

O ISA determina as variables e criterios de sustentabilidade, que serán a base para avaliar os efectos ambientais das alternativas de ordenación propostas, e recolle a xustificación da alternativa que se consolide como proposta definitiva do PROXECTO SECTORIAL DO PARQUE EMPRESARIAL DE CERCEDA (en adiante PSPEC) . Para isto, realizará unha análise previa dos condicionantes, obxectivos e alternativas para un futuro desenvolvemento do concello, identificando e caracterizando os efectos sobre o medio da ordenación escollida e establecendo as medidas preventivas, correctoras e de seguimento destes efectos.

1.2 PROCEDEMENTO DE AAE- SÍNTESE METODOLÓXICA

O procedemento de AAE iniciase coa elaboración do Documento de Inicio do PSPEC a partir do diagnóstico previo realizado polo equipo redactor.

A comunicación de Inicio do procedemento de elaboración do PSPEC xunto co Documento de Inicio foron enviados á Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, en calidade de órgano ambiental

O Documento de Inicio inclúe os seguintes aspectos de conformidade co artigo 18 da Lei 9/2006, do 28 de abril:

- ❖ Breve diagnóstico sobre o territorio.
- ❖ Obxectivos e criterios xerais e específicos que se terán en conta para a planificación.
- ❖ Marco normativo, alcance e contido da planificación, das propostas e das súas alternativas.
- ❖ Os efectos previsibles sobre os elementos estratéxicos do territorio, sobre a planificación sectorial implicada, sobre a planificación territorial e sobre as normas aplicables.
- ❖ Información cartográfica sobre o ámbito na que se reflectirá información básica sobre o diagnóstico.

O documento de inicio ten por finalidade servir de orientación á redacción do PSPEC, e en consecuencia contén as directrices e os obxectivos xerais do Proxecto, para o seu traslado ao órgano ambiental, que o somete ao público e a outros organismos para posibles suxestións ou propostas, e elabora o Documento de

PROXECTO SECTORIAL DO PARQUE EMPRESARIAL DE CERCEDA (A CORUÑA)

Referencia.

Estudado o Documento de inicio e tras realizar consultas coas Administracións públicas afectadas e o público interesado acerca das variables ambientais que poden ser afectadas e os criterios de sustentabilidade aplicables ao PROXECTO SECTORIAL DO PARQUE EMPRESARIAL DE CERCEDA, a Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible elabora o Documento de Referencia do PSPEC que serve de orientación ó promotor no proceso de AAE.

O Documento de Referencia ten por obxecto establecer un procedemento que garanta a sustentabilidade ambiental do planeamento. Para isto, determina as variables e criterios de sustentabilidade que foron a base para avaliar os efectos ambientais das alternativas de planeamento propostas. Así mesmo, o Documento de Referencia establece a amplitude, nivel de detalle e o grado de especificación do Informe de Sustentabilidade Ambiental do Proxecto (ISA) así como as modalidades, amplitudes e prazos dos períodos de información e consultas.

O estudo das posibles alternativas mediante a súa confrontación cos criterios establecidos para as variables ambientais, así como a selección da alternativa que finalmente se consolide como proposta definitiva de planeamento, plasmase no Informe de sustentabilidade ambiental (ISA).

O ISA fai unha análise previa dos condicionantes, obxectivos e alternativas para o futuro desenvolvemento do concello, identificando e caracterizando os efectos sobre o medio da alternativa escollida e establecendo as medidas preventivas, correctoras e de seguimento destes efectos.

A estrutura e os aspectos que debe integrar este documento son os seguintes, en coherencia e desenvolvendo o establecido no anexo I da Lei 9/2006, do 28 de abril:

a) DIAGNÓSTICO TERRITORIAL

Determinase o eido de influencia do planeamento en función dos seus efectos previsibles. Este ámbito de influencia xeral considerase a área de estudo e pode variar segundo cada variable de sustentabilidade.

Identifícanse os elementos estratéxicos do territorio en función das variables de sustentabilidade e caracterización da súa funcionalidade e realízase unha descrición actualizada dos problemas e condicionantes ambientais, económicos e sociais que inflúen no eido de actuación contemplando entre outras, variables ambientais correspondentes ao ciclo hídrico, a atmosfera, a edafoloxía, a flora e a fauna, o medio socioeconómico, a paisaxe, a xestión dos residuos, os riscos naturais ou tecnolóxicos, etc.

Realízase unha análise obxectiva da situación actual que se pretende abordar co desenvolvemento do Proxecto e estúdase a relación cos plans, programas e estratexias vixentes ou en proceso de elaboración ou revisión que poidan afectar ao planeamento, indicando a xerarquía e incidencia das principais medidas destes instrumentos.

b) DESCRICIÓN DO PROXECTO SECTORIAL DO PARQUE EMPRESARIAL

Preséntanse os obxectivos xerais e específicos así como a xustificación dos criterios adoptados, a análise das alternativas propostas, a análise sobre a capacidade de acollida do territorio e a estrutura xeral da ordenación adoptada.

c) IDENTIFICACIÓN E CARACTERIZACIÓN DOS EFECTOS SOBRE O MEDIO AMBIENTE.

Identifícanse e analízanse os posibles efectos estratéxicos da alternativa finalmente seleccionada sobre cada unha das variables de sustentabilidade establecidas no documento de referencia. Ademais, realízase unha caracterización dos impactos previsibles en función da súa magnitude e ditame e unha avaliación comparativa entre os efectos previsibles en ausencia de planeamento e tras a execución das determinacións establecidas polo mesmo.

PROXECTO SECTORIAL DO PARQUE EMPRESARIAL DE CERCEDA (A CORUÑA)**d) PLAN DE MEDIDAS PREVENTIVAS E CORRECTORAS**

Deséñanse as medidas necesarias tendo en conta a natureza dos efectos estratéxicos da alternativa seleccionada sobre as variables de sustentabilidade, xa sexa para potenciais (no caso de que fosen positivos) ou para previlos, corrixilos ou compensalos (se fosen negativos).

Establécense medidas de carácter xeral e específicas e as recomendacións pertinentes para o desenvolvemento e execución do planeamento.

e) ESTUDO SOBRE A VIABILIDADE ECONÓMICA DO PROXECTO

Inclúese un informe sobre a viabilidade económica da alternativa seleccionada e das medidas dirixidas a fomentar os efectos positivos e prever, minimizar ou paliar os efectos negativos e o establecemento do sistema de seguimento.

f) PLAN DE SEGUIMIENTO E CONTROL

O plan de seguimento da sustentabilidade conta cun sistema de indicadores da evolución das variables determinadas polo Documento de Referencia do PSPEC.

Establécense, na medida do posible, valores de referencia para os indicadores que permitan determinar a necesidade de aplicar as medidas e mecanismos previstos para corrixir os efectos negativos producidos e identificar con prontitude outros efectos adversos non previstos, ou ben para reconducir o Proxecto no caso de que non se estivera a producir unha consecución dos seus obxectivos, podendo levar á súa modificación ou revisión.

A proposta do plan de seguimento considera a participación do órgano ambiental no seguimento e establece a periodicidade coa que se realizarán os informes, que serán de acceso público.

g) AVALIACIÓN DO PROXECTO COS OBXECTIVOS ESTABLECIDOS

Analizase a coherencia, por un parte, entre a alternativa seleccionada e os obxectivos establecidos para o Proxecto; e, por outra parte, entre estes obxectivos e a análise de partida que identificou os elementos estratéxicos do territorio.

h) DOCUMENTO DE SÍNTESE

Finalmente incluírase un resúmen non técnico da información contida nos apartados anteriores.

i) CARTOGRAFÍA

Realízanse planos de detalle sobre os valores naturais, paisaxísticos e culturais e da interacción das previsións do PSPEC.

O PSPEC aprobado inicialmente, incluíndo as alternativas refugadas e as súas avaliacións, será sometido ao proceso de participación e consultas de acordo co establecido no Documento de Referencia. Esta fase de consultas e a posta a disposición do público do documento aprobado inicialmente, do que forma parte integrante o Informe de sustentabilidade ambiental, farase durante un prazo de dous meses (apartado 5 do artigo 7 da Lei 6/2007, do 11 de maio, de medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia) para o seu exame e formulación de observacións. Será nominal para as Administracións públicas e ó público interesado relacionado anteriormente e realizarase mediante inserción do correspondente anuncio no Diario Oficial de Galicia para calquera outra persoa física ou xurídica que puidese estar comprendida como público interesado, segundo a definición dada polo artigo 10.2 da Lei 9/2006, de 28 de abril, sobre avaliación dos efectos de determinados planes e programas no medio ambiente.

O resultado de dito proceso recollerase nun Informe sobre a participación pública e as consultas no que se describirá o procedemento seguido e se xustificará cómo se tomaron en consideración as observacións e

PROXECTO SECTORIAL DO PARQUE EMPRESARIAL DE CERCEDA (A CORUÑA)

alegacións realizadas, así como os informes sectoriais recibidos.

Realizadas as consultas e con carácter previo á aprobación provisional, remitiranse ao órgano ambiental o documento do PSPEC para aprobación provisional, do que forma parte o Informe de Sustentabilidade; o informe sobre a participación e as consultas; e unha proposta de Memoria ambiental. Con esta información, o órgano ambiental redactará nun prazo de 3 meses dende a súa recepción, a Memoria ambiental, a través da cal validará o procedemento de Avaliación ambiental estratéxica, podendo establecer condicionantes que serán vinculantes para o planeamento e deberán quedar recollidos no documento que se aprobe provisionalmente.

Unha vez aprobado o PSPEC definitivamente, o órgano promotor cumprirá os requirimentos de publicidade establecidos no artigo 14 da lei 9/2006, poñéndoo a disposición do órgano ambiental, das Administracións públicas consultadas e do público afectado, xunto coa documentación especificada no mesmo artigo.

Finalmente, o órgano promotor realizará un seguimento dos efectos na sustentabilidade da aplicación ou execución do Proxecto, no que o órgano ambiental poderá participar.

1.3 MARCO LEGAL

O PROXECTO SECTORIAL DO PARQUE EMPRESARIAL DE CERCEDA e o ISA redáctanse conforme o ordenamento legal vixente. Así, entre outras, cúmprense as seguintes disposicións e normativas.

1.3.1 Normativa europea

- Directiva Aves 79/409/CEE, do 2 de abril de 1979.
- Directiva Hábitat 92/43/CEE, do 21 de maio de 1992.
- Directiva 96/61/CE, do 24 de setembro de 1996, relativa á prevención e control integrado da contaminación.
- Convenio de Espoo, do 25 de febreiro de 1991, ratificado pola UE, publicado no BOE do 21 de outubro do 1997.
- Directiva Avaliación de Impacto Ambiental 97/11/CEE, do 3 de marzo de 1997.
- Directiva Marco da Auga 2000/60/CE, do 23 de outubro de 2000.
- Directiva 2001/42/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de xuño do 2001, relativa á avaliación dos efectos de determinados plans e programas no medio ambiente.
- Directiva 2002/49/CE relativa a avaliación e xestión do ruído ambiental.
- Directiva 2003/4/CEE do Parlamento Europeo e do Consello, do 28 de xaneiro do 2003, relativa ao acceso do público á información medioambiental.
- Directiva 2003/35/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 26 de maio do 2003, que establece a participación do público na colaboración de certos plans e programas relativos ao medio ambiente.
- Directiva 2006/12/CEE do Parlamento Europeo e do Consello, do 5 de abril do 2006, relativa aos residuos.

1.3.2 Normativa estatal

- Lei 38/1995, do 12 de decembro, sobre o dereito de acceso á información en materia de medio ambiente.
- Lei 9/2006, do 28 de abril, sobre avaliación dos efectos de determinados plans e programas no medio ambiente.
- Lei 8/2007, de 28 de maio, do solo.

PROXECTO SECTORIAL DO PARQUE EMPRESARIAL DE CERCEDA (A CORUÑA)

- Lei 1/2008, de 11 de xaneiro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Avaliación Ambiental de proxectos.
- Lei 6/2010, de 24 de marzo, de modificación do texto refundido da Lei de Avaliación de Impacto Ambiental de proxectos, aprobado polo Real Decreto Legislativo 1/2008, de 11 de xaneiro.

1.3.3 Lexislación autonómica

- Real Decreto 442/1990 de 13 de setembro de avaliación de impacto ambiental para Galicia.
- Decreto 327/1991 de Avaliación dos efectos ambientais para Galicia.
- Lei 1/1995, do 2 de xaneiro, de protección ambiental de Galicia.

1.3.4 Lexislación sectorial

1.3.4.1 Estradas

- Lei 25/1988, de estradas e camiños estatais
- Lei 4/1994 de Estradas de Galicia.
- Real Decreto 1812/1994 regulamento xeneral de estradas. (Modificacións en los RD 579/1999 e 1191/1997)

1.3.4.2 Ordenación do territorio

- Normas Subsidiarias de Planeamento do concello de Cerceda. 26/06/1996.
- Decreto 28/1999, Regulamento de disciplina urbanística para o desenvolvemento e aplicación da lei do solo en Galicia.
- Decreto 80/2000, Plans e proxectos sectoriais de incidencia supramunicipal.
- Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia coas modificacións derivadas da lei 15/2004.
- Lei 6/2007 de medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia.
- Lei 2/2010, do 25 de marzo, de medidas urxentes de modificación da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

1.3.4.3 Patrimonio

- Real decreto III/1986 do 10 de xaneiro de desenvolvemento de Sectorización da Lei 16/1985 do Patrimonio Histórico Español.
- Lei 8/1995 do Patrimonio Cultural de Galicia.
- Decreto 199/97, de Regulación da Actividade Arqueolóxica de Galicia.

1.3.4.4 Natureza

- Lei 4/1989 de Conservación dos Espazos Naturais e da Flora e Fauna Silvestres.
- Real decreto 1997/1995 de Conservación de Hábitats Naturais.
- Lei 40/1997 sobre Reforma da Lei 4/1989.
- Lei 41/1997 pola que se modifica a Lei 4/1989.
- Lei 9/2001 de conservación da natureza.
- Lei 3/2007 de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia.

PROXECTO SECTORIAL DO PARQUE EMPRESARIAL DE CERCEDA (A CORUÑA)

- Lei 7/2008, de 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia.

1.3.4.5 Augas

- Real Decreto 1/2001, polo que se aprobou o texto refundido da Lei de Augas
- Real Decreto 606/2003, Regulamento Público Hidráulico.
- Lei 5/2006 de 30 de xuño, para a protección, a conservación e a mellora dos Ríos Galegos.
- Real Decreto 9/2008, do 11 de xaneiro polo que se modifica o Regulamento do Dominio Público Hidráulico, aprobado polo Real Decreto 849/1986, de 11 de abril (BOE Nº 14, 16/01/2008).
- Real Decreto 606/2003, Regulamento Público Hidráulico.
- Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia.

1.3.4.6 Ambiente atmosférico

- Lei 7/1997, do 11 de agosto de protección contra a contaminación acústica.
- Decreto 150/1999, do 7 de maio, polo que se aproba o regulamento de protección contra a contaminación acústica.
- Lei 8/2002 de Protección del Medio Ambiente Atmosférico para Galicia.
- Real Decreto 1796/2003, do 26 de decembro, relativo ao ozono no aire ambiente.
- Lei 37/2003, do 17 de novembro, do ruído.
- Real Decreto 1513/2005, do 16 de decembro, polo que se desenvolve a lei 37/2003, de 17 de novembro, do ruído, no referente a avaliación e xestión do ruído ambiental.
- Lei 1/2005, pola que se regula o réxime do comercio de dereitos de emisión de gases de efecto invernadoiro.
- Real Decreto 1370/2006, do 24 de novembro polo que se aproba o plan nacional de asignación de dereitos de emisión de gases de efecto invernadoiro, 2008-2012.
- Real Decreto 508/2007, do 20 de abril, polo que se regula a subministración de información sobre emisións do regulamento e-prtr e das autorizacións ambientais integradas.
- Real Decreto 812/2007, do 22 de xuño, sobre avaliación e xestión da calidade do aire ambiente en relación co arsénico, o cadmio, o mercurio, o níquel e os hidrocarburos aromáticos policíclicos.
- Lei 34/2007, de 15 de novembro, de calidade do aire e protección da atmosfera.
- Decreto 133/2008, do 12 de xuño, polo que se regula a avaliación de incidencia ambiental.

1.3.4.7 Residuos

- Lei 20/1986 Básica de Residuos Tóxicos e Perigosos (RTP)
- Orden 23/12/1986 normas complementarias en relación con las autorizacións de vertidos de augas residuais.
- Real Decreto 2116/1998 polo que se establecen as normas aplicables ao tratamento das augas residuais.
- Lei 16/2002 de Prevención e Control integrados da contaminación.
- Decreto 174/2005, polo que se regulou o réxime xurídico da produción e xestión dos residuos e o rexistro xeneral de produtores e xestores de residuos de Galicia.
- Lei 10/2008, do 3 de novembro, de residuos de Galicia.

PROXECTO SECTORIAL DO PARQUE EMPRESARIAL DE CERCEDA (A CORUÑA)

1.3.4.8 Accesibilidade e supresión de barreiras arquitectónicas

- Lei 8/1.997, do 20 de agosto, de accesibilidade e supresión de barreiras na Comunidade Autónoma de Galicia
- Decreto 35/2000, do 28 de xaneiro, polo que se aprobou o Regulamento de Desenvolvemento e Execución da Lei de Accesibilidade e Supresión de Barreiras na Comunidade Autónoma de Galicia.

1.3.4.9 Varios

- Lei 54/1997, do 27 de novembro do sector eléctrico.
- Real Decreto 401/2003 de Infraestruturas de Telecomunicacións.
- Lei 39/2003, do 17 de novembro, do sector ferroviario. R.D. 2387/2004, do 29 de marzo, polo que se aprobou o regulamento do sector ferroviario.
- Real Decreto 316/2006, do 17 de marzo, polo que se aprobou o Código Técnico da Edificación.
- Decreto 262/2007, do 20 de decembro polo que se aproban as Normas do Hábitat Galego.
- Lei 45/2007, do 13 de Decembro, para o desenvolvemento sostible do medio rural.

PROXECTO SECTORIAL DO PARQUE EMPRESARIAL DE CERCEDA (A CORUÑA)

2 DIAGNÓSTICO TERRITORIAL

2.1 MEDIO FÍSICO

2.1.1 Localización e emprazamento

O eido en desenvolvemento localízase no concello de Cerceda situado ao noroeste de Galicia na provincia da Coruña. Pertencente á comarca de Ordes, o municipio de Cerceda atópase nunha área de transición entre as terras das Mariñas, Bergantiños e Ordes. Limita ao norte cos municipios da Laracha e Culleredo, ao sur con Ordes e Tordoia, ao leste con Carral e ao oeste con Carballo.

GRAFICO Nº1 Localización do concello de Cerceda



A cabeceira municipal está no lugar de Antemil, antiga vila do Campo da Feira que hoxe en día se coñece polo propio nome do concello, e que se atopa a uns 50 Km de Santiago de Compostela e a uns 30 Km da Coruña, as dúas cidades importantes máis achegadas.

O enclave escollido para a implantación do Parque Empresarial, conta cunha extensión de 42,06 Ha localizada ao nordés do municipio de Cerceda, no val que orixina o Río Barcés ao sur do núcleo Sobre da Fonte, no Lugar de Gandarouta pertencente á Parroquia de San Martiño de Cerceda (coordenadas UTM 543900, 4781339).

Dentro do municipio, o PSPEC implántase nunha zona próxima ao núcleo capital, orientado ao sueste desta, cunha accesibilidade óptima garantida polas conexións coa Autovía A-6, a través da Estrada AC-523. A súa accesibilidade completase coa reserva para a implantación nas proximidades cunha estación do AVE.

O PSPEC atópase delimitado polo oeste pola vía de ferrocarril, polo norte co río Cerceda e coa estrada autonómica AC-2405 que conecta coa estrada AC-523, polo este cunha estrada municipal e polo sur con terreos destinados o aproveitamento agrícola e gandeiro e coa estrada autonómica AC-2402. O PSPEC atopase situado ao oeste da Central térmica de Meirama e das instalacións de SOGAMA, e próximo ao polígono industrial de Acevedo.

A proximidade dos Portos de A Coruña e Ferrol, así como a facilidade de acceso ás redes de transporte que proporcionan a A-6 (Coruña - Madrid), a AP-9 (Coruña - Vigo) e a AG-55 (Coruña - Carballo), dotarán á nova implantación dun enorme potencial como elemento aglutinador de actividades secundarias e terciarias asociadas ineludiblemente á funcionalidade dos accesos e as infraestruturas de transporte.

PROXECTO SECTORIAL DO PARQUE EMPRESARIAL DE CERCEDA (A CORUÑA)

2.1.2 Topografía


A estrutura xeomorfolóxica da zona de implantación do Parque Empresarial de Cerceda caracterízase polo dominio dunha superficie arrasada durante o Terciario, constituída por xistos de baixo metamorfismo. A serra de Montemaior situada o suroeste do eido de estudo separa o municipio de Cerceda das terras de Bergantiños e actúa como divisoria de augas entre a conca do río Anllóns e a do Tambre. O nordés da zona de estudo érguense o Montes do Xalo. O sur desta cadea montañosa ábrese a depresión de Meirama onde se atopan os terreos do Parque Empresarial, ocupada pola conca do río Barcés que ten no fondo un xacemento de lignitos. O sur desta fosa aparece o relevo chaira das terras de Ordes.

O eido de estudio sitúase sobre unha zona eminentemente chaira configurada polo val do río Barcés que discorre polo norte do Parque Empresarial en dirección oeste -leste cara a súa desembocadura no río Mero. A rede hídrica polo tanto pertence a subconca do río Barcés e a conca do río Mero.

A área de estudo atópase enmarcada na denominada Penichaira Galega que se corresponde cunha superficie en forma de meseta constituída por superficies de erosión lixeiramente basculadas ao sur.

As cotas existentes no eido van desde os 275 m que se alcanzan no extremo mais setentrional ata os 325 do sur do sector. O valor da cota incrementábase lixeiramente cara o sur sendo as diferenzas de altitude entre a parte mais baixa e mais alta de a penas 50 m.

A maior parte da zona de estudo presenta pendentes inferiores o 10%. Os maiores niveis (superiores o 15%) atópanse na marxe dereita do afluente do río Cerceda.

GRAFICO Nº2 Mapas de altitudes e pendentes**2.1.3 Climatoloxía**

A estación de referencia e a mais representativa do eido de estudo é a de San Andrés de Meirama situada a 200 m de altitude. Os datos para este estudo tamén se obteñen do Ministerio de Medio Rural e Mariño e de diversas publicacións sobre o clima en Galicia (Carballeira et al. 1983, Carballeira y Martínez, 1986).

Desde un punto de vista climático o eido de estudo caracterízase pola suavidade das súas temperaturas, as

PROXECTO SECTORIAL DO PARQUE EMPRESARIAL DE CERCEDA (A CORUÑA)

escasas oscilacións térmicas, a elevada humidade relativa e as abundantes choivas que se corresponden co clima oceánico hiperhúmido no que se enmarca a zona.

A temperatura media anual oscila os 13°C e a amplitude térmica os 18°C-20°C. A zona I de gradiente térmico vertical definida por Carballeira et al. (1983) é a representativa do eido, presentando un gradiente anual medio de 0,38°/100m. O gradiente mínimo para os meses de xuño e xullo (0,2°/100m) e máximo para o mes de decembro (1°/100m). Os coeficientes de correlación entre a temperatura media mensual e a altitude son relativamente baixos para esta zona de gradiente térmico debido ó parecer ó forte influxo oceánico.

Xullo é o mes que rexistra o valor máximo de temperatura media mensual (18,3°C) e xaneiro é o mes mais frío (7,1°C). O período frío abarca desde decembro a marzo (5-10°C), o período fresco (10-15°C) ten lugar nos meses de abril, maio, outubro e novembro e o período temperado (15-20°C) céntrase nos meses de xuño a setembro.

A precipitación anual acumulada é de 1.400 mm. Estes niveis de precipitación poden chegar a superar os 1.600 mm anuais excedendo o nivel medio de precipitación de Galicia polo que este municipio presenta un dos índices de precipitación máis elevados dentro da provincia da Coruña. O período de baixas precipitacións céntrase nos meses de Xuño e Agosto. Os maiores índices pluviométricos atópanse nos meses de Outubro, Novembro e Decembro. A estacionalidade das precipitacións está moi marcada xa que a unha primavera e verán secos séguelles un outono e inverno extremadamente húmidos.

A ETP anual acumulada é duns 700 mm valor que pode ser considerado como moderado para a distribución da ETP en Galicia. De maio a agosto rexístranse os valores mais altos dándose os mínimos no período de novembro a febreiro.

Dada a elevada oferta de auga e a moderada demanda, a seca será pouco intensa cando a reserva de auga dos solos sexa moderada ou elevada. Soamente aqueles solos con escasa reserva (habitualmente pouco profundos) poderán sufrir períodos de seca absoluta considerables.

As xeadas son propias dos meses de inverno, período no que as temperaturas mínimas descenden por debaixo dos 0°C. Teñen a súa orixe ben en procesos de irradiación nocturna que provoca inversións térmicas nas capas próximas o solo ou polo descenso térmico producido pola invasión de masas de aire moi frío, ártico ou polar. En xeral a zona esta libre de xeadas nos meses de verán. A clasificación agroclimática de Papadakis enmarca o período libre de xeadas mínimas entre as isoliñas dos 50 e 100 días e no mapa de período libre de xeadas media entre as isoliñas dos 200 e 250 días.

A pesar da suavidade que se deduce das características térmicas e pluviométricas non se trata dun clima demasiado benigno pois a pesar de que os meses de verán poden considerarse libres de xeadas tamén son os que rexistran as temperaturas mais elevadas e o coincidir ese aumento térmico co período de menor precipitación e mais intensa evapotranspiración, provocan un corto período de seca. Estes rasgos climáticos desempeñan un papel relevante como condicionantes da vexetación e dos cultivos xa que o prolongado período de xeadas impide o desenvolvemento normal dalgunhas colleitas. Pero tamén o déficit hídrico estival chega a plantear problemas cara finais do verán, especialmente sobre solos que en xeral carecen de capacidade de retención de augas.

Respecto o réxime de ventos, a compoñente predominante a nivel anual é a N cunha frecuencia do 28%, seguida de NE, S, SO, O, SE e NO na orde decrecente de frecuencia. Os ventos predominantes no verán son de compoñente N (N e NE fundamentalmente) e en menor medida SO, mentres que no inverno as direccións preferentes son as S (S e SO), aínda que a NE ten unha intensidade moderada. Segundo Martínez Cortizas (1987) as compoñentes S danse con preferencia nos meses de novembro a marzo sendo os meses de inverno aqueles nos que a frecuencia é maior. O resto do ano presenta un dominio de ventos do N (abril a setembro). As rachas máximas observadas alcanzan valores extremos de 90 a 120 Km/h nos meses de inverno e de 30 a 60 Km/h nos meses de verán.

PROXECTO SECTORIAL DO PARQUE EMPRESARIAL DE CERCEDA (A CORUÑA)

No estudo do potencial agroclimático da zona segundo a clasificación de Papadakis o eido do Parque Empresarial de Cerceda presenta un inverno tipo Av (avea cálido), verán tipo T (Triticum mais cálido), un réxime de humidade Hu (húmido) e un réxime térmico TE (Temperado cálido) sendo o tipo climático Temperado-cálido e axeitado para o cultivo de trigo, avea, chícharos, remolacha, trevo e froitais, dando bos rendementos o millo. (Elías e Ruíz, 1977)

Segundo a clasificación agroclimática da F.A.O a zona de estudo presenta o tipo subtropical fresco con choivas de inverno. O tipo subtropical corresponde co subtipo subtropical B definido por Martínez Cortizas para Galicia. Carballeira e Martínez aportaron unha clasificación bioclimática mais pomenorizada para Galicia na que as distintas subrexións defínense en función da súa capacidade produtiva máxima (IBP) condicionada polo risco de xeadas e o déficit hídrico. Das 32 subrexións a que se atopa na zona do Parque Empresarial de Cerceda é a 21 c: fresco/subhúmida de capacidade produtiva media.

Segundo a Clasificación de Allúe a área de estudo localízase na subrexión fitoclimática V(VI) ou Atlántico (europeo). As características básicas deste clima son:

- Clima sen ningún período árido
- Clima non de alta montaña (altitude menor a 1500 metros)
- Estación fría curta (media do mes máis frío superior aos 6° C)
- Correspondencias fisionómio-climáticas: *Quercus pubescens*, *Quercus robur*- *Calluna vulgaris* e *Genista florida*-*Quercus pyrenaica*.

2.1.4 Xeoloxía

Desde un punto de vista xeolóxico o eido de estudo enmarcase na denominada zona Centro-Ibérica definida por Julivert et al. (1972), caracterizándose por un gran desenvolvemento do metamorfismo e granitización hercínica, así como pola presenza de varios macizos básico de polémica interpretación, tanto desde un punto de vista petrolóxico como estrutural.

O municipio de Cerceda destaca pola suavidade das súas formas orixinadas fundamentalmente sobre terreos xistosos propios do complexo de Ordes, unha das megaestruturas alóctonas máis extensas do NW do Macizo Ibérico, de forma semi-elíptica e alargada en dirección N-S.

O eido de estudo atópase no val de Meirama. A zona constituía un contorno rural con perspectivas gandeiras e agrícolas ata que, en 1974, unha explotación de arxila situada no val evidenciou a posible existencia dun xacemento de lignito pardo. O Instituto Xeolóxico e Mineiro e UNIÓN FENOSA desenvolveron campañas de investigación que determinaron a xeoloxía do val e a viabilidade do xacemento para a súa explotación. O proxecto, un dos máis ambiciosos e innovadores da minería española, constitúe un plan integral de explotación de lignito e abastecemento dunha Central Térmica anexa, para produción de enerxía eléctrica. No ano 1980, iniciáronse os traballos de desmonte cos que dá comezo a explotación mineira e en 1981 complétase a posta en marcha do complexo mineiro-eléctrico co arranque da central térmica dun só grupo e unha potencia instalada de 550 MW.

Os materiais que se atopan na zona de estudo pertencen o Dominio da Serie de Ordes sendo as litoloxías dominantes xistos e cuarzo-xistos de tamaño de gran de fino a medio. Estas rochas nos seus metros máis superficiais soen estar moi meteorizadas dando lugar a perfís de alteración constituídos por áreas limosas de compacidade e espesor variable.

Nas zonas próximas o regato tributario do río Barcés o basamento Precámbrico está cuberto por depósitos cuaternarios de idade holocena de carácter aluvial. Dentro deste grupo inclúense depósitos de gravas con gran contido en materia orgánica e depósitos limo arxilosos tamén con importante porcentaxe de materia orgánica.

PROXECTO SECTORIAL DO PARQUE EMPRESARIAL DE CERCEDA (A CORUÑA)**2.1.4.1 Hidroxeoloxía**

A zona investigada atópase situada na conca hidrolóxica do río Barcés e máis concretamente na conta dun tributario do devandito río. A grandes liñas, considerando a conca e o contorno, pódense separar dous conxuntos de terreos, por unha banda os Precámbricos e por outra os sedimentos cuaternarios.

a) TERREOS PRECÁMBRICOS.

A conca atópase escavada fundamentalmente sobre materiais de orixe metamórfico cuxa permeabilidade está directamente ligada ao nivel de tectonización da roca, así como do seu grao de meteorización. A permeabilidade destas rocas en estado fresco é practicamente nula e en estado de alteración xeralmente pequena. Un macizo rochoso como o definido polo xisto, vai ter unha porosidade primaria case nula, menor canto máis sa sexa a roca que o define. Isto fai que non poida ser considerado como unha formación acuífera en si mesmo. A porosidade do macizo vai vir definida pola denominada porosidade secundaria, a cal é función do grao de fracturación e diaclasado que presenta a rocha.

A transmisión da auga vai deberse fundamentalmente á fracturación da rocha, véndose obstaculizada en moitos casos pola presenza de recheos das fracturas. Aínda que existen posibilidades de aproveitamento puntual en zonas favorecidas pola percolación das augas a través dos perfís de meteorización, a tendencia xeral é ao aproveitamento da hidroloxía de superficie, especialmente si tense en conta o elevado índice pluviométrico da rexión.

Diferentes son os aspectos a mencionar nas zonas máis superficiais, nas que a meteorización da rocha deu lugar a un perfil de alteración de carácter granular, cuxa permeabilidade é moito maior, facilitando a acumulación das augas infiltradas en épocas de choiva, e permitindo a circulación subterránea das mesmas, xeralmente no sentido de fluxo rexional, cara á canle dos cursos fluviais principais.

A granulometría areosa e areo-limosa dos horizontes de alteración, vai incrementar notablemente a permeabilidade e transmisividade, actuando como un acuífero libre favorecido pola infiltración das augas, e como unha fonte de alimentación do acuífero profundo, até alcanzar os niveis de rocha sa impermeables, que se reducirá á zona de fracturación máis superficial e descomprimida, onde a circulación das augas vai estar moi restrinxida.

b) TERREOS CUATERNARIOS.

Estes sedimentos, a priori, presentan unhas condicións máis favorables para a infiltración e almacenamento da auga subterránea. No caso dos sedimentos fangosos a teito da columna litolóxica, fai decrecer de modo notable a permeabilidade do conxunto, anulando practicamente o desenvolvemento de acuíferos importantes.

Respecto dos materiais infraxacentes aos devanditos sedimentos cohesivos, adoitan ter boas posibilidades hidroxeolóxicas, debido á súa natureza granular e a súa morfoloxía. Denominador común a todos é a superficialidade dos acuíferos, como causa directa do seu pequeno espesor, o que implica que se atopen moi afectados as variacións estacionais.

No eido de estudo, unha mínima parte esta ocupado polas concas e chairas de inundación dos regatos existentes, trátase das zonas máis deprimidas e cunha topografía practicamente chaira o que leva consigo unha drenaxe deficiente, o que as fai susceptibles de sufrir inundacións. Cara a estas zonas flúen as augas de escorrenta que se recollen nas partes altas da conca.

En toda esta zona os niveis superficiais están constituídos por sedimentos cuaternarios. O espesor dos sedimentos cuaternarios é limitado, baixo os mesmos os materiais aflorantes pertencen ao substrato rochoso de grao V a II subxacente, que grazas á súa composición e granulometría constitúe un medio de permeabilidade baixa.

PROXECTO SECTORIAL DO PARQUE EMPRESARIAL DE CERCEDA (A CORUÑA)**2.1.5 Edafoloxía**

O solo é o substrato principal sobre o que se forma a ordenación dun territorio. A correcta adecuación dos usos aos solos é o elemento clave para acadar a optimización da zona desde un punto de vista edafolóxico e produtivo.

Os solos créanse a partir duns parámetros básicos que se detallan a continuación indicando as características propias da zona en desenvolvemento en cada caso.

a) O CLIMA

O clima é un factor determinante na formación dos solos. As condicións da zona caracterízanse por temperaturas suaves e abundantes precipitacións, entorno aos 1.500 mm anuais, pero sen presentar seca estival ou ser esta relativamente baixa. Estas condicións favorecen valores medios de ETP e a dispoñibilidade de auga útil (RAU) durante todo o ano, mesmo en verán.

b) O MATERIAL ORIXINAL.

Os tipos de solos e as súas propiedades distribúense cunha clara relación co material orixinal. Os xistos son rochas facilmente alterables, tanto en sistemas ben drenados como en medios de hidromorfía continua ou alternante, que orixinan mantos de alteración espesos de textura fina e cores vivas amareladas ou vermellas que denotan a presenza de importantes cantidades de Fe. A facilidade de alteración da orixe a unha paisaxe suavizada, de escasa pendente, polo que os procesos erosivos teñen escasa importancia. Isto favorece a formación de superficies estables, nas que os solos acadan grados de evolución avanzados, con formación de horizontes B cámbicos con propiedades ferrálicas e sen descartar totalmente a posible presenza de horizontes áxicos, desaturados e con minerais primarios fortemente alterados.

Os solos existentes na zona de estudo son de perfil ABC, cun epipedión úmbrico a ócrico e un horizonte B cámbico que presenta propiedade lindantes cos B óxicos e os B áxicos con arxilas de baixa actividade.

A textura é de tendencia franca a franco-limosa, cunha fracción arxilosa relativamente abundante. Este tipo de solos son algo menos ácidos que os desenvolvidos sobre granitos sendo mais favorable a súa reserva de humidade propiedade que os fai mais resistentes ao déficit do período seco.

Os horizontes B están formados fundamentalmente por procesos de alteración in situ sendo por tanto horizontes cámbicos. O grao de alteración é intenso, con destrución da maior parte dos minerais primarios alterables, predominio dos minerais do tipo da colinita e a goethita e moi baixa capacidade de cambio efectiva ó pH do solo.

c) O RELEVO

O predominio de terreos de baixa altitude e de pendente débil a moderada favorece a formación de solos tipo cambisol ou terras pardas sobre os que se asenta a vexetación natural e a maior parte das terras de cultivo, xa que soportan perfectamente o traballo agrícola.

Os solos máis aptos para a agricultura son os fluvisoles ou solos de veiga que se sitúan nas proximidades dos cursos fluviais e formáronse con terras procedentes das partes máis elevadas.

d) A VEXETACIÓN.

A vexetación natural está profundamente transformada e é maior a influencia humana como axente transformador da paisaxe que a da propia vexetación. O cultivo intensivo provoca o aumento da fracción orgánica nos horizontes superiores, mentres que nas zonas de monte as queimas provocan unha perda de solo patente nalgúns puntos altos do concello.


PROXECTO SECTORIAL DO PARQUE EMPRESARIAL DE CERCEDA (A CORUÑA)

2.1.5.2 Unidades de solos

Nestas condicións as unidades de solos predominantes na zona do Parque Empresarial de Cereda se corresponden con Umbrisoles húmicos e endolépticos.

- Os UMBRISOLES predominan en terreos de climas húmidos de rexións montañosas con pouco ou ningún déficit hídrico. O perfil é de tipo AC, cun horizonte B ocasional. Os Umbrisoles lépticos presentan unha roca continua e dura entre 25 e 100 cm desde a superficie do solo. O de tipo endoléptico xérase cando a roca está entre 50 e 100 cm. Os de tipo húmico presentan mais dun 1% de carbono nos primeiros 50 cm. Segundo o mapa de solos facilitado pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas os umbrisoles húmicos e endolépticos son os que predominan na zona do Parque Empresarial.

GRAFICO Nº3 Eido do Parque Empresarial de Cereda no mapa de solos de Galicia



Fte: Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas

2.1.6 Capacidade produtiva do solo

Os solos constitúen o soporte das actividades do home dirixidas ao aproveitamento do seu potencial produtivo (cultivos agrícolas, regadíos, repoboacións forestais, implantación de pasteiros, etc) e son unha fonte de nutrientes para unha cuberta vexetal. Neste sentido, os solos están dotados dunhas características e propiedades que lle fornecen maior ou menor aptitude agrícola, como son a textura, pH, contido en nutrientes, retención de auga, etc.

O valor agrícola dun solo reside nas calidades que posúe para soste a vida vexetal ou, o que é o mesmo, na súa capacidade produtiva. Dita capacidade é directamente proporcional ao rendemento dos cultivos e está relacionada cun conxunto de características de tipo climático, fisiográfico e edáfico.

Adóitase definir a capacidade agrolóxica como un sistema consistente en recoller todos os datos importantes que conduzan a unha valoración da capacidade produtiva dos solos, tendo en conta que o uso agrícola intensivo do solo sexa compatible co mantemento da capacidade produtiva.

A clasificación dos solos segundo a súa capacidade agrolóxica permite valorar o grao de explotación agrícola, gandeira e forestal a que pode someterse un terreo sen danar a súa capacidade produtiva. Pero para poder facer dita valoración é requisito indispensable efectuar previamente un recoñecemento da morfoloxía e propiedades dos solos

O proceso de avaliación dos solos realizouse seguindo a Clasificación da Capacidade Agrolóxica dos Solos mediante un sistema orixinal do servizo estadounidense de conservación de solos (U.S.D.A.) que os clasifica

PROXECTO SECTORIAL DO PARQUE EMPRESARIAL DE CERCEDA (A CORUÑA)

en oito clases en orde decrecente de intensidade na que a selección de cultivos está mais ou menos restrinxida.

Os datos obtéñense do Mapa de Clases Agrolóxicas, escala 1:50.000, elaborado polo Ministerio de Agricultura no que se identifican para o eido do Parque Empresarial de Cerceda os seguintes tipos de clases:

- CLASE 3: Os solos desta clase teñen importantes limitacións no seu cultivo. Son medianamente bos. Poden utilizarse de maneira regular, sempre que se lles aplique unha rotación de cultivos adecuada ou un tratamento pertinente. Atópanse situados sobre pendentes moderadas e, por tanto, o risco de erosión é máis severo neles. A súa fertilidade é máis baixa. As limitacións que posúen restrinxen con frecuencia as posibilidades de elección dos cultivos ou o calendario de laboreo e sementa. Requiren sistemas de cultivo que proporcionen unha adecuada protección para defender ao solo da erosión.
- CLASE 4: Esta clase está composta por solos con limitacións permanentes e severas para o cultivo. Son solos apropiados para cultivos ocasionais ou moi limitados con métodos intensivos que requiren un manexo coidadoso e custoso. Xeralmente deben limitarse a cultivos herbáceos, a heno ou a pastos, aínda que pode obterse deles unha colleita de gran cada cinco ou seis anos. Noutros casos pode tratarse de solos someros ou moderadamente profundos, de fertilidade baixa, ou localizados en pendentes. Son solos de pequeno espesor, con excesiva humidade ou encharcamento, baixa retención de auga, con factores climáticos severos, elevada pedregosidade e/ou rochosoidade, baixa fertilidade e elevada salinidade.
- CLASE 6: Os solos desta clase deben empregarse para o pastoreo ou a silvicultura e o seu uso entraña riscos moderado. Áchanse suxeitos a limitacións permanentes, pero moderadas, e son inadecuados para o cultivo. A súa pendente é forte ou son moi someros.

CADRO Nº 1 .- DISTRIBUCIÓN DAS CLASES AGROLÓXICAS

Clase	Superficie (Ha)	Aptitude
1	--	Moi boa
2	112,4	
3	928,6	

En xeral, pódese dicir que debido ás diferentes limitacións, os solos do eido de estudo non son aptos para o aproveitamento agrícola (para cultivos ocasionais ou moi limitados), pero si para o desenvolvemento dunha vexetación permanente como pradarias e masas arbóreas con matogueira asociada.

2.1.7 Rede hídrica

A caracterización da hidroloxía da zona foi obtida a partir da análise da cartografía a escala 1:5.000, contrastando a información obtida con datos de campo. Dentro da definición dos límites das canles presente na zona, foron incluídas as delimitacións dos mesmos, as cales se lles engadiu 5 metros a cada un das marxes dos ríos, correspondentes á área de protección de servidume incluída dentro dos límites do Dominio Público Hidráulico, segundo o establecido no Real Decreto Lexislativo 1/2001, do 20 de xullo, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Augas.

A rede hídrica pertence a subconca do río Barcés e está configurada polo río Cerceda que discorre por un pequeno tramo ao norte do Parque Empresarial en dirección Oeste-Leste e por un dos seus colectores secundarios que atravesa o sector en dirección suroeste-nordeste.

En referencia á clasificación hidrolóxica establecida no PHGC, a área estudada pertence o Sistema de Explotación nº 11: "Río Mero, Arteixo e ría da Coruña", e concretamente á UCO 122-03, Meirama, cunha

PROXECTO SECTORIAL DO PARQUE EMPRESARIAL DE CERCEDA (A CORUÑA)

aportación total de 59,04 hm³. Deles, o río Cerceda é o único que se inclúe entre as concas de aportación maiores de 1Km², codificado como 12201902 no PHGC.

2.2 BIODIVERSIDADE TERRITORIAL

2.2.1 Flora

A vexetación é un dos elementos mais aparentes do medio e un dos mais significativos polas relacións que garda co resto de compoñentes bióticos e abióticos. Cada comunidade vexetal é o resultado da combinación de certas condicións ambientais de forma que se poden recoñecer os diferentes ecosistemas dunha área por delimitación das comunidades vexetais presentes nela.

A paisaxe vexetal dunha rexión está condicionada por unha serie de factores que favorecen os distintos tipos de vexetación. O clima é o principal condicionante, ademais do tipo de solos, material xeolóxico, relevo, etc. Non obstante, a vexetación de Galicia está hoxe en día modelada pola acción humana, por séculos de usos orientados a aproveitar a vexetación en interese da poboación humana.

A cobertura vexetal da zona de estudo e dos seu arredores sufriu unha marcada degradación especialmente de orixe antrópico que favoreceu que a paisaxe vexetal fose reducida e conformada por un disclimax no que predominan o piñeiro, as comunidades arbustivas e os aproveitamentos agrícolas.

2.2.1.1 Vexetación potencial

Desde o punto de vista corolóxico o eido de estudo encaixase dentro da Rexión Eurosiberiana subrexión Atlántico Medioeuropea, superprovincia Atlántica, provincia Cántabro – Atlántica, sector Galaico – Portugués, subsector Compostelano-Lucense, (Izco, 1987; Rivas et al., 1987).

O elemento característico é *Quercus robur*, especie arbórea dominante en practicamente todos os bosques planocaducifolios. Acompáñanlle outras especies arbóreas como *Betula celtiberica* (bidueiro) en zonas de alta humidade edáfica e *Alnus glutinosa* (ameneiro) especie característica das ribeiras dos ríos xunto con *Pinus pinaster*, *Pinus radiata* e *Castanea sativa* (castiñeiro).

Representa o tipo de vexetación que podería instalarse no territorio como resultado dos procesos sucesivos ao cabo dun período de tempo longo, sen perturbación das súas condicións por actividades humanas ou catástrofes ambientais. A serie de vexetación á que corresponde a zona de estudo segundo Rivas-Martínez (1987) é a Serie colina galaico-portuguesa acidófila do carballo ou *Quercus robur* (8c Rusco-Querceto roboris sigmetum). En xeral ó piso bioclimático colino pertencen os territorios costeiros, os vales e montañas desde o mar ata os 300-400 m de altitude. A temperatura media é superior a 10°C e o ombroclima é hiperhúmido (P>1.400mm).

Esta serie corresponde no seu óptimo estable a unha carballeira densa de carballos (*Quercus robur*), que pode levar asociados una certa cantidade de rebolos (*Quercus pyrenaica*), acivros (*Ilex aquifolium*), castiñeiros (*Castanea sativa*), loureiros (*Laurus nobilis*) e sobreiras (*Quercus suber*). A degradación moderada dos bosques desta serie permite a extensión das xesteiras oceánicas colinas e mesomediterráneas cuxa estrutura se corresponde cun piñal de gran talla rico en fentos, zarzas e toxos.

Existe un sotobosque arbustivo mais ou menos denso no que se soe atopar o rusco (*Ruscus aculeatus*), o érbedo (*Arbutus unedo*), o estripo (*Crataegus monogyna*) ou a abeleira (*Corylus avellana*) entre outros.

A degradación moderada dos bosques desta serie da paso a xesteiras densas (asociación *Ulici europaei-Cytisetum striati*).

A vocación dos territorios correspondentes a esta serie é agrícola, forestal e gandeira. Hai poucos restos da vexetación orixinal, quedan exemplares illados de carballos, pois correspondese cunha área bastante poboada e cun uso principalmente gandeiro. Tamén hai bastantes repoboacións de piñeiros e eucaliptos. As producións poden ser altas se se realiza unha silvicultura axeitada. Especies aptas para a repoboación son o

PROXECTO SECTORIAL DO PARQUE EMPRESARIAL DE CERCEDA (A CORUÑA)

piñeiro galego (*Pinus pinaster* sp. Atlántica), o pino insigne (*Pinus radiata*), o eucalipto (*Eucaliptus globulus*), o carballo (*Quercus robur*) ou o castiñeiro (*Castanea sativa*).

CADRO Nº 2 .- ETAPAS DE REGRESIÓN E BIOINDICADORES.SERIE 8c

Serie acidófila colina galaico-portuguesa do carballo (<i>Rusco aculeati-Querceto roboris sigmetum</i>)	
I Bosque	<i>Quercus robur</i> <i>Ruscus aculeatus</i> <i>Pyrus cordata</i> <i>Physospermum cornubiense</i>
II Mato denso	<i>Cytisus striatus</i> <i>Ulex europaeus</i> <i>Arbutus unedo</i> <i>Rubus lusitanicus</i>
III Mato degradado	<i>Daboecia cantábrica</i> <i>Ulex minor</i> <i>Erica cinérea</i> <i>Halimium alyssoides</i>
IV Pastos	<i>Agrostis capillaris</i> <i>Avenula sulcata</i> <i>Anthoxanthum odoratum</i>

2.2.1.2 Vexetación actual

A vexetación actual é resultado da evolución das poboacións vexetais e da influencia humana sobre esa vexetación que configura unha paisaxe altamente humanizada. A eliminación das formacións boscosas como consecuencia da acción antrópica foi xeneralizada. Os bosques foron transformados en pastos ou cultivos, ou deron paso a formacións menos complexas estruturalmente como uceiras e toxais. Ademais cobraron importancia as repoboacións con especies alóctonas que configuran na actualidade unha paisaxe forestal disclimax. Por iso, a paisaxe natural é un mosaico no que as formacións vexetais naturais e maduras aparecen en superficies reducidas e cun grado de alteración considerable.

Actualmente, os restos de bosque orixinal limítanse a escasos redutos menos propicios para a actividade humana, como poden ser os biotopos de montaña, ou se asocian as zonas húmidas e os cursos de auga. A paisaxe forestal esta dominada fundamentalmente por pinos e eucaliptos que adoitan formar masas mixtas mentres que os bosques de frondosas puras son unha minoría quedando relegados a manchas illadas.

A zona estudo presentase como unha veiga practicamente chaira, ocupada na súa maioría por cultivos e praderías. No plano de vexetación diferéncianse dúas unidades: Cultivos forraxeiros e especies madeireiras que ocupan case a totalidade do eido e cultivos forraxeiros en maioría e outros cultivos, unidade que se atopa nunha pequena extensión o noroeste do sector mais próxima o núcleo de Sobre da Fonte.

A vexetación herbácea presenta unha orientación fundamentalmente gandeira. Esta composta fundamentalmente por praderías artificiais que presentan un crecemento, sanidade e coidado adecuados.

A vexetación arbórea atopase cara o sur do sector mesturada con praderías e cultivos. Está formada na súa maioría por especies de piñeiro do país (*Pinus pinaster*) e por eucaliptos (*Eucaliptus globulus*) que non

PROXECTO SECTORIAL DO PARQUE EMPRESARIAL DE CERCEDA (A CORUÑA)

chegan a formar masas de importante extensión.

2.2.2 Fauna

A fauna polo xeral está moi condicionada pola situación xeográfica e as características ambientais que nela se dan, principalmente factores climáticos e usos do solo.

As especies recollidas neste apartado inclúen o emprazamento na súa área de distribución. Durante o traballo de campo realizado constatouse a existencia dalgunhas delas, non entanto, é probable a ausencia doutras, polo menos de maneira habitual debido a influencia humana, á destrución de hábitats, as alteracións do medio físico, etc.

A adaptación das especies aos medios agrícolas favorece a perda xeneralizada de grandes vertebrados e unha diminución das especies silvícolas en beneficio das pratenses e antropófilas de menor interese de conservación.

A maior parte da fauna existente ten un forte carácter antrópico, polo que as especies presentes atópanse moi adaptadas a medios agrícolas. A maioría destas especies están catalogadas como Non Ameazadas con todo, e a pesar da súa extensión, é preciso conservarlas en todos os ecosistemas.

A información para este estudo provén do Atlas de Vertebrados de Galicia elaborado pola Sociedade Galega de Historia Natural (1995), do traballo sobre a herpetofauna galega de Galán Regalado (1999) e do Inventario Nacional de Biodiversidade (INB) que integra os diferentes Atlas e Libros Vermellos publicados. Ademais, para a avifauna inclúe datos correspondentes aos programas de seguimento actualmente en curso. Cabe sinalar que a información cartográfica está dispoñible en cuadrículas UTM de 10x10.

Como especies destacadas dentro do grupo dos mamíferos está a lontra (*Lutra lutra*) e os morcegos do xénero *Rhinolophus*, que se consideran especies vulnerables e protexidas polo Convenio de Berna, pola directiva Hábitats e establecida como de interese especial polo Catálogo de Especies Ameazadas.

Entre a avifauna destaca o aguilucho cincento (*Circus pygargus*), o milano real (*Milvus milvus*) e a tórtola europea (*Streptopelia turtur*).

O hábitat é o lugar físico dun ecosistema que reúne as condicións naturais axeitadas para a supervivencia dunha especie á cal se atopa adaptada; e o nicho ecolóxico é o modo no un organismo se relaciona cos factores bióticos e abióticos do seu ambiente ou, por dicilo doutra maneira, a función que leva a cabo dentro do ecosistema, incluíndo as condicións físicas, químicas e biolóxicas (Tª, luz, humidade, depredación, competencia, etc.) que unha especie necesita para vivir e reproducirse nun ecosistema.

Podemos sinalar como biotopos destacados na zona do PEC os seguintes:

- Comunidades asociadas a piñeiros, eucaliptais e masas mixtas. Son formacións vexetais orixinadas por repoboación.
- Comunidades asociadas ó piorno ou matogueiras. Son formacións vexetais nas que o piorno é o elemento destacado.
- Comunidades asociadas ás terras de labor. Son espazos ocupados por pastos, hortas, prados, cultivos e baldíos, onde a vexetación é eminentemente herbácea e con pouca complexidade estrutural.

En todos os casos, estes biotopos caracterízanse pola escasa diversidade biolóxica. Ademais, a presenza de numerosas actividades antrópicas (explotacións de áridos, uso industrial na superficie do parque xa existente, etc.) e de zonas residenciais así como o gran número de infraestruturas que recorren a zona (estradas, pistas asfaltadas, camiños), fan que a fauna presente non sexa na actualidade moi significativa polo que se considera que a nova actividade non terá un efecto notable sobre a presenza e dispersión da fauna da zona.

A continuación resúmense os aspectos legislativos e do estado de conservación máis importantes das

PROXECTO SECTORIAL DO PARQUE EMPRESARIAL DE CERCEDA (A CORUÑA)

especies atopadas no ámbito de estudo. Os números romanos indican os diferentes anexos de cada normativa onde se inclúen as especies citadas. As abreviaturas da parte superior das táboas indican as seguintes normativas:

- **D. HAB:** Directiva de hábitats, transferida á lexislación española polo Real Decreto 1997/95. Anexo II: Especies animais e vexetais de interese comunitario para cuxa conservación é necesario designar zonas especiais de conservación. Anexo IV: Especies animais e vexetais de interese comunitario. Anexo V: especies animais e vexetais de interese comunitario cuxa recollida na natureza e cuxa explotación poden ser obxecto de medidas de xestión.
- **BER:** Convenio de Berna. Relativo á conservación da vida silvestre e do medio natural en Europa. Anexo II: especies de fauna estritamente protexida. Anexo III: especies de fauna protexida.
- **ESP:** Status en España segundo criterios clásicos de UICN. NE: non avaliado, DD: datos insuficientes, EX: extinguida, CR: en perigo crítico, EN: en perigo, VU/V: vulnerable, NT: case ameazada, LC: preocupación menor, R: rara, I: indeterminada. Catálogo Nacional de Especies Ameazadas: E: en perigo de extinción, Vu: vulnerables, IE: de interese especial (aquelas non incluídas nas categorías anteriores).

CADRO Nº 3 MAMÍFEROS CUXA ÁREA DE DISTRIBUCIÓN INCLÚE A ÁREA DE ESTUDO

Nome científico	Nome común	D.Hab.	Berna	Esp.
<i>Apodemus sylvaticus</i>	Rato de campo			
<i>Arvicola sapidus</i>	Rata de auga común			
<i>Canis lupus</i>	Lobo	V	II	NT
<i>Crocidura russula</i>	Musaraña común		II	
<i>Crocidura suaveolens</i>	Musaraña de campo		II	
<i>Eliomys quercinus</i>	Lirón careto		III	
<i>Eptesicus serotinus</i>	Morcego da horta	IV	II	IE
<i>Erinaceus europaeus</i>	Ourizo		III	
<i>Felis sylvestris</i>	Gato montés	IV	II	IE
<i>Genetta genetta</i>	Xineta	V	III	
<i>Lepus granatensis</i>	Lebre ibérica			
<i>Lutra lutra</i>	Lontra	II,IV	II	LC
<i>Meles meles</i>	Tejón europeo		III	
<i>Microtus agrestis</i>	Topiño agreste			
<i>Microtus lusitanicus</i>	Topiño lusitánico			
<i>Mus domesticus</i>	Rató caseiro			LC
<i>Mustela erminea</i>	Armiño		III	IE
<i>Mustela nivalis</i>	Comadreja		III	
<i>Mustela vison</i>	Visón americano			
<i>Myotis myotis</i>	Morcego ratoneiro grande	II,IV	II	VU
<i>Neomys anomalus</i>	Musgaño de Cabrera	III		LC
<i>Oryctolagus cuniculus</i>	Coello			VU
<i>Pipistrellus pipistrellus</i>	Morcego común	IV	III	IE

PROXECTO SECTORIAL DO PARQUE EMPRESARIAL DE CERCEDA (A CORUÑA)

<i>Rattus norvegicus</i>	Rata de alcantarilla			LC
<i>Rattus rattus</i>	Rata negra			
<i>Rhinolophus ferrumequinum</i>	Morcego grande	II,IV	II	VU
<i>Rhinolophus hipposideros</i>	Morcego pequeno	II,IV	II	IE
<i>Sciurus vulgaris</i>	Ardilla		III	
<i>Sorex coronatus</i>	Musaraña tricolor		III	
<i>Sorex granarius</i>	Musaraña ibérica		III	
<i>Sorex minutus</i>	Musaraña pequena		III	
<i>Sus scrofa</i>	Xabarin		III	LC
<i>Talpa occidentalis</i>	Topo ibérico			
<i>Vulpes vulpes</i>	Raposo			

CADRO Nº 4 AVESCUXA ÁREA DE DISTRIBUCIÓN INCLÚE A ÁREA DE ESTUDO

Nome científico	Nome común	D.Aves	Berna	Esp.
<i>Accipiter gentilis</i>	Azor común		III	IE
<i>Accipiter nisus</i>	Gavilán común		II	IE
<i>Aegithalos caudatus</i>	Ferreiriño subeliño		III	IE
<i>Alauda arvensis</i>	Alberca		III	
<i>Alectoris rufa</i>	Perdiz	II1, III1	III	
<i>Anas platyfhynchos</i>	Ánade real	II1, III1	III	
<i>Anthus pratensis</i>	Bisbita común		II	IE
<i>Anthus trivialis</i>	Bisbita de los árboles		II	IE
<i>Apus apus</i>	Vencello común		III	IE
<i>Buteo buteo</i>	Miñato común		II	IE
<i>Caprimulgus europaeus</i>	Chotacabras gris	I	II	IE
<i>Carduelis cannabina</i>	Liñaceiro común		II	DD
<i>Carduelis carduelis</i>	Xilgaro		II	
<i>Carduelis chloris</i>	Verderolo común		II	
<i>Carduelis spinus</i>	Fringílido migrador		II	
<i>Certhia brachydactyla</i>	Agateador común		II	IE
<i>Chlidonias hybridus</i>	Fumarel caribranco	I	II	IE
<i>Ciconia ciconia</i>	Cegoña	I	II	
<i>Circus pygargus</i>	Aguilucho cincento	I	II	VU
<i>Cisticola juncidis</i>	Buitrón		II	IE
<i>Columba livia</i>	Pomba bravía	II1	III	
<i>Columba palumbus</i>	Pomba torcaz	II1, III1		
<i>Corvus corax</i>	Corvo carnazal		III	

PROXECTO SECTORIAL DO PARQUE EMPRESARIAL DE CERCEDA (A CORUÑA)

<i>Corvus corone</i>	Corvo	II2		
<i>Coturnix coturnix</i>	Parpallás	II2	III	DD
<i>Cuculus canorus</i>	Cuco común		III	IE
<i>Delichon urbica</i>	Andoriña do cu branco		III	IE
<i>Dendrocopos major</i>	Peto real		III	IE
<i>Emberiza cia</i>	Escribenta riscada		III	IE
<i>Emberiza cirius</i>	Escribenta liñaceira		III	IE
<i>Emberiza citrinella</i>	Escribenta cinceira		II	IE
<i>Erithacus rubecula</i>	Paporrubio común		II	IE
<i>Falco peregrinus</i>	Tecelán pelegrín	I	II	IE
<i>Falco subbuteo</i>	Tecelán pequeno		II	IE
<i>Falco tinnunculus</i>	Tecelán lagarteiro		II	IE
<i>Fratercula artica</i>	Fraileciño común		III	IE
<i>Fringilla coelebs</i>	Pimpín común		III	DD
<i>Fringilla montifringilla</i>	Pinzón real		III	IE
<i>Gallinago gallinago</i>	Agachadiza común	II1, III2	III	
<i>Garrulus glandarius</i>	Pega marza			
<i>Hippolais polyglotta</i>	Lirio amarelo		II	IE
<i>Hirundo rustica</i>	Golondrina común		II	IE
<i>Larus canus</i>	Gaivota cana		III	IE
<i>Lymnocyptes minimus</i>	Agachadiza chica	II1, III2	III	
<i>Miliaria calandra</i>	Trigueiro		III	
<i>Milvus migrans</i>	Milano negro	I	II	IE
<i>Milvus milvus</i>	Milano real	I	II	VU
<i>Motacilla alba</i>	Lavandeira branca		II	IE
<i>Motacilla cinerea</i>	Lavandeira real		II	IE
<i>Motacilla flava</i>	Lavandeira boyera		II	IE
<i>Numenius arquata</i>	Zarapito real		III	IE
<i>Oriolus oriolus</i>	Oropéndola		II	IE
<i>Parus ater</i>	Ferreiriño común		II	IE
<i>Parus caeruleus</i>	Ferreiriño bacachís		II	IE
<i>Parus cristatus</i>	Ferreiriño cristado		II	IE
<i>Parus major</i>	Ferreiriño abeleiro		II	IE
<i>Passer domesticus</i>	Pardal común			
<i>Phalacrocorax carbo</i>	Cormorán grande		III	
<i>Phoenicurus ochruros</i>	Colirrojo tizón		II	IE
<i>Phylloscopus collybita</i>	Picafollas común		II	IE

PROXECTO SECTORIAL DO PARQUE EMPRESARIAL DE CERCEDA (A CORUÑA)

<i>Phylloscopus ibericus</i>	Picafollas ibérico		II	IE
<i>Pica pica</i>	Pega rabilonga	II2		
<i>Picus viridis</i>	Peto verdeal		II	IE
<i>Prunella modularis</i>	Azulenta común		II	IE
<i>Pyrrhula pyrrhula</i>	Camachuelo común		III	IE
<i>Regulus ignicapilla</i>	Esterlina riscada		II	IE
<i>Saxicola torquata</i>	Chasco común		II	IE
<i>Scolopax rusticola</i>	Choca perdiz	II1, III2	III	
<i>Serinus serinus</i>	Xirín		II	
<i>Sterna albifrons</i>	Charrancito común	I	II	IE
<i>Sterna caspia</i>	Pagaza piquirroja	I	II	IE
<i>Sterna paradisaea</i>	Charrán ártico	I	II	IE
<i>Streptopelia turtur</i>	Tórola europea	II2	III	VU
<i>Strix aluco</i>	Cárabo común		II	IE
<i>Sturnus unicolor</i>	Estorníño negro		II	
<i>Sturnus vulgaris</i>	Estorníño común	II2		
<i>Sylvia atricapilla</i>	Papuxa das moras		II	IE
<i>Sylvia undata</i>	Papuxa montesa		II	IE
<i>Tringa ochropus</i>	Andarriños grande		II	IE
<i>Turdus merula</i>	Merlo común		III	DD
<i>Turdus pilaris</i>	Zorzal real	II2	III	
<i>Turdus philomelos</i>	Zorzal común	II2	III	
<i>Tyto alba</i>	Curuxa común		II	IE
<i>Upupa epos</i>	Bubela		II	IE
<i>Vanellus vanellus</i>	Avefría europea	II2	III	

CADRO Nº 5 ANFIBIOS CUXA ÁREA DE DISTRIBUCIÓN INCLÚE A ÁREA DE ESTUDO

Nome científico	Nome común	D.Hab.	Berna	Esp.
<i>Alytes obstetricans</i>	Sapo parteiro común	IV	II	IE
<i>Bufo bufo</i>	Sapo común		III	
<i>Chiglossa lusitanica</i>	Salamandra rabilonga	II,IV	II	IE
<i>Bufo calamita</i>	Sapo corredor	IV	II	IE
<i>Discoglossus galganoi</i>	Rá de veiga	II, IV	II	IE
<i>Hyla arborea</i>	Rá de San Antonio	IV	II	IE
<i>Lisotriton boscai</i>	Tritón ibérico		III	IE
<i>Lisotriton helveticus</i>	Tritón palmeado		III	IE
<i>Rana iberica</i>	Rá patilonga	IV	II	IE

PROXECTO SECTORIAL DO PARQUE EMPRESARIAL DE CERCEDA (A CORUÑA)

<i>Rana temporaria</i>	Rá bermeja	V	III	IE
<i>Salamandra salamandra</i>	Salamandra común		III	
<i>Triturus marmoratus</i>	Tritón jaspeado	IV	III	IE

CADRO Nº 6 REPTÍS CUXA ÁREA DE DISTRIBUCIÓN INCLÚE A ÁREA DE ESTUDO

Nome científico	Nome común	D.Hab.	Berna	Esp.
<i>Anguis fragilis</i>	Lución		III	IE
<i>Chalcides striatus</i>	Esgonzo común		III	IE
<i>Coronella austriaca</i>	Cobra lisa europea	V	II	IE
<i>Lacerta lepida</i>	Lagarto ocelado		III	
<i>Lacerta schreiberi</i>	Lagarto das silvas	II, IV	II	IE
<i>Natrix natrix</i>	Cobra de colar		III	IE
<i>Podarcis bocagei</i>	Lagartixa de Bocage		III	
<i>Timon lepidus</i>	Lagarto ocelado			
<i>Vipera seoanei</i>	Víbora de Seoane		III	

2.2.3 Espazos naturais

A Directiva 92/43/CEE, relativa á conservación dos hábitats naturais e da fauna e flora silvestres, coñecida como “Directiva de Hábitats”, adaptada ao noso ordenamento xurídico polo Real Decreto 1997/1995 do 7 de decembro, determina a necesidade de establecer lugares de interese comunitario (LIC) e zonas de especial protección para as aves (ZEPA) propostos polos estados membros, que se integrarán na futura rede europea de espazos protexidos (Rede Natura 2000) como zonas de especial conservación (ZEC).

Do mesmo xeito, Galicia co obxectivo principal de preservar a biodiversidade da flora e fauna silvestres así como de establecer un réxime de protección dos recursos naturais axeitado ao noso territorio desenvolve a lei 9/2001, do 21 de agosto, de conservación da natureza como un instrumento xurídico que estableza un marco de protección referido ao territorio galego, permita o desenvolvemento dos criterios orientadores para a defensa global da natureza e dos recursos e posibilite a conservación e xestión específica dos espazos naturais que o necesiten particularmente.

A rede galega de espazos naturais protexidos representa máis do 12% da superficie total galega. Nela recóllense aqueles espazos naturais da comunidade autónoma que dispoñen dun réxime especial de protección en virtude das diferentes normativas autonómicas, estatais ou comunitarias así como convenios internacionais. Estes espazos naturais inclúen os ecosistemas máis representativos e significativos do territorio galego: costas e rías, lagoas, ecosistemas fluviais, serras do interior, fragas e devesas, etc. ao abeiro da Lei 9/2001, de Conservación da Natureza.

A rede galega de espazos naturais protexidos está conformada por reservas naturais, parques naturais, parques nacionais, monumentos naturais, humidais protexidos, paisaxes protexidas e zonas de especial protección polos seus valores naturais. No eido de estudo e no seu contorno non existen áreas ou elementos protexidos polos seus valores ecolóxicos ou paisaxísticos. Os espazos naturais protexidos mais próximos o Parque Empresarial de Cerceda atópanse a mais de 8 Km polo que non se prevén afeccións os mesmos.

2.2.4 Hábitats de especial interese

Os hábitats naturais defínense como zonas terrestres ou acuáticas, naturais ou seminaturais, diferenciadas

PROXECTO SECTORIAL DO PARQUE EMPRESARIAL DE CERCEDA (A CORUÑA)

polas súas características xeográficas, abióticas ou bióticas, e polas especies silvestres de fauna e flora de interese comunitario que albergan.

A Directiva Hábitat (92/43/CEE) diferencia os hábitats naturais de interese comunitario como os que se atopan ameazados na súa área de distribución natural ou presentan unha distribución natural reducida representativos da súa rexión bioxeográfica, dos hábitats de interese prioritario, aqueles ameazados de desaparición cuxa conservación supón unha especial responsabilidade para a UE.

Tanto no eido de estudo como no seu contorno mais inmediato non existen hábitats de interese natural ou seminatural merecedores de protección para a súa conservación.

2.2.5 Áreas de importancia para as aves (IBAs)

O Programa de Conservación das Áreas Importantes para as Aves BIRSLIFE é unha contribución o establecemento de estratexias de conservación que emprega a presenza de aves como indicador de unha maior riqueza natural. Este programa realizou un inventario en España das áreas de maior valor pola presenza de aves. As Áreas Importantes para as Aves (IBA) son polo tanto consideradas como un espazo natural cun elevado valor ambiental. En Galicia existen 11 IBAs ocupando unha superficie aproximada de 91.444 has. A zona de estudio non se atopa entre elas e a distancia comprendida entre o Parque Empresarial e a mais próxima (mais de 35 Km) garante a non afección os seus valores ecolóxicos.

2.2.6 Plan hidrolóxico de bacía.

Nin eido de estudo nin o seu contorno se atopan entre as áreas de especial protección que establece o Plan Hidrolóxico Galicia-Costa.

2.2.7 Humedais de Interese

A gran riqueza e diversidade dos compoñentes bióticos e abióticos dos humedais fan que se atopen entre os ecosistemas máis complexos e produtivos do planeta. Posúen unha gran variedade de hábitats de transición entre os ambientes terrestre e acuático, e xogan, polo tanto, un importante papel na conservación da biodiversidade e o desenvolvemento económico. Ao amparo da lei 9/2001 de conservación da natureza, a Xunta de Galicia elaborou o Inventario de Humedais de Galicia que recolle os humedais de maior importancia da rexión. A zona do Parque Empresarial de Cerceda non inclúe estes ecosistemas húmidos situándose o humidal de interese mais próximo (o encoro de Pumariños) a 2 Km de distancia en dirección nordeste.

2.2.8 Unidades ambientais

A análise dos compoñentes da biodiversidade do territorio require o establecemento e valoración dunha serie de Unidades Ambientais que permitan a integración de toda a información recadada.

O obxectivo do presente apartado de delimitación das unidades ambientais, é basicamente a integración de información sectorial recollida e a súa tradución en unidades homoxéneas, entendendo como tal, a área con certa homoxeneidade interna de caracteres bióticos e físicos en que se divide o territorio municipal.

A finalidade da definición e delimitación de unidades homoxéneas radica en poder realizar unha caracterización da área en función da capacidade de acollida para os distintos aproveitamentos do solo e, en definitiva, identificar os impactos asociados a este.

As distintas unidades ambientais (en adiante U.A) identificadas relaciónanse nos seguintes apartados e no plano Nº 03 do presente informe:

a) U.A.-1 CULTIVOS

Esta unidade esta composta por zonas do eido onde se desenvolven cultivos na súa maioría forraxeiros.

PROXECTO SECTORIAL DO PARQUE EMPRESARIAL DE CERCEDA (A CORUÑA)

b) U.A.-2 SUPERFICIE FORESTAL

Comprende a superficie destinada a cultivos forestais. Está formada na súa maioría por especies madeireiras froito de plantacións e mato que actualmente constitúe a vexetación natural das áreas carentes de arborado.

c) U.A.-3 REDE HÍDRICA

Esta unidade abarca a rede hídrica que discorre polo eido en desenvolvemento e as súas ribeiras. Esta unidade destaca polo seu valor ecolóxico e paisaxístico.

Os resultados obtidos tras a valoración das unidades ambientais exprésanse en función da valoración ecolóxica e a cultural. A seguinte táboa expresa a valoración ecolóxica realizada en base a rareza da unidade, a súa función biótica (faunística e botánica) e a súa función protectora, e representa tamén a valoración cultural tendo en conta o valor tradicional, a súa función didáctica e a súa función recreativa. En ambos casos a valoración relativa das unidades expresase mediante unha escala que representa os valores correspondentes de cada función para un grado moi baixo (1), baixo (2), medio (3), alto (4) e moi alto (5).

CADRO Nº 7 .- VALORACIÓN ECOLÓXICA E CULTURAL DAS UNIDADES AMBIENTAIS

VALOR ECOLÓXICO				VALOR CULTURAL		
U.A	Rareza	F.Biótica	F.Protectora	V.Tradicional	F.Didáctica	F.Recreativa
U.A.-1	1	2	1	2	1	1
U.A.-2	1	3	3	1	2	1
U.A.-3	2	5	4	4	4	3

CADRO Nº 8 .- VALORACIÓN GLOBAL DAS UNIDADES AMBIENTAIS

Unidades Ambientais	Valor ecolóxico	Valor cultural
U.A.-1	Baixo	Baixo
U.A.-2	Medio	Baixo
U.A.-3	Alto	Alto

Entendese por valor ambiental os méritos que ten unha unidade ambiental para non ser alterada na súa situación actual e se identifica a U.A.-3 correspondente a rede hídrica como a unidades ambiental de maior valor, e en consecuencia como a mais susceptibles á modificacións que podan degradar os seus valores, e polo tanto as mais susceptibles de protección.

2.3 PATRIMONIO CULTURAL

O municipio de Cerceda conta cunha serie de áreas de interese arqueolóxico, arquitectónico ou etnográfico cuxos valores obrigan a proporcionarlles un tratamento acorde coas súas características e a natureza dos seus valores que garanta a súa protección integral e a súa posta en valor.

O traballo previo de información e identificación do patrimonio cultural e a investigación da relación dos valores culturais co territorio revela que na zona de estudo non existen elementos de valor arquitectónico ou

PROXECTO SECTORIAL DO PARQUE EMPRESARIAL DE CERCEDA (A CORUÑA)

etnográfico catalogados ou merecedores de protección polo seu valor patrimonial. Tampouco existen indicios da existencia de xacementos arqueolóxicos.

2.4 MEDIO SOCIOECONÓMICO

2.4.1 Análise demográfica

O municipio de Cerceda pertence a comarca de Ordes, situada o noroeste de Galicia e nunha posición central respecto a provincia da Coruña. O eixe atlántico de comunicacións (estrada, autoestrada e ferrocarril), que enlaza as áreas económicas mais activas de Galicia, atravesa a comarca de norte a sur.

A comarca esta formada por sete termos municipais, conta cunha superficie global de 755,58 Km² e cunha poboación de 38.608 habitantes no ano 2008 polo que alcanza unha densidade poboacional global de 51 habitantes/Km². Cerceda, con 5.597 habitantes en 111,27 Km² de superficie municipal alcanza unha densidade de 50 habitantes/Km² ocupando a terceira posición dentro da comarca en canto a densidade de poboación. Os Concellos máis densamente poboados son os concellos de Oroso e Ordes con densidades de 90 e 79 habitantes/Km².

En todo caso a densidade resulta ser inferior á de a provincia (143 habitantes/Km²) e en menor medida inferior á da Comunidade Galega (94 habitantes/Km²).

En relación coas comarcas limítrofes coa comarca de Ordes, en canto á densidade de poboación as máis densamente poboadas son as comarcas de A Coruña e Santiago con densidades de 829 e 231 habitantes/Km². A Comarca de Ordes ocupa en relación coas cinco comarcas limítrofes a quinta posición por detrás das comarcas de Bergantiños con 95 habitantes/Km² e a de Betanzos con 58 habitantes/Km².

En relación cós números de vivendas son as comarcas de A Coruña con 179.836 e a de Santiago con 69.371 as que ocupa os primeiros lugares, seguidas das comarcas de Bergantiños e Betanzos con 32.869 e 20.731 vivendas. A comarca de Ordes ocupa o quinto lugar con 15.055 vivendas. Dentro dela, os Concellos de Ordes con 4.941 e o de Oroso con 2.688 son os que ocupan os primeiros lugares, seguidos de cerca polo Concello de Cerceda cun parque de vivendas de 2.502 unidades.


O municipio de Cerceda conta con 176 entidades singulares e 36 núcleos de poboación distribuídos en 6 parroquias: Cerceda (San Martiño), As Encrobas (San Roman), Meirama (Santo André), Queixas (Santa María), Rodís (San Martiño) e Xesteda (Santa Comba). A de Cerceda, onde se atopa o futuro Parque Empresarial, concentra a maior parte da poboación xa que nos seus 21,48 Km², existen 11 núcleos de poboación e 2.004 hab.(case o 36% da poboación total municipal). En realidade todo o municipio se caracteriza polo grande número de células de poboamento, que xeran unha densidade media de 1,6 entidades por Km² de superficie (superior á media galega 1,1 entidades por Km²).

Malia as consecuencias dun forte fenómeno emigratorio, a evolución demográfica de Cerceda ao longo do século XX e no que vai do XXI arroxa un saldo positivo que se explica en boa medida pola puxanza industrial das tres últimas décadas. Segundo os últimos datos oficiais (IGE 2008) Cerceda conta neste momento con 5.597 habitantes, o que supón un incremento do 16,5% respecto aos 4.803 que rexistraba en 1900.

Pode comprobarse no seguinte gráfico a evolución da poboación no Concello en relación coa comarca, provincia e comunidade autónoma. O comportamento que experimentan o Concello de Cerceda e a súa comarca é cíclico e practicamente idéntico. Dende o ano 1996, a poboación tanto de Cerceda como da súa comarca experimentan un estancamento acompañado dun leve crecemento dende o ano 2006.

PROXECTO SECTORIAL DO PARQUE EMPRESARIAL DE CERCEDA (A CORUÑA)

GRAFICO Nº4 Evolución demográfica no Concello de Cerceda, na Comarca de Ordes, na Provincia de A Coruña e na Comunidade Autónoma.



2.4.2 Análise da estrutura económica

Antes de analizar os tres sectores produtivos básicos do Concello de Cerceda é conveniente subliñar o perfil da actividade económica na comarca. A evolución no proceso estrutural da economía caracterizouse por un progresivo desprazamento da agricultura, que propiciou un desenvolvemento importante dos sectores secundario e terciarios debido nunha grande parte á reindustrialización vinculada aos polígonos industriais.


A aplicación de políticas orientadas a potenciar o tecido industrial e crear emprego está sendo chave para neutralizar as consecuencias do esgotamento das reservas do xacemento de lignito de Meirama a finais de 2007 e mais o consecuente peche da central térmica que, nos anos 80, marcara a transformación industrial dun municipio cuxa base económica se sustentara ata aquel momento nas actividades agropecuarias.

Como cabeceiras da comarca os Concellos de Ordes e de Cerceda encabezan esta transformación da actividade económica, diversificación industrial e a implantación de novas empresas en Cerceda que se remonta xa a comezos dos anos 90, coa creación de Sogama (Sociedade Galega de Medio Ambiente) e co xurdimento de proxectos empresariais vinculados aos sectores produtivo e de servizos. Este desenvolvemento industrial acelerouse aínda máis a finais dos 90, cando se instaláron as primeiras empresas no polígono industrial do Acevedo.

En canto aos niveis de paro e a súa distribución sectorial a taxa de paro global para a zona sitúase no 17,66% da poboación, inferior en catro puntos á da provincia de A Coruña, co 21,01% e a Galicia (21,30%). En canto á poboación desempregada o índice discorre seguindo a liña marcada polo entorno comarcal, provincial e autonómico. Pódese comprobar que se está a producir un incremento nas taxas de paro que se teñen disparado dende o ano 2008. Cabe indicar o feito de que para o Concello de Cerceda este repunte tan marcado das taxas de paro vense atenuadas con respecto á tendencia marcada no seu entorno.

PROXECTO SECTORIAL DO PARQUE EMPRESARIAL DE CERCEDA (A CORUÑA)

GRAFICO Nº5 Evolución do desemprego con concello de Cerceda en relación co seu contorno



O espazo socioeconómico conformado polo Concello de Cerceda pode describirse segundo os seguintes parámetros básicos.

- Entre 1970 e 1991 a contracción demográfica continuou a un ritmo dun -0,48% interanual pero fíxoo de forma mais moderada grazas a transformación do municipio de Ordes como centro industrial. Dende 1991 iniciouse unha etapa de leve recuperación cun crecemento dun 0,3% interanual.
- Descentralización residencial da cidade de A Coruña.
- Traslado dos centros de traballo.
- Carestía do solo urbano en primeira liña de coroa metropolitana.
- Implantación de equipamentos, servizos e infraestruturas.
- A reindustrialización vinculada ao polígono industrial de Acevedo o que propiciou un desenvolvemento importante dos sectores secundario e terciario.

Por outra parte, a proximidade do municipio coa área metropolitana de A Coruña foi un condicionante decisivo en expansión do sector servizos, especialmente das actividades de tipo industrial. Cómpre destacar que debido a investimentos instalación do Aquapark en Cerceda e a outros proxectos que xa comezaron a tomar forma (Lago de Meirama), Cerceda perfílase tamén como un concello de enorme potencial no sector servizos.

A situación descrita, constitúe unha clara oportunidade de mercado para o novo establecemento de solo industrial no Concello de Cerceda, como se pon de manifesto nos seguintes feitos:

- Os polígonos de actividades da zona caracterízanse por unha elevada ocupación, así, os máis antigos como A Grela, Sabón, Bergondo, Alvedro e Pocomaco atópanse practicamente ocupados na súa totalidade.
- A situación rebela a existencia dunha demanda á alza de solo industrial, incapaz de ser atendida polos parques existentes, totalmente ocupados. Por iso resulta patente a carencia de solo industrial que, a medio prazo e longo prazo, estea dispoñible para a localización de novas empresas ou a ampliación das existentes. Se ben é certo que na actualidade existe un importante número de empresas que non están asentadas en parques empresariais, calquera actuación futura pasa pola súa localización e agrupación neste tipo de infraestruturas, de forma que se optimice a dotación de servizos demandados polo sector.

Esta situación, móstranos unha industria en expansión que non pode asentarse nos parques existentes, por

PROXECTO SECTORIAL DO PARQUE EMPRESARIAL DE CERCEDA (A CORUÑA)

dúas razóns:

- Os parques existentes están xa ocupados case na súa totalidade.
- Non existen neles parcelas axustadas ás dimensións e tipoloxías demandadas por moitas das industrias de construción actuais. O futuro parque deberá dispoñer de parcelas de entre 10.000 m² e 10 Ha. Agora ben, para absorber a demanda de solo industrial na zona próxima da área metropolitana de A Coruña, é necesario conxugar a dispoñibilidade de solos coa existencia dunha conexión axeitada coas principais vías de comunicación.

Dende este punto de vista, o PEC situado nas proximidades da primeira liña de coroa metropolitana, poderá absorber as demandas de solo industrial de toda a zona, garantindo, a través da estrada AC-523 e a A-6, unha accesibilidade cómoda e rápida respecto ao resto da Rexión e o Estado. Esta demanda a curto e medio prazo xustifica e fai viable a implantación dun parque empresarial na zona de estudo, que non só atenda a demanda potencial actual, senón que á súa vez, sente as bases dunha futura ordenación máis racional do tecido empresarial.

Por outra banda, outros estudos levados a cabo dentro de Galicia, referentes ás necesidades de solo industrial e os condicionantes da súa oferta e demanda, apuntan na dirección de que a demanda de solo se revitaliza naqueles períodos de tempo nos que o mercado pon a disposición dos compradores, superficies significativas de solo industrial, o que parece indicar que a falta de solo frea a implantación de novas industrias.

En concreto detéctase que a maior actividade da demanda coincide coas épocas de aparición de nova oferta de solo con características físicas e económicas atractivas para os empresarios, de tal xeito que a case totalidade do solo ofertado é adquirido rapidamente.

As estimacións da demanda nos devanditos estudos realizáronse tendo en conta basicamente a súa evolución histórica nos últimos anos referida aos Parques actualmente en funcionamento, as solicitudes de solo presentadas ante os organismos promotores dos que están en execución e tramitación e, finalmente, baseándose na tipoloxía das superficies e parcelas demandadas.

As empresas situadas no parque empresarial de Acevedo constitúen o montante principal da actividade industrial do municipio e constitúe un factor de peso moi importante no conxunto da comarca.

En resumo, o sector industrial no municipio mobiliza unha parte importante do emprego, cunha participación das máis altas da comarca.


2.5 USOS DO SOLO

Polo xeral nas proximidades do PSPEC desenvólvense usos relacionados na súa maioría co sector agrícola e gandeiro, seguido do sector forestal. De modo puntual, pero nas proximidades do ámbito do PSPEC, no seu vento norte, estanse a desenvolver usos residencias nos núcleos de Vila da Igrexa e Gandarouta e industriais ao suroeste do ámbito.

Na totalidade do ámbito delimitado do PSPEC desenvólvense usos relacionados co sector primario, fundamentalmente agrícolas e forestais. Así unha parte importante do ámbito do Parque PSPEC, o 78 % da superficie do solo, está ocupada por superficies de terreo de labradío, os seguintes usos predominantes son o monte baixo ocupan o 19 % e o monte alto que supón o 3% da superficie do ámbito.

PROXECTO SECTORIAL DO PARQUE EMPRESARIAL DE CERCEDA (A CORUÑA)

GRAFICO Nº6 Distribución dos usos no eido do PSPEC



As masas forestais son escasas. A área mais arborada sitúase cara o norte na confluencia dos cursos fluviais do Río Barcés e do seu afluente.

Non existen edificacións no interior do ámbito do PSPEC, nin galpóns asociados aos usos agrícolas propio da zona.

O ámbito está dividido en 93 parcelas de carácter privado e 7 parcelas de carácter público. O 37% das parcelas teñen unha superficie menor aos 2.000 m². Entre 2.000 e 5.000 se sitúa o 39%, entre 5.000 e 10.000 o 11%, e no restante englobanse as parcelas maiores de 10.000 m² de superficie.

2.6 MEDIO PERCEPTUAL

A paisaxe, pola súa singular natureza, é sen dúbida un dos aspectos do medio que maiores problemas presenta a hora da súa análise e valoración. A Convención Europea da paisaxe a define como “calquera parte do territorio tal e como é percibida pola poboación, cuxo carácter resulta da acción de factores naturais e/ou humanas e das súas interrelacións”.

A paisaxe ten unha vertente humana, cultural, de usos do solo e os seus recursos e outra vertente natural ou física na que se contempla o modelo xeográfico, a vexetación, etc. Polo tanto, é necesario englobar estes dous aspectos en unidades paisaxísticas. Esta necesidade faise evidente nun lugar como o que nos ocupa, xa que a paisaxe galega, secularmente humanizada, non pode entenderse sen a intervención humana do medio. Así, a paisaxe contén materializadas distintas solucións que, durante xeracións, fóronse dando a ocupación e uso do territorio. Deste xeito a paisaxe tamén permite rastrear e interpretar as pegadas dos diferentes períodos históricos.

En grandes liñas, as unidades paisaxísticas en Galicia están representadas polo espazo litoral e sublitoral, dominados pola acción do mar, e polo conxunto de montañas, chairas e vales fluviais propios das zonas de interior como a que nos ocupa.

É necesario ter en conta tamén que a percepción da paisaxe leva implícita a apreciación positiva do contorno. De xeito que todo o que non é atractivo non é considerado como paisaxe polo observador, é dicir, existe un alto grao de subxectividade na apreciación da paisaxe.

2.6.1 Compoñentes da paisaxe

Os compoñentes da paisaxe son os aspectos do territorio diferenciáveis a primeira vista. Agrúpanse en tres grandes bloques; Físicos, relevo fundamentalmente, Bióticos como vexetación e fauna e Accións humanas. A estes habería que engadir as condicións atmosféricas e estado do ceo que nalgúns casos poden condicionar notablemente a percepción dos demais compoñentes da paisaxe.

Tradicionalmente as actividades agrícolas e gandeiras (cultivos, repoboacións, pradarías e pasteiros, etc.) adóitanse analizar baixo os apartado aspectos socioeconómicos como accións humanas. Con todo, considérase máis adecuado e gráfico incluílas na compoñente vexetación debido sobre todo ao grao de

PROXECTO SECTORIAL DO PARQUE EMPRESARIAL DE CERCEDA (A CORUÑA)

imbricación que mostran e que dificulta unha análise individualizada e resta visión de conxunto.

O contorno da zona de estudo comprende áreas edificadas dispersas e de pouca intensidade onde predominan as vivendas unifamiliares e nas que se mesturan campos de cultivo e superficies arboradas e por outra parte zonas altamente urbanizadas (Parque Empresarial de Acevedo, Central de Meirama, Acuapark,...).

2.6.1.1 Compoñentes físicos

Entre os compoñentes físicos o relevo ten unha considerable influencia sobre a apreciación da paisaxe. A zona de estudo presentase como unha zona de veiga practicamente chaira sendo as elevacións circundantes de escasa importancia.

Dentro do ámbito existen dous cursos de auga cubertos de vexetación herbácea e arbórea que diminúe considerablemente a súa visibilidade.

2.6.1.2 Compoñentes bióticos

Entre os compoñentes bióticos destaca a cuberta por cultivos e praderías mesturadas con exemplares arbóreos alóctonos (piñeiro e eucalipto).

A compoñente vexetación cobre practicamente toda a superficie de estudo en maior ou menor grao e é unha das compoñentes que maior peso se lle atribúe na calidade da paisaxe, pola súa variedade, cantidade e calidade. As formacións vexetais existentes na zona de estudo e por cuxas características visuais se poden diferenciar a primeira vista son: cultivos e praderías e especies madeireiras.

Na zona de estudo basicamente existe unha matriz composta por repoboación a base de *Eucalyptus globulus* e *Pinus sp.*, homoxénea en canto a cor, textura e formas internas que veñen determinadas polas características propias de cada formación. Nesta matriz se superpoñen manchas de vexetación arbórea de tamaño variado e abundantes corredores de forma lineal como camiños.

Os cultivos e praderías concéntranse nas proximidades do núcleo de Sobre da Fonte, o noroeste do eido. Preséntanse agrupadas en parcelas poligonais (dominando a forma rectangular) e dun tamaño relativamente pequeno, característica do minifundio de Galicia. Cara o sur do eido de estudo as parcelas mestúranse con vexetación arbórea formando un mosaico que en conxunto posúe unha textura cun tamaño de gran moi grosso e que destaca na paisaxe pola riqueza de liñas (direccións e tamaño dos lindes) e o seu gran contraste interno que vén dado pola gran variedade de texturas e cores, de tons dun mesmo cor e luminosidade que achega cada un dos cultivos que integran o mosaico. A isto hai que engadir a compoñente estacional propia dunha vexetación de ciclo curto, aínda no caso dos prados permanentes.

A compoñente faunística está constituída fundamentalmente pola avifauna que se pode observar nos tendidos eléctricos ou planeando sobre as zonas do campo.

2.6.1.3 Actividades humanas


Os asentamentos de poboación sitúanse fora do límite do sector. O núcleo máis próximo é o de Sobre da Fonte situado no límite noroeste do Parque Empresarial, cara o sueste atópanse os de Vilar e Rego da Iña e cara o noroeste o de Casarío Coto, Pedreira e Campo da Feira.

Ademais dos asentamentos de poboación esta compoñente ten especial incidencia pola presenza no contorno da explotación de lignitos de Meirama e da súa central térmica, das instalacións do vertedoiro de SOGAMA, do polígono industrial de Acevedo e das instalacións do Acuapark de Cerceda.

Respecto as vías de comunicación destaca a vía do ferrocarril que exerce de límite do sector polo oeste e a estrada CP-2405 que discorre polo norte, así como un entramado de pistas e camiños que existen no interior do sector en desenvolvemento.

PROXECTO SECTORIAL DO PARQUE EMPRESARIAL DE CERCEDA (A CORUÑA)

GRAFICO Nº7 Asentamentos e vías de comunicación no contorno do PEC



2.6.2 Calidade paisaxística

A calidade dunha paisaxe está definida fundamentalmente polas características intrínsecas do punto onde se atopa o observador tendo en conta tamén a calidade visual do contorno máis inmediato, nun radio aproximado de 500-700 m dende o punto de observación e a calidade do fondo escénico ou do horizonte visual definida fundamentalmente pola intervisibilidade.

O estudo da calidade paisaxística integra a naturalidade, entendida como a ausencia de elementos artificiais na escena, a variedade ou a elementos de rotura da homoxeneidade e a singularidade definida neste caso polo valor turístico e recreativo.

Así, xeomorfolóxicamente un territorio resulta de maior calidade paisaxística se presenta un relevo pronunciado que propicia a aparición de miradoiros e amplas perspectivas e facilita o desenvolvemento de diferentes niveles. Tamén é maior canto maior é a variedade significativa de elementos constituintes e maior é o grado de integración que estes presenten e de menor valor cando presenta numerosas actuacións ou estruturas de orixe antrópico.

Integrando todos estes aspectos obtéñense tres grados de calidade paisaxística:

- ❖ VALOR PAISAXÍSTICO ALTO: Corresponde a zonas non homoxéneas, con variacións cromáticas de relevo e de usos do solo, con elementos paisaxísticos notables (construcións tradicionais) e sen elementos paisaxísticos de distorsión (edificacións que polas súas características ou usos non están integradas no medio).
- ❖ VALOR PAISAXÍSTICO MEDIO: Corresponde a zonas variables, con polo menos dous ou máis valores cromáticos, de relevo ou de uso do solo, pero cun uso predominante, con poucos elementos paisaxísticos, posiblemente con algún elemento de distorsión.
- ❖ VALOR PAISAXÍSTICO BAIXO: Zonas máis ou menos homoxéneas, usos do solo agresivos con extensións ou repoboacións forestais, sen elementos notables e con elementos de distorsión.

Tendo en conta estes factores e as características descritas no eido de estudo pódese atribuír a zona un valor paisaxístico baixo debido as súas características máis ou menos homoxéneas, usos do solo agresivos

PROXECTO SECTORIAL DO PARQUE EMPRESARIAL DE CERCEDA (A CORUÑA)

con repoboacións forestais, pola ausencia de elementos notables e a considerable presenza de elementos de distorsión no contorno.

2.6.3 Incidencia paisaxística

O grao de visibilidade está determinado pola xeomorfoloxía, climatoloxía, vexetación, os usos do solo e pola súa accesibilidade, factor primordial para ou desfrute de calquera paisaxe.

Enténdese como conca visual a porción do territorio visible dende un punto ou reciprocamente, a conca que engloba todos os posibles puntos dende onde vense ás áreas propostas.

Preténdense determinar a incidencia paisaxística do eido de estudo para o que se definen os seguintes criterios:

- ❖ INCIDENCIA VISUAL ALTA: Miradoiros, núcleos urbanos importantes e zonas de interese turístico.
- ❖ INCIDENCIA VISUAL MEDIA: Vistas dende as principais vías de comunicación, núcleos rurais secundarios e zonas de interese turístico menos visitadas.
- ❖ INCIDENCIA VISUAL BAIXA: O resto das zonas.

2.6.4 Fraxilidade paisaxística

Enténdese por fraxilidade dunha paisaxe a capacidade que presenta para absorber os cambios que nela se produzan. Mediante a análise da fraxilidade paisaxística preténdese coñecer o grao de deterioro que experimentaría a paisaxe ante determinadas actuacións e cuxo coñecemento é de vital importancia para definir as medidas preventivas e correctoras mais axeitadas que eviten a súa degradación e minimicen os posibles efectos negativos sobre a paisaxe. Mentres a calidade visual dunha paisaxe é unha cualidade intrínseca do territorio, a fraxilidade depende, en principio, do tipo de acción que se vai a desenvolver polo que é preciso estudar a susceptibilidade do medio ante a actuación proposta polo PSPEC.

Integrando a calidade paisaxística e a incidencia visual, obtéñense as combinacións das zonas segundo a súa afección paisaxística diferenciándose así zonas vulnerables, sensibles e menos sensibles:

- ❖ ZONAS VULNERABLES: Zonas nas que calquera actuación non regulada provocará unha elevada incidencia visual afectando a zonas cunha alta calidade paisaxística.
- ❖ ZONAS SENSIBLES: Aquelas nas que a afección delimitase sobre ámbitos cunha calidade paisaxística media.
- ❖ ZONAS MENOS SENSIBLES: Zonas nas que a afección delimitase sobre ámbitos do territorio cunha capacidade paisaxística baixa.

CADRO Nº 9 .- FRAXILIDADE PAISAXÍSTICA

Calidade Paisaxística				
		Alta	Media	Baixa
Incidencia Paisaxística	Alta	Zonas Vulnerables	Zonas Sensibles	Zonas menos Sensibles
	Media	Zonas Vulnerables	Zonas Sensibles	Zonas menos Sensibles
	Baixa	Zonas Sensibles	Zonas menos Sensibles	Zonas menos Sensibles

Segundo as descrición paisaxística realizada para o eido do PSPEC: baixa calidade paisaxística e unha incidencia visual media tomando como referencia a estrada e a vía do ferrocarril que rodean o eido, así como as instalacións do acuapark próximo, o eido en desenvolvemento defínese desde un punto de vista da

PROXECTO SECTORIAL DO PARQUE EMPRESARIAL DE CERCEDA (A CORUÑA)

fraxilidade paisaxística como unha zona menos sensible.

Para calificar o grado de fraxilidade visual da paisaxe da zona de estudo analízanse tamén as varias variables propostas por Aguilo (1981) chegando a conclusión de que a fraxilidade visual da zona do Parque Empresarial de Cerceda é relativamente baixa debido fundamentalmente as características que se describen a continuación:

- A fraxilidade visual da área de implantación esta definida polos factores solo, vexetación e pendente. En relación coa vexetación compre sinalar que existe presenza de vexetación arbórea sendo a súa densidade media-baixa e que o contraste entre o solo e a vexetación é elevado, sobre todo nas zonas ocupadas por pastos e cultivos, sen existir unha diversidade cromática importante.
- As características orográficas non favorecen que a conca visual do eido sexa ampla atopándose limitada polas elevacións circundantes e a vexetación arbórea.
- Pódese afirmar que o contorno da área de estudo caracterízase por ser unha zona principalmente de uso agrario e forestal, sen que existan elementos histórico-culturais de especial relevancia que representen un foco de atracción de visitantes. Neste sentido si compre salientar a afluencia de visitantes en época estival as instalacións do Acuapark de Cerceda.

2.7 RISCOS NATURAIS OU TECNOLÓXICOS

2.7.1 Capacidade portante

A caracterización xeotécnica dos materiais que conforman o subsolo do eido en desenvolvemento (recheo antrópico, terra vexetal, sedimentos cuaternarios e substrato Precámbrico de grado V a II) realízase detalladamente no estudo xeotécnico que forma parte do Proxecto Sectorial. Nel faise referencia as súas características resistentes, a súa validez como materiais de recheo e a súa capacidade de carga. Por outro lado, tamén realiza un estudo sobre os aspectos xeolóxicos, xeotécnicos e construtivos dos desmontes e terrapléns presentes na obra. Así, analízase a estabilidade dos desmontes co obxectivo de valorar as medidas de contención necesarias para a estabilización dos mesmos, mentres que no caso dos terrapléns analiza ademais o tratamento do cemento e dos asentos producidos polos mesmos.

2.7.2 Risco de erosión

Os procesos xeomorfolóxicos (erosión e sedimentación) son procesos naturais, pero cabe destacar que a intervención humana alterounos establecéndose a aceleración do proceso. O maior ou menor desenvolvemento destes riscos está en función doutros factores naturais: a climatoloxía; a litoloxía (margas, calcarias, pedras de gra, conglomerados, recheos cuaternarios, etc.), segundo a competencia dos materiais, estes serán máis ou menos meteorizables; a pendente, canto máis acusada máis potentes son os procesos erosivos; a cuberta vexetal, canto menos densa é esta, menos axudará a reter o solo; e, por último, e actualmente case o máis importante, o uso e a ocupación humana do territorio.

2.7.3 Xeadas

As xeadas, sobre todo as persistentes, solen producir danos na agricultura, accidentes de tráfico e outros danos de diversa consideración. No Concello de Cerceda este risco é practicamente inexistente ó ter unha altura reducida, destacando, ademais, o efecto amortecedor do océano fai que as temperaturas dos meses fríos de inverno e outono se encontren entre as máis altas de Galicia, mentres que no verán estas descenden o rango de moderadas.

O grado de risco por xeadas considerase baixo, tendo incidencia nos meses de decembro a febreiro e sendo a área susceptible toda a superficie municipal.

PROXECTO SECTORIAL DO PARQUE EMPRESARIAL DE CERCEDA (A CORUÑA)**2.7.4 Risco de contaminación****2.7.4.1 Contaminación Acústica**

A base legislativa en materia de rúidos en Galicia é a Lei 37/2003 do ruído e a Lei 7/1997, que ven desenvolvida polo Decreto 150/1999. O ámbito da Lei son as actividades, instalacións e comportamentos que xeren rúidos ou vibracións susceptibles de produciren molestias e que se atopen emprazadas ou se exerzan no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia (Artigo 2).

A lexislación vixente fai indicacións sobre os métodos de medición, definen os diferentes tipos de ruído, determinan as características que deben reunir as empresas para obter a homologación coa fin de poder realizar as medicións de niveis sonoros, establece as sancións que se imporán a aquelas persoas ou empresas que incumpran a lexislación, etc. Realizan ademais unha diferenciación do territorio en zonas de sensibilidade acústica (aquela parte do territorio que presenta un mesmo rango de percepción acústica), as zonas deben ser definidas polos concellos e son as seguintes:

- ❖ Zona de alta sensibilidade acústica: comprende tódolos sectores do territorio que admiten unha protección alta contra o ruído, como áreas sanitarias, docentes, culturais ou espazos protexidos.
- ❖ Zona de moderada sensibilidade acústica: comprende tódolos sectores do territorio que admiten unha percepción do nivel sonoro medio, como vivendas, hoteis ou zonas de especial protección como os centros históricos.
- ❖ Zona de baixa sensibilidade acústica: comprende tódolos sectores do territorio que admiten unha percepción do nivel sonoro elevado, como restaurantes, bares, locais ou centros comerciais.
- ❖ Zona de servidume: comprende os sectores do territorio afectados por servidume sonoras a favor de sistemas xerais de infraestruturas viarias, ferroviarias ou outros equipos públicos que as reclamen.

Cando os usos do solo ou a concorrencia de causas o xustifiquen, poderán establecerse outras zonas específicas.

O eido do PEC situase dentro da denominada zona de servidume. Nestas áreas o máximo permitido para o horario diúrno é de 75 dB.

Tendo en conta as diferentes zonas de sensibilidade e a división da xornada en período diúrno (08:00 a 22:00 horas) e nocturno (22:00 a 08:00 horas), a Lei establece uns niveis límite de recepción do ruído tanto para o ambiente exterior como para o ambiente interior, valores que non deben ser superados en ningún caso.

A lexislación autonómica confírelle numerosas competencias ós concellos, que son os responsables de facer que se cumpra coa lexislación no seu termo municipal; determina ademais que son os concellos os encargados de ditar ordenanzas sobre rúidos, que adapten a lexislación autonómica ás necesidades de cada municipio.

Segundo a lexislación autonómica, tanto as zonas de baixa sensibilidade acústica (Zona C: bares, locais comerciais), como as zonas de servidume (Zona D: infraestruturas viarias), son os lugares nos que se producen os principais focos de ruído, e normalmente coinciden ou lindan coas zonas de baixa (Zona A: espazos culturais) ou de moderada sensibilidade (Zona B: vivendas, hoteis).

A lexislación autonómica non establece especificamente niveis límite para zonas industriais, sen embargo, as industrias xeran importantes niveis de ruído, que en moitos casos, e sobre todo cando estas traballan en horario nocturno, poden causar molestias á poboación.

O nivel de ruído existente na zona obxecto do proxecto actualmente, é dicir, na fase preoperacional, é o denominado ruído de fondo. O ruído de fondo defínese como o existente nun determinado ambiente ou recinto cun nivel de presión acústico que supera o 90 % dun tempo de observación suficientemente

PROXECTO SECTORIAL DO PARQUE EMPRESARIAL DE CERCEDA (A CORUÑA)

significativo, en ausencia do ruído obxecto da inspección.

As fontes de emisión sonoras previo inicio das obras, é dicir, na fase preoperacional, son as producidas polos labores agrícolas e gandeiros, e principalmente o tráfico rodado de vehículos automóbiles, así como outros, como o ruído do vento contra a vexetación ou as barreiras postas sobre o terreo polo home, tales como muros e divisorias de terras. Outro foco de emisión sonora relativamente importante, constitúeno os paxaros e outros animais cuxo espectro de emisión céntrase nas frecuencias medias e medio-altas.

En todo caso, o PSPEC terá en conta para a protección da contaminación acústica as disposicións contidas na Lei 7/1997 do 11 de agosto de protección contra a contaminación acústica e no Decreto 150/1999, de 7 de maio, polo que se aproba o Regulamento de protección contra a contaminación acústica, a Lei 37/2003, do 17 de novembro do ruído e as medidas preventivas e correctoras que o ISA establece a tal efecto.

2.7.4.2 Contaminación Atmosférica

A Lei 34/2007, de 15 de novembro, de calidade do aire e protección da atmosfera relaciona os principais contaminantes e indica os niveis máximos posibles para as principais actividades industriais potencialmente contaminadoras, entendéndose como tais aquelas que pola súa propia natureza ou polos procesos tecnolóxicos convencionais empregados constitúen ou poidan constituír un foco continuo ou intermitente de contaminación atmosférica.

A construción pesada é unha fonte de partículas que pode ter un substancial impacto temporal na calidade do aire local. A construción de edificios e estradas son só dous exemplos cun gran potencial de emisión. Nestes dous casos as emisións poden estar asociadas coa limpeza do terreo, perforacións, detonacións, escavacións, outros movementos do terreo e coa construción da instalación en si mesma. Hai que ter en conta ademais, que unha gran parte das emisións proceden do tráfico temporal no lugar da construción.

Outro foco emisor é o tráfico rodado. Os procesos de combustión dentro do motor do automóbil van dar lugar ás emisións dunha grande variedade de contaminantes, como partículas de CO, SOx, NOx, CO₂, COV's e SO₂. Ademais das emisións procedentes dos motores de combustión van producirse emisións de partículas procedentes da propia vía en contacto co automóbil e referentes ao aire acondicionado (CFC's e HFC's). Algúns contaminantes mencionados interaccionan na atmosfera para dar lugar a diferentes contaminantes secundarios. O ozono é un contaminante secundario formado pola combinación dos COV's e os NOx. Ademais contaminantes como os SOX, os NOX e os hidrocarburos, en presenza da luz solar ou de auga poden dar lugar a partículas secundarias.

As actividades agrícolas e gandeiras, aínda que neste caso se trata dunha fonte de importancia baixa, tamén é unha fonte de emisións de metano e amoníaco e en pequenas cantidades, outros como sulfuros ou COV's. As emisións producidas están moi relacionadas co tipo de explotación e coa maquinaria motorizada que se emprega.

O eido de estudo caracterízase por ser unha zona industrializada debido a Central Térmica de Meirama, as instalacións de Sogama e o Polígono Industrial de Acevedo.

As emisións atmosféricas procedentes de SOGAMA son froito da revalorización enerxética dos residuos. As emisións de CO₂ oscilan os 326.710 toneladas no ano 2008. As concentracións de partículas en xeral, e de dioxinas e furanos están por debaixo do límite legal en todos os casos.

Na Central Térmica de Meirama como consecuencia do proceso de combustión emitense a atmosfera óxidos de sofre, óxidos de nitróxeno e partículas.

Polo tanto, as principais fontes de emisión de contaminación no eido do PEC son os vehículos que discorren polas estradas, así como tractores e demais maquinaria agrícola e as industrias próximas.

No Parque Empresarial, respecto ás concentracións máximas admisibles cumprírase o disposto na Lei de

PROXECTO SECTORIAL DO PARQUE EMPRESARIAL DE CERCEDA (A CORUÑA)

Protección do Ambiente Atmosférico e serán de aplicación as medidas preventivas e correctoras que se teñen en conta para esta variable no presente informe.

2.7.5 Risco sísmico

Trátase dun dos fenómenos naturais con maior capacidade para producir consecuencias catastróficas sobre áreas concretas de territorio, podendo dar lugar a cuantiosos danos en edificacións, infraestruturas e outros bens materiais, interromper gravemente o funcionamento de servizos esenciais e ocasionar vítimas entre a poboación afectada.

Considerase como zona xeográfica con risco de sufrir terremotos de intensidade igual ou superior a VI, a aqueles Concellos incluídos no Anexo do Real Decreto 997/2002, de 27 de setembro, polo que se aproba a Norma de Construción Sismoresistente, Parte Xeral e de Edificación (NCSE-02), publicada no BOE nº 244 de 11 de outubro de 2002, que relaciona os Concellos cunha aceleración sísmica básica igual ou maior de 0.4 g entre os que non se atopa o municipio de Cerceda.

2.7.6 Risco de inundación

Unha inundación prodúcese cando a capacidade de desaugamento do territorio é insuficiente ou nula fronte a unhas precipitacións importantes sobre a bacía de drenaxe. Esta menor capacidade de desaugamento pode ter motivos naturais, ser causada por accidentes con orixe independente da actividade antrópica, ou estar inducida polo home mediante a ocupación parcial ou total do leito fluvial.

Os problemas de tipo hidrolóxico daranse en aqueles materiais que se consideran, en xeral, de permeabilidade primaria, observándose sobre eles unha rede de escorrenta pouco marcada, en parte pola súa morfoloxía, eminentemente chaira, xurdindo en zonas lixeiramente cóncavas problemas de encharcamentos. Polo tanto, os procesos que poden levar implícito un maior risco a medio ou longo prazo, son aqueles derivados da dinámica fluvial, principalmente grandes enchentes nos cursos fluviais dos principais ríos, e problemas derivados de erosións por socavación das súas marxes activas, arrastres e aterramentos.

Segundo o estudo xeotécnico do eido de estudo, nos diferentes ensaios tomados na zona realizáronse medidas da profundidade a que se corta a superficie freática. Das medidas efectuadas o mais relevante é que so nas zonas mais próximas as concas dos regatos existentes así como nas zonas mais susceptibles de inundación se detecta a capa freática. Os materiais mais superficiais (recheos e sedimentos cuaternarios) aportarán a maior proporción de auga á escavación.




GRAFICO N°8 Mapa de zonas inundables

PROXECTO SECTORIAL DO PARQUE EMPRESARIAL DE CERCEDA (A CORUÑA)

2.8 PLANS E PROGRAMAS RELACIONADOS

O PSPEC está vinculado xerarquicamente a lexislación sectorial de aplicación vixente en cada caso, ás Directrices de Ordenación do Territorio, así como aos demais instrumentos establecidos pola Lei 9/2002 modificada pola lei 15/2004 de Ordenación urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia.

Cabe sinalar a incidencia de outros plans ou liñas estratéxicas que aínda que carezan de valor normativo realizan unha importante función orientativa para a elaboración do PSPEC como:

- Convención europea da paisaxe.
- 6º Programa europeo de Medio Ambiente.
- As liñas estratéxicas da Unión Europea para o desenvolvemento sustentable.
- A estratexia galega para o medio ambiente.
- Plan de xestión de residuos sólidos urbanos de Galicia.
- Plan de xestión de residuos industriais e solos contaminados de Galicia.
- Plan hidrolóxico nacional.
- Plan de saneamento Galicia 2000 – 2015.
- O vixente Plan Sectorial Eólico de Galicia sitúa dúas áreas de desenvolvemento eólico en Cerceda.
- Estratexia galega de xestión de residuos.
- Estratexia española para a conservación e uso sostible da diversidade biolóxica.

O instrumento de ordenación urbanística do que dispón actualmente o municipio de Cerceda son unas Normas Subsidiarias de Planeamento aprobadas definitivamente polo Pleno da Corporación o 26 de xuño de 1996. Atópase en fase de revisión o planeamento urbanístico municipal, aínda que non se ten aprobada ningunha das fases de elaboración.

O eido do PEC está clasificado no planeamento vixente maioritariamente como Solo Non Urbanizable Normal. Coincidindo co curso do río Barces ao norte do eido, clasifícanse estas zonas como Solo Non Urbanizable Protección de Ribeiras e Embalses.

Ademais existen dous planeamentos secundarios en tramitación relacionados coa creación de novo solo industrial en Cerceda. A Modificación Puntual Solo de Lignitos e Térmica de Meirama das NNSS cuxo obxectivo é o cambio na calificación de solo para pasar a estar calificado como solo urbanizable non sectorizado de uso industrial. Este cambio na calificación permitiría poñer en valor un espazo degradado adaptándoo para o establecemento de novas actividades industriais e por outro lado de cara a unha posible ampliación das instalacións existentes como pode ser a propia Central Térmica. O eido da Modificación atópase o NE do PEC, trátase da escombreira explotado por Lignitos de Meirama s.A, empregada para proceder o vertido das escorias e cinzas procedentes da combustión de carbón. Por outras banda, o Plan Parcial do Solo Apto para Urbanizar de Acebedo ten como obxectivo a ordenación urbanística necesaria para a transformación dos terreos clasificados polas NNSS do concello de Cerceda. O eido atópase o SO do PEC, sobre a ladeira SO do monte Acebedo entre os núcleos de Acebedo e Vilar, limitando o N co núcleo urbano de Cerceda e o oeste con ferrocarril Santiago- a Coruña.

Segundo as determinacións das DOT, en todos os casos, a planificación dos espazos para actividades económicas, tanto por ser de nova construción como por reconversión dos existentes, deberá facerse desde a perspectiva da ecoloxía industrial co fin de buscar a eficiencia e contribuír ao desenvolvemento sostible. A planificación destes espazos dende a perspectiva do interese estratéxico da Comunidade realizarase a través do Plan sectorial de solo empresarial de Galicia. En calquera caso, cara ao futuro deberán favorecerse os

PROXECTO SECTORIAL DO PARQUE EMPRESARIAL DE CERCEDA (A CORUÑA)

procesos de reconversión, promovendo o cambio dos espazos industriais do interior das cidades cara a novos usos nos que predominen as actividades económicas (comercio en superficies medias, hoteis, edificios de oficinas, centros avanzados para actividades terciarias, servizos empresariais, etc.) con menor impacto visual e ambiental, menores riscos tecnolóxicos, optando por trasladar actividades industriais a zonas planificadas, ben comunicadas e que non queden constringidas polo crecemento urbano. Ademais, entre os seus obxectivos básicos para o solo empresarial é xerar novos espazos de actividade axeitados ás demandas creadas polas novas actividades terciarias como elementos de grande incidencia na calidade, no atractivo urbano e na competitividade territorial da Comunidade.

Respecto ao Plan Sectorial de solo empresarial de Galicia, ante a imposibilidade de levar a cabo a tramitación de actuacións –de acordo co establecido no artigo 9 do Decreto 80/2000- por non estar incluídas no plan sectorial, a Xunta de Galicia instou “o inicio dos trámites para deixar sen efecto o Plan Sectorial de Ordenación de Áreas Empresarias na Comunidade Autónoma de Galicia aprobado por acordo do Consello da Xunta de Galicia de 27 de maio de 2004”. Mentres non se aproba o novo Plan Sectorial, poderán declararse de incidencia supramunicipal proxectos sectoriais que non figuran no devandito Plan Sectorial. Así mesmo poderán aprobarse proxectos sectoriais para unha determinada infraestrutura, dotación ou instalación unha vez concluídos os trámites que se inician co presente acordo.

O PSPEC forma parte das medidas orientadas a potenciar o tecido industrial e a creación de emprego no municipio procedendo á transformación de solo necesaria para a implantación de actividades relacionadas fundamentalmente ao comercio, a industria e a almacenaxe e distribución. A actuación que se pretende está promovida por Xestión Urbanística de A Coruña S.A. (XESTUR A CORUÑA), empresa pública de promoción de actuacións urbanísticas, participada polo Instituto Galego da Vivenda e o Solo (I.G.V.S) e a Excm. Deputación Provincial de A Coruña.

No reforzamento das perspectivas económicas do termo tamén desempeña un papel determinante a clasificación de Cerceda como municipio RECHAR por parte da UE, pois representa a obtención dunha serie de apoios, canalizados a través do Plan MINER do Ministerio de Industria, orientados á reindustrialización do municipio e a promover a localización de proxectos de investimento empresarial.

O Plan Miner ten a finalidade da reestruturación da minaría do carbón e o desenvolvemento alternativo das comarcas mineiras. O obxecto do Plan é a atenuación das consecuencias socioeconómicas inherentes á diminución paulatina da actividade no sector derivada da redución paralela das axudas públicas. O Plan de Desenrolo Alternativo das Comarcas Mineiras, incluído no citado Plan 2006-2012, contempla tres liñas de actuación: infraestruturas, proxectos empresariais e formación. O municipio directamente afectado é o de Cerceda, onde no prazo máximo de dous anos cerrárase a explotación de lignito pardo. A aplicación do MINER concrétase en axudas a fondo perdido ao investimento de proxectos empresariais xeradores de emprego nunha serie de convocatorias anuais e sucesivas que van de 2006 a 2012 e ás que se poden acoller todas aquelas empresas públicas ou privadas, cooperativas, traballadores autónomos, etc, cun proxecto de investimento.

O PSPEC tamén garda relación co Plan Nacional de Reserva Estratéxica do Carbón e co novo Modelo de Desenrolo Integral e Sostible das Comarcas Mineiras na Provincia de A Coruña. Entre os obxectivos que se sinalan no Plan Nacional está o de encauzar o proceso de ordenación da minería do carbón, tendo en conta os aspectos sociais e rexionais derivados da mesma, así como o de atenuar o impacto que produce a perda dos postos de traballo no sector fomentando a creación de emprego alternativo ao monocultivo do carbón mediante o apoio a proxectos empresariais xeradores de emprego, a potencialización dos recursos humanos das comarcas financiando actividades de formación e a creación de infraestruturas. O Plan pretende, entre outras actuacións, as de crear un novo modelo de desenrolo integral e sostible das comarcas mineiras dada a continuada situación de crise, as sucesivas reconversións e a histórica dependencia do carbón nas comarcas mineiras e afrontar, os elevados niveis de desemprego e alta dependencia da industria do carbón, como

PROXECTO SECTORIAL DO PARQUE EMPRESARIAL DE CERCEDA (A CORUÑA)

política de reactivación da zona. As aptitudes profesionais requiridas pola minería non se adaptan facilmente a outras industrias ou actividades económica se a poboación tende a buscar traballo noutras comarcas sufrindo grandes dificultades para incorporarse ao mercado laboral.

Un dos mecanismos de axuda que propón o Plan Estatal é o apoio aos proxectos de inversión empresarial, e á aplicación de políticas orientadas a potenciar o tecido industrial co obxectivo de xerar e asentar emprego no municipio, aspecto este clave para neutralizar as consecuencias do esgotamento da actividade mineira, polo que debe entenderse o PSPEC como unha consecuencia do Plan Estatal.

A resposta do PSPEC non se limita ao eido do municipio de Cerceda, senón que a súa implantación por ser resposta a unha política que emana do Plan Estatal abrangue outros Concellos a través de dúas liñas de influencia o que lle aporta o carácter supramunicipal á actuación. Neste senso o propio Plan mostra a influencia explícita de axudas promovidas polo propio Plan Estatal, de modo que abrangue a outras comarcas limítrofes como a de Bergantiños (municipios de Carballo e A Laracha) e de A Coruña (municipios de Carral e Culleredo) e de maneira directa en municipios da propia comarca na que se asenta Cerceda como é o caso de Ordes, polo que debe entenderse que o Plan ten influencia directa sobre o eido supramunicipal e co obxectivo fundamental de contribuír a propiciar a transición das comarcas mineiras a unha estrutura económica asentada sobre o desenvolvemento de actividades económicas de maior valor engadido e de maior calidade dos recursos humanos.

3 DESCRIPCIÓN DO PROXECTO SECTORIAL DO PARQUE EMPRESARIAL

3.1 OBXECTIVOS E CRITERIOS DA ORDENACIÓN

O Proxecto Sectorial ten por obxecto a regulación detallada e pormenorizada dos terreos destinados o Parque Empresarial de Cerceda.

Os obxectivos e criterios da ordenación do PSPEC, parten das directrices e criterios establecidos e sinalados polos responsables técnicos de XESTUR, a partir do que se realizou un estudo pormenorizado do terreo e dos condicionantes que influían no ámbito.

- ❖ A ordenación urbanística esfórzase, como primeiro obxectivo, por integrar e reforzar a presenza e o ambiente así como os elementos existentes e completar a súa estrutura viaria e as conexións tanto coa rede viaria xeral como cos solos industriais contiguos.
- ❖ Conseguir unha trama viaria regular que permita ao mesmo tempo obter o maior número posible de parcelas regulares, cunhas proporcións adecuadas ao uso industrial e terciario ao que se destinen.
- ❖ Acadar unha implantación topográfica óptima, nun espazo con topografía suave, que debe adaptarse en todo o seu perímetro para favorecer a integración paisaxística da actuación e minimizar a incidencia sobre as infraestruturas viarias e os asentamentos próximos.

Os criterios de localización dos sistemas de espazos libres e dotacionais, seguen en liñas xerais e os criterios establecidos, no senso de concentrar os espazos verdes nas zonas que presentan as características ambientais mais salientables, (zona cursos de auga existentes), e así crear zonas que pola súa dimensión teñan unas características que as fagan funcionalmente útiles para o seu uso público, complementando este sistema dotacional con reserva para equipamentos que recualifican as zonas dotacionais e en xeral a ordenación do solo industrial existente.

Unha vez establecidos os obxectivos de orde xeral, establécense uns obxectivos específicos de protección ambiental, en consonancia cos criterios de sustentabilidade establecidos pola Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, que, dentro do proceso de Avaliación Ambiental Estratéxica, recolle o “Documento de Referencia para a Avaliación Ambiental Estratéxica do Proxecto sectorial do Parque Empresarial de Cerceda”.

PROXECTO SECTORIAL DO PARQUE EMPRESARIAL DE CERCEDA (A CORUÑA)

❖ COMPATIBILIZAR O PROXECTO SECTORIAL CO CICLO HIDRICO OPTIMIZANDO OS RECURSOS NO MARCO DUN MODELO TERRITORIAL EFICIENTE

- Protexer a rede hidrolóxica establecendo os eidos de protección apropiados de acordo coa lexislación que é de aplicación.
- Previr os riscos naturais relacionados mediante a delimitación das zonas inundables, a rede hidrográficas e o seu contorno.
- Optimizar o consumo de auga mediante a construción de redes de saneamento e abastecemento eficientes.
- Promover o ciclo natural da auga executando por separado as redes de saneamento e recollida de augas pluviais e fomentar a súa volta ao medio natural ou o seu aproveitamento.
- Favorecer a infiltración natural da auga de chuvia e o seu retorno ao medio, minimizando a creación de superficies impermeables.

❖ MINIMIZAR OS EFECTOS DO PROXECTO SOBRE A CALIDADE DO AIRE E O CAMBIO CLIMÁTICO

- Diseñar áreas compactas con menores necesidades de transporte e de consumo enerxético e con densidade suficiente para facer viables os sistemas de transporte público.
- Implantar criterios de sustentabilidade e eco-eficiencia (orientación, configuración arquitectónica, regulación de materiais, illamentos, etc.) nas planificacións e deseño das novas edificacións.
- Estudar as posibles fontes de contaminación atmosférica e establecer medidas para reducir as emisións.
- Regular as características técnicas do alumado público para reducir o consumo enerxético e minimizar a contaminación lumínica.
- Planificar a estrutura viaria tendo en conta a circulación do tráfico pesado e as afeccións a poboación.
- Ordenar o estacionamento de vehículos para facelo compatible co uso do espazo público.

❖ FOMENTAR A MINIMIZACION DE RESIDUOS E A RECICLAXE

- Contribuír á busca de procesos máis eficientes que aforren recursos e xeren menos residuos empregando como ferramenta básica o diagnóstico territorial integrado na planificación.
- Implantar a recollida selectiva para todo tipo de residuos.
- Regular a actividade construtiva co obxectivo de minimizar os impactos dos materiais empregados, fomentar a durabilidade, a reemprego e a reciclaxe.
- Analizar o sistema de recollida de lixo, inventariar os medios e garantir as dotacións necesarias para unha correcta xestión dos residuos.
- Fomentar a reciclaxe e a reemprego e facilitar a dispoñibilidade de instalacións adecuadas para o seu depósito e tratamento.

❖ CONSERVAR A BIODIVERSIDADE DO TERRITORIO

- Inventariar e protexer todas as áreas destacables polos seus valores ambientais, paisaxísticos, culturais e produtivos.
- Introducir criterios de sustentabilidade no deseño dos espazos libres e zonas verdes.

PROXECTO SECTORIAL DO PARQUE EMPRESARIAL DE CERCEDA (A CORUÑA)

- o Fomentar a conectividade biolóxica mediante a continuidade física da rede de espazos de interese natural.
- ❖ **PROTEXER E INTEGRAR A PAISAXE NO PROXECTO**
 - o Conservar e mellorar a paisaxe en todo o territorio municipal mediante a identificación das unidades de paisaxe e o establecemento de medidas preventivas e correctoras para a súa protección.
 - o Inventariar as áreas con mais fragilidade paisaxística e tomar este factor como limitante para aquelas actuacións con impactos significativos.
 - o Preservar os valores paisaxísticos de interese, o patrimonio cultural e a identidade municipal.
 - o Estudar o impacto paisaxístico de aquelas actuacións que poidan afectar visualmente aos elementos e areas catalogadas ou protexidas.

3.2 ANÁLISE DE ALTERNATIVAS. XUSTIFICACIÓN DA ORDENACIÓN ADOPTADA

3.2.1 Necesidade estratéxica de realizar o proxecto

Os estudos realizados dende as fases iniciais do Proxecto foron a base para elaborar unha diagnose do eido de estudo que permitiu identificar os condicionantes e as necesidades socioeconómicas existentes na zona, para elaborar un Proxecto acorde coa realidade actual, no que no desenvolvemento previsto coincidan a máxima aptitude e o mínimo impacto negativo sobre os recursos naturais.

Aínda así, considerouse como alternativa “cero” non desenvolver o Proxecto e comparouse coa alternativa “un” que reflexa a situación do eido e do contorno coa implantación do Parque Empresarial.

a) ALTERNATIVA 0

A non realización do PSPEC implicaría unha serie de consecuencias tanto negativas como positivas que se enumeran no seguinte cadro:

CADRO Nº 10 EFECTOS SOBRE O MEDIO DA ALTERNATIVA 0

Efectos positivos	Efectos negativos
1.-Conservación do medio natural e dos usos desenvolvidos no eido	1.- Abandono paulatino do medio rural 2.- Deslocalización de industrias 3.- Perda de inversións (Plan Miner) 4.-Perda de postos de traballo e incremento da taxa de paro (peche da Central Térmica de Meirama) 5.-Incremento dos desprazamentos laborais e polo tanto tamén das emisións atmosféricas 6.-Incremento da emigración. 7.-Dificultase o traslado dalgunhas empresas asentadas no medio urbano. 8.-Non se cubriría a demanda de solo existente impedindo o desenvolvemento axeitado do tecido industrial e polo tanto das melloras sociais e económicas para o concello favorecendo posibles asentamentos irregulares de industrias en medios non apropiados (medio urbano ou rural) e en consecuencia unha peor xestión dos residuos hídricos e enerxéticos.

PROXECTO SECTORIAL DO PARQUE EMPRESARIAL DE CERCEDA (A CORUÑA)

b) ALTERNATIVA 1

Desenvolver o PSPEC conlevaría unha serie de vantaxes e inconvenientes como os que se recollen no Cadro nº 11.

A nivel global, o PSPEC constituirá un elemento catalizador do desenvolvemento económico das Comarcas de Cerceda e Bergantiños así como da Área Metropolitana Coruñesa, permitindo ás empresas industriais ampliar o seu espazo produtivo e con iso, provocar un efecto dinamizador sobre o emprego, tanto o directo como o inducido a outros sectores.

Para o Concello de Cerceda actuará, ademais, como o motor dunha dinámica investidora, facéndoa atractiva para a fixación das empresas industriais necesarias para a diversificación da súa economía, e como apoio á infraestrutura industrial existente.

CADRO Nº 11 EFECTOS SOBRE O MEDIO DA ALTERNATIVA 1

Efectos positivos	Efectos negativos
<p>1.- Desenvolvemento económico e fomento do emprego no concello e na Área Metropolitana da Coruña, de grande potencialidade económica, dando resposta a ampla demanda de solo industrial da zona.</p> <p>2.- Creación de espazos axeitados para a implantación de industrias cun nivel de servizos óptimos e ecoeficientes (auga, electricidade, telecomunicacións, etc.) e de calidade na urbanización.</p> <p>3.- Aumento na produtividade, así como nas relacións comerciais entre empresas como consecuencia de asentarse en Parques Empresariais.</p> <p>4.- Ordenar e racionalizar os asentamentos industriais, favorecendo ademais a recolocación dos asentamentos xa existentes noutros emprazamentos máis acordes coas súas expectativas de crecemento e implantación.</p> <p>5.- Recuperación e integración no territorio dos elementos de valor natural existentes no eido mediante a creación de zonas verdes para o desfrute da poboación.</p>	<p>1.- Afeccións a natureza como consecuencia da urbanización do medio.</p> <p>2.- Efectos sobre a paisaxe consecuencia da presenza da infraestrutura.</p> <p>3.- Incremento do consumo enerxético e das emisións contaminantes a atmosfera.</p>

c) AVALIACION COMPARATIVA ENTRE AMBAS ALTERNATIVAS

A continuación procedeuse á comparación de alternativas para decidir sobre a necesidade ou non do Proxecto Sectorial. Neste caso elaborouse unha matriz na que para cada variable de sustentabilidade analízase a alternativa que máis interactúa. É dicir, a alternativa cun maior cumprimento dos obxectivos presenta valorándose con dous (2) puntos e a alternativa con menor interacción obterá o valor de 1.

A interacción total, será polo tanto, a suma das interaccións parciais de cada alternativa fronte a cada obxectivo. A alternativa máis idónea desde o punto de vista ambiental será a que maior puntuación obteña. Do seguinte cadro despréndese que tras valorar todas as variables sobre as que afectará o

PROXECTO SECTORIAL DO PARQUE EMPRESARIAL DE CERCEDA (A CORUÑA)

PSPEC, e ter en conta os criterios de sustentabilidade que rexen o Proxecto, a valoración da alternativa 1 é superior á da alternativa 0.

CADRO Nº 12 ANÁLISE COMPARATIVA: A0 vs A1

Variables	Criterios	A0	A1
PAISAXE	Considerarase a fragilidade paisaxística como un factor limitante para admitir actuacións con impacto significativo.	2	1
NATUREZA	Preservar a integridade funcional dos sistemas naturais.	2	1
	Xestionar a funcionalidade propia dos recursos naturais: Pular pola repoboación con especies arbóreas autóctonas, Garantir acceso a espazos naturais e posta en valor de elementos naturais, patrimoniais, etc	1	2
PATRIMONIO	Preservar e valorizar os elementos patrimoniais	1	2
MEDIO SOCIO-ECONÓMICO	Considerar a estrutura demográfica e socioeconómica do ámbito e da área de influencia (coherencia do parque coas condicións demográficas e socioeconómicas do concello; oportunidade económica)	1	2
	Favorecer a ocupación de postos de traballo no ámbito de influencia; garantir dotación de equipamentos; etc.)	1	2
	Favorecer entorno de traballo saudable e seguro	1	2
	Garantir a non exclusión (considerar perspectiva de colectivos vulnerables; facilitar acceso á formación de distintos colectivos)	1	2
	Favorecer a cohesión social	1	2
MEDIO INDUSTRIAL	Contribución a creación de entorno de traballo de calidade.	1	2
	Optimización de eficiencia de actividades económicas.	1	2
MOBILIDADE	Pular por reducir as necesidades de mobilidade	1	2
	Eficiencia na Conectividade	1	2
ENERXÍA	Aforro de consumo enerxético	2	1
ATMOSFERA	Redución de emisións contaminantes	2	1
CICLO HÍDRICO	Garantir funcionamento de ciclo hídrico en tódalas súas fases e procesos	1	2
	Pular polo aforro no consumo de recursos hídricos	1	2
	Garantir viabilidade de sistemas de abastecemento e saneamento	1	2
CICLO MATERIAIS	Xestión eficaz de fluxos de materiais e residuos	1	2
SOLO	Axustar usos ó entorno e a obxectivos propios do planeamento	1	2
	Pular por un desenvolvemento ordenado e eficiente	1	2
VALORACIÓN GLOBAL DAS ALTERNATIVAS		25	38

PROXECTO SECTORIAL DO PARQUE EMPRESARIAL DE CERCEDA (A CORUÑA)

3.2.2 A área de Cerceda como localización idónea

A aplicación de políticas orientadas a potenciar o tecido industrial e crear emprego no municipio de Cerceda está sendo chave para neutralizar as consecuencias do esgotamento das reservas do xacemento de lignito de Meirama a finais de 2007 e mais o consecuente peche da central térmica que, nos anos 80, marcara a transformación industrial dun municipio cuxa base económica se sustentará ata aquel momento nas actividades agropecuarias. Con todo, o proceso de diversificación industrial e a implantación de novas empresas en Cerceda remóntase xa a comezos dos anos 90, coa creación de Sogama (Sociedade Galega de Medio Ambiente) e co xurdimento de proxectos empresariais vinculados aos sectores produtivos e de servizos. Este desenvolvemento industrial acelerouse aínda máis a finais dos 90, cando se instalaron as primeiras empresas no polígono industrial do Acevedo.

O Concello de Cerceda, quere adiantarse ao cese da actividade en Meirama e minimizar así o impacto laboral que este peche podería ter sobre o municipio. No reforzamento das perspectivas económicas do termo tamén xoga un papel determinante a clasificación de Cerceda como municipio RECHAR por parte da UE, pois representa a obtención dunha serie de apoios, canalizados a través do Plan MINER do Ministerio de Industria, orientados á reindustrialización do municipio e a promover a localización de proxectos de investimento empresarial.

Esta clasificación supón tamén un importante investimento en infraestruturas viarias para a conexión do parque empresarial coas principais vías de comunicación galegas. Con estas novas vías Cerceda sitúase a menos de 20 minutos de todos os servizos da Coruña -co que suporá no futuro a proximidade ao porto exterior-, Santiago, Arteixo, Carballo e dos aeroportos de Lavacolla e Alvedro. A todo isto haberá que engadirle no futuro os beneficios que reportará a chegada do tren de alta velocidade, con estación no municipio.

Todas estas circunstancias, unidas aos económicos prezos do solo industrial, abren perspectivas económicas moi boas para o municipio, que se sitúa xa na actualidade como un dos concellos coa renda per cápita máis alta de Galicia e cunha dotación de servizos equiparable á de concellos que contan con moita máis poboación.

O PSPEC constitúe un área industrial cualificada de concentración de actividades produtivas, disposta sobre un eido territorial de 42,06 Ha, situado estratexicamente no Concello de Cerceda, nas proximidades do Área Metropolitana de A Coruña, e con acceso a través da vía AC-523 coa Autovía A-6, e dende ésta con acceso á Autopista AP-9, AG-55 e aos futuros Portos Exteriores de A Coruña e de Ferrol.

A oferta de solo industrial planificado exerce unha influencia destacada na dinámica investidora (atracción e fixación de empresas industriais), na localización axeitada dos establecementos produtivos e a consolidación de actividade dentro de cada rexión.

O déficit ou ausencia no mercado do solo produce unha perda potencial de oportunidades de inversión e desenvolvemento industrial, ao tempo que imposibilita a expansión ou crecemento ordenado das empresas industriais que necesitan ampliar o seu espazo produtivo.

Dende o punto de vista territorial, a oferta de solo industrial, froito dunha planificación previa en localización e volume, é sen dúbida un factor vertebrador do territorio que contribúe de forma manifesta a paliar as disparidades intrarrexionais, dado que crea oportunidades sobre a base dun racional uso do solo.

Por outra parte, das aglomeracións de empresas en Parques Empresariais e Industriais derivan múltiples vantaxes, como os aumentos na produtividade que se conseguen nun ambiente propicio para iso, así como ás relacións comerciais entre empresas, e á fluidez con que se transmiten informacións beneficiosas para o mercado e a libre competencia.

Factores de localización, que xunto á dinámica económica dunha rexión, a existencia de boas comunicacións,

PROXECTO SECTORIAL DO PARQUE EMPRESARIAL DE CERCEDA (A CORUÑA)

o prezo competitivo do solo e a cualificación da man de obra, fan posible que unha zona sexa atractiva para as empresas.

En síntese, o espazo socioeconómico conformado polo Concello de Cerceda pode describirse segundo os seguintes parámetros básicos dende o punto de vista socioeconómico:

- Existe a vontade de crear políticas orientadas a potenciar o tecido industrial e crear emprego no Concello de Cerceda como elemento de compensación para neutralizar as consecuencias do esgotamento das reservas da Industria Enerxética. Preténdese minimizar o impacto laboral da merma da potencia da Industria Enerxética e reforzar as perspectivas económicas do termo
- Procédese estratexicamente a instaurar no Concello un proceso de diversificación industrial coa implantación en solo industrial de Cerceda de novas empresas, feito que se está a producir dende comezos dos anos 90.
- O escenario actual constitúe unha clara oportunidade de mercado para o novo establecemento de solo industrial no Concello de Cerceda, como se pon de manifesto nos seguintes feitos:
 - ❖ O incremento poboacional pola vía da inmigración configúrase como un factor determinante para o desenvolvemento dos espazos territoriais, actuando como demandante de equipamentos, servizos e infraestruturas. Reciprocamente, a implantación destas xera, á súa vez, focos de atracción estimulando os movementos poboacionais. O proceso de retroalimentación producido por estes movementos recorrentes é un aval para o desenvolvemento e modernización das rexións.
 - ❖ As novas infraestruturas portuarias actualmente en proxecto, dinamizarán o fluxo de persoal e de mercadorías, e favorecerán o establecemento dos medios de produción nas proximidades dun centro intermodal das dimensións do futuro Porto Exterior, facendo ineludible o desenvolvemento de solo industrial.
 - ❖ A importancia estratéxica de Cerceda -determinada polas Vías de Alta Capacidade A-6 e AP-55 e o futuro Porto Exterior-, outórgalle un papel preponderante como elemento aglutinador da demanda de solo industrial da Área Metropolitana de A Coruña.
 - ❖ Nun escenario protagonizado pola industrialización asociada ao parque empresarial de Acevedo, e a terciarización subsecuente derivada da aparición dunha armazón de industrias relacionadas; a promoción de novo solo empresarial responderá ás necesidades de expansión do tecido industrial existente e estimulará a implantación de novas actividades.

O desenvolvemento do PSPEC correspóndese cunha superficie de 42,06 Ha. Dispoñer dunha área continua de solo de case 45 Ha, resulta complicado nunha Comunidade como a galega, caracterizada pola dispersión dos seus asentamentos poboacionais, a ocupación difusa do seu territorio, e unha estrutura parceira hiperfragmentada e disposta en minifundio.

Ante esta situación, o enclave escollido na área do Concello de Cerceda, constitúe un feito singular, ao presentar un número reducido de restricións antrópicas (edificacións, servizos ou infraestruturas existentes), que, xunto á posición con respecto ás Vías de Alta Capacidade o converte nunha zona especialmente axeitada para a implantación dunha infraestrutura das dimensións descritas.

O PSPEC conéctase ás Estradas de Alta Capacidade a través da Estrada AC-523, estrada de recente construción pertencente á rede primaria básica e que comunica a Central Térmica de Meirama coa Autovías A-6 e coa futura Terceira Ronda de A Coruña. Así mesmo, a Autovía A-6 (A Coruña - Madrid), que arranca do enlace en Arteixo coa AG-55, o facilitará, xunto coa Autopista AP-9, unhas comunicacións rápidas e fluídas co resto de España e a Eurorexión A autoestrada de peaxe do Atlántico (AP-9) serve de vía de conexión co resto de Galicia, concretamente coas cidades de Ferrol, A Coruña, Santiago de Compostela, Pontevedra e Vigo. Actualmente esta autoestrada circunvala a cidade de Vigo ata Puxeiros, e está prevista a súa

PROXECTO SECTORIAL DO PARQUE EMPRESARIAL DE CERCEDA (A CORUÑA)

prolongación ata a fronteira Portuguesa. A conexión coa Costa dá Morte realízase a través da Autovía AG-55 (A Coruña - Carballo) e a estrada autonómica C-552, cara a Fisterra, á que acompañará nun futuro próximo coa AG-14. Todas estas vías de comunicación principais complementáanse cunha basta rede de estradas nacionais, autonómicas, provinciais e municipais que dotan de accesibilidade a todos os núcleos da Eurorexión. O PEC situado nas proximidades da primeira liña de coroa metropolitana, poderá absorber as demandas de solo industrial de toda a zona, garantindo, a través da estrada AC-523 e a A-6, unha accesibilidade cómoda e rápida respecto ao resto da Rexión e o Estado. Esta demanda a curto e medio prazo xustifica e fai viable a implantación dun parque empresarial na zona de estudo, que non só atenda a demanda potencial actual, senón que á súa vez, sente as bases dunha futura ordenación máis racional do tecido empresarial.

Como consecuencia da apertura dun novo ramal de liña ferroviaria, nas proximidades da Central de Meirama tense construído unha estación do AVE Santiago – Coruña que dotará de conexión ferroviaria no seu percorrido Santiago – A Coruña, ao Parque Empresarial de Cerceda.

A modo de conclusión pódese indicar que a localización do PSPEC resulta idónea pola súa adecuación ao seu eido de servizo e á situación económica existente.

Pódese indicar que o PSPEC forma parte dun área empresarial – industrial situada nas proximidades da Área Metropolitana da Coruña e con vinculación directa co Porto Exterior da Coruña e que se complementa con outras actuacións como son as do Centro Loxístico del Transporte de Culleredo e os Polígonos de Sabón e Morás en Arteixo. A accesibilidade ao eido é óptima, xa que a través da estrada AC-523 (Rede Primaria Básica) conéctase directamente coa Autovía A-6, e dende esta coas AP-9 e AG-55, engadir o feito da existencia nas proximidades do eido da Estación de Cerceda do AVE Santiago – A Coruña que conectaría o PSPEC coa rede estatal de ferrocarrís.

A situación do PSPEC con respecto ás infraestruturas aeroportuarias resulta idónea, máis aínda cando se teña executada a Terceira Ronda, que deixaría ao conectado o PSPEC co Aeroporto de A Coruña a menos de vinte minutos.

Dende o punto de vista topográfico o eido móvese entre as cotas 325 e 275. As cotas máis altas coinciden coa zona sur do eido, caendo cara a conca do Río Barcés, situada ao norte do eido.

Po outra banda, as empresas situadas no parque empresarial de Acevedo constitúen o montante principal da actividade industrial do municipio e constitúe un factor de peso moi importante no conxunto da comarca. O sector industrial no municipio mobiliza unha parte importante do emprego, cunha participación das máis altas da comarca.

Todo o indicado incide na idoneidade do emprazamento para a localización do PSPEC, que está garantida pola súa correcta localización, relación coas infraestruturas de rede nacional e europea, asignación de funcións e configuración do seu eido de servizo.

3.2.3 Alternativas de ordenación

A ordenación establecida favorece o desenvolvemento equilibrado e sustentable do territorio e adapta as necesidades e sensibilidades actuais da poboación de Cerceda a unha serie de aspectos básicos relacionados cos valores naturais o medio ambiente en xeral, as dotacións ou a economía.

O desenvolvemento do Proxecto Sectorial do Parque Empresarial de Cerceda implica impactos positivos desde o punto de vista socioeconómico e de servizos.

En todo momento inténtanse preservar os valores naturais que perduran na zona e en todo caso minimizar o posible impacto negativo mediante o establecemento de medidas preventivas e correctoras e dun plan de seguimento e control.

PROXECTO SECTORIAL DO PARQUE EMPRESARIAL DE CERCEDA (A CORUÑA)

A alternativa de ordenación proposta realízase tendo en conta que o eido de estudo, está delimitado por viais de titularidade municipal e a vía do ferrocarril. A presenza destes viais inflúen notoriamente no trazado dos viais internos do parque empresarial. O esquema debe proxectarse de xeito que se axuste o mais posible ós seguintes condicionantes:

- Integrar a rede viaria do Parque Empresarial coa rede de estradas existentes na zona de implantación.
- Adaptarse á parcelación resultante da demanda existente e prevista, en base a experiencias similares neste campo.
- Conseguir que os servizos de saneamento de augas residuais e de drenaxe de augas pluviais, nos que o seu trazado coincide co dos viais, desemboquen nos lugares mais adecuados posibles para a súa conexión cos sistemas xerais da zona.
- Tratar de acadar un movemento de terras, tanto de viais como de parcelas, o mais equilibrado posible.
- Conexión dos viais do Parque coa rede de camiños existente.
- Chegar a un mínimo de desenrolo dos viais, cumprindo os condicionantes anteriores.

Outro factor de importancia á hora de definir a ordenación da zona é a existencia, ao noroeste do núcleo de Sobre da Fonte, o que implica crear zonas de transición entre o uso residencial e o industrial.

A presenza de dous regos no interior do eido de estudo e a necesidade de respectar os seus leitos, é outro dos factores que incide nas posibilidades de ordenación do Parque Empresarial. Así mesmo, intentouse preservar en todo momento a superficie arbórea establecendo medidas para a súa conservación e integración, garantindo na medida do posible a continuidade espacial dos espazos verdes.

Outro dos factores que condicionan a ordenación do Parque foi a topografía do terreo ao intentar compatibilizar, trazados e pendentes de viais e plataformas homoxéneas edificables co mínimo movemento de terras.

Compatibilizando tódolos condicionantes e limitacións chegouse á solución que se presenta como definitiva. En todo caso, a solución definitiva foi escollida despois de barallar as propostas de ordenación que se describen a continuación:

3.2.3.1 Alternativa 1

a) CONEXIÓN DO SECTOR CO SISTEMA VIARIO.

Tivéronse en conta as afeccións derivadas da presenza da estrada CP-2405 e da vía do ferrocarril, principalmente derivadas das súas zonas de servidume e da posición da liña límite de edificación.

A existencia do enlace da vía de alta capacidade V.G.R.-4.8 coa estrada provincial CP-0017, da que xorde un ramal que bordea ao sector, determina de forma unívoca a conexión do sector co sistema xeral viario existente. A partir da vía de alta capacidade, accédese á estrada PO-531 pertencente á Rede Primaria Básica, a partir da que se accede á autoestrada AP-9. A inexistencia doutros viais con capacidade suficiente para poder servir de conexión, impide considerar outra conexión principal que non sexa a partir da mencionada vía rápida, no extremo Sueste do sector. Por outro lado, tratouse de manter as conexións que existen actualmente cos viais municipais que rodean ao sector.

b) TOPOGRAFÍA E XEOLOXÍA

Respecto a topografía e xeoloxía do contorno, hai que ter en conta que se trata dunha zona cunha topografía moi suave con pouca posibilidade de admitir considerables movementos de terras.

c) RESPECTAR O CARÁCTER DO NÚCLEO DE POBOACIÓN DE SOBRE DA FONTE

Partindo do respecto do carácter residencial do núcleo de poboación de Sobre da Fonte, localizouse

PROXECTO SECTORIAL DO PARQUE EMPRESARIAL DE CEREDA (A CORUÑA)

colindante co referido núcleo unha parte importante da zona verde esixida legalmente, coa finalidade establecer unha zona de transición entre o uso residencial do núcleo e o uso industrial.

Co obxectivo de manter o carácter do núcleo, tamén se evitou o trazado de novas vías de comunicación co polígono industrial polo interior do núcleo, respectándose as estruturas das súas rúas.

d) PROTEXER OS REGOS QUE ATRAVESAN O SECTOR.

Os regatos que discorren polo sector supoñen un importante condicionante da ordenación establecida, ao tratarse de respectalos e poñelos en valor.

3.2.3.2 Alternativa 2

Na segunda e definitiva alternativa os viais adáptanse mellor á topografía. Os viais foron calculados en función das rasantes e os noiros recalculáronse de xeito que sexan mas estables.


Na zona do ferrocarril o vial discorre paralelo á traza para adaptarse o terreo. Nesta alternativa o río é necesario saltalo en dous puntos para facilitar a comunicación interior do polígono, tanto peonil como rodada e evitar así os fondos de saco existentes na primeira alternativa e que dificultan o xiros dos vehículos.

Para evitar glorietas moi próximas entre si e devanditos fondos de saco que compliquen a comunicación do Parque Empresarial modificouse o trazado do vial municipal existente no seu tramo final e o prolongouse o vial interior ata a glorieta existente. Esta glorieta ampliase para recoller os viais que desembocan nela.

Ubicanse os servizos urbanísticos do Parque Empresarial; un próximo o equipamento e outros na glorieta prevista na metade do vial municipal existente. Esta glorieta facilitara a ampliación do parque cara o leste.

Respecto as dotacións de zonas verdes, nesta alternativa destinase mais superficie de zona verde a zona de transición entre o núcleo de Sobre da Fonte e o Parque Empresarial. Ampliase tamén a zona verde en torno os regos que discorren polo ámbito creando paseos ou percorridos lonxitudinais que constitúen un elemento de transición amortiguador mais efectivo.

GRAFICO N°9 Alternativas de zonificación: A1 e A2



PROXECTO SECTORIAL DO PARQUE EMPRESARIAL DE CERCEDA (A CORUÑA)

3.3 ESTRUCTURA XERAL DA ORDENACIÓN ADOPTADA

A solución adoptada para o deseño de ordenación do PSPEC, parte dos obxectivos e criterios descritos no apartado anterior, para formalizarse tal e como se mostra nos planos de ordenación.

O Parque Empresarial implántase no ámbito delimitado polo ferrocarril no seu vento oeste e a estrada que o circunvala polo sur e este e que comunica a estrada da Deputación AC-2402 e a nova estrada autonómica AC- 523. Nestas inmejorables condicións de accesibilidade, o PSPEC recolle a localización dunha área de actividades capaz de albergar entre outros usos a implantación dun gran parque empresarial, ben localizado en relación á comarca ás áreas actuais de actividade industrial (Polígono Industrial de Acevedo, Centro Loxístico de Transportes de Culleredo, Porto Exterior de A Coruña, Polígonos Industriais de Arteixo). Esta actuación enmárcase igualmente na estratexia definida polas ampliacións dos parques industriais na comarca e no propio Concello para a diversificación das bases da actividade económica da Comarca e de apoio á Área Metropolitana de A Coruña, consolidando e afianzando a experimentada nos últimos anos, e apoiándose no horizonte da significativa mellora das infraestruturas de comunicacións previstas para o inmediato futuro.

As condicións topográficas e medioambientais, así como as infraestruturas e implantacións industriais contiguas existentes, acotan o desenvolvemento do Proxecto, que se adapta a elas na medida en que poda dar solución ao mesmo tempo aos usos aos que se destinará o solo.

Neste senso e en canto á súa implantación, o PSPEC alcanza unha boa adaptación topográfica, garantindo a compensación de terras durante a fase de urbanización, de tal maneira que non son de esperar sobrantes, coas vantaxes económicas e ambientais que isto trae consigo.

O primeiro criterio para a súa ordenación urbanística diríxese a alcanzar unha xerarquía viaria que garanta a fluidez das comunicacións desde os accesos exteriores. Organízase así un eixe principal na dirección nordeste-sudoeste (Vía 1) que vai entre a rotonda no vial de enlace e que comunica a estrada autonómica coa estrada da deputación e a rotonda ubicada no paso da vía ferroviaria. Este eixe complementase con outros dous paralelos polo noroeste (Vías 2 e 3) que serve de eixes estruturantes. Con este trazado viario, procúrase obter o maior número posible de parcelas regulares, con cuarteiróns nos que se obteñen parcelas de distinta dimensión, que dotan ao parque de gran versatilidade para acoller distintos usos e actividades, atendendo ao carácter supramunicipal da actuación. Influencia determinante na configuración viaria e consecuentemente parcelaria ten a presenza do afluente do Río Barcés no ámbito do PSPEC, que discorrendo paralelo á Vía 1 configura a zona verde do PSPEC.

Coa zonificación realizada ofrécense un gran número de parcelas pequenas e medianas susceptibles en todo caso de agregación, e un número menor de parcelas de gran tamaño atendendo á diversificación de usos.

O sistema dotacional do PSPEC, vinculado ao eixe principal concéntrase en dúas grandes zonas, a primeira, coincidindo cos cursos de auga existentes no ámbito, preservando coa ordenación proxectada os leitos públicos e a vexetación autóctona asociada a eles para o seu destino a parque público. A segunda zona dotacional localízase ao suroeste, no acceso ao PSPEC, ocupando un espazo representativo e de imaxe exterior, cunha pequena zona verde e que complementa e harmoniza o equipamento.

PROXECTO SECTORIAL DO PARQUE EMPRESARIAL DE CERCEDA (A CORUÑA)**3.3.1 Zonificación**

O eido de actuación do PSPEC, (incluídos os solos rústicos) ten unha superficie total de 420.643,79m². Foi dividido nas zonas grafitadas no Plano Nº V.2 do PSPEC “Zonificación”, cuxa distribución de superficies está contida no Cadro Nº13.

3.3.2 Aproveitamento tipo

No sector obxecto do presente Proxecto Sectorial a superficie de solo urbanizable é de 386.996,51 m², correspondéndolle unha ocupación máxima por edificacións de 386.996,51 m² x 2/3 = 257.997,63 m².

En función das zonas en que se dividiu o PSPEC, e tendo en conta as posibilidades máximas de edificación a distribución de ocupacións máximas sería a que se mostra no Cadro nº13.

Respectase a ocupación máxima de dous terzos da superficie do eido, o que implica unha ocupación sobre a superficie de uso privado do 70,00 %.

Para o seu destino como oficinas, salas de reunión, exposicións, etc..., para o cálculo da edificabilidade do sector pátense do dato obtido da superficie ocupada máxima, a que se incrementará arredor do 40% alcanzándose unha edificabilidade bruta do PSPEC de 0,60 m²/m², cuxa distribución por zonas está contida no Cadro Nº 13 seguinte, na que tamén efectuouse o cálculo do aproveitamento tipo.

En relación co cálculo do aproveitamento tipo e co coeficiente de ponderación estableceuse un único coeficiente de ponderación, xa que os usos, tipoloxías e edificabilidades son semellantes no eido.

PROXECTO SECTORIAL DO PARQUE EMPRESARIAL DE CERCEDA (A CORUÑA)

CADRO Nº 13 ZONIFICACIÓN E APROVEITAMENTO TIPO

SOLO	EIDO	SUP. TOTAL (M ²)	EDIFICABILIDADE (M2/M2)	SUP. EDIFICABLE (M2)	COEF.DE PONDERACIÓN	APROV. LUCRAT. EN USO E TIPO CARACT.(UA)	APROV. TIPO (UA/m2)
URBANIZABLE	Z. Privadas						
	O-1.1.-Industrial	133.534,39	1,00	133.534,39	1	133.534,39	-
	O-1.2.-mixto (Industrial-Terciario)	97.632,92	1,00	97.632,92	1	97.632,92	
	Total Z privadas	231.167,31	1,00	231.167,31	1	231.167,31	-
	Zonas públicas						
	O-2.- Zonas verdes e espazos libres computables	81.912,84	-	-	-	-	-
	O-2 - Zonas verdes e espazos libres non computables	10.470,41					
	O-3.- Equipamento	8.486,38	_(1)	-	-	-	-
	O-4.- Viario rodado	49.464,08	-	-	-	-	-
	O-4 – Praia de aparcadoiros	2.316,63					
	O-5 Viario peonil e tráfico restrinxido	1.489,30	1	-	-	-	-
	O-6 Infraestrutura de servizos	1.689,56	1	-	-	-	-
	Total Z públicas	155.829,20	_(1)	-	-	-	-

PROXECTO SECTORIAL DO PARQUE EMPRESARIAL DE CERCEDA (A CORUÑA)

	TOTAL URBANIZABLE	386.996,51	0,60	231.257,95	1	231.257,95	
RÚSTICO	Zonas Públicas						
	O-2 - Zonas verdes e espazos libres non computables	29.309,12					
	O-4 - Viario rodado	4.338,16					
	Total Z públicas	33.647,28					
	TOTAL SOLO RÚSTICO	33.647,28					
TOTAL EIDO	420.643,79						0,55

-(1) O equipamento non computa a efectos do cálculo do aproveitamento tipo, por ser de cesión e non constituír un uso lucrativo

PROXECTO SECTORIAL DO PARQUE EMPRESARIAL DE CERCEDA (A CORUÑA)

3.3.3 Accesos, rede viaria e aparcadoiros

Os accesos ao Parque Empresarial de Cerceda realízanse polo seu borde Este a través de dúas rotondas proxectadas sobre a estrada municipal de Mesón do Vento a Cobeláns. Unha das conexións realízase a unha distancia de aproximadamente 440 m do enlace daquela coa AC-2405, situado a escasos 500 m da súa conexión coa AC-523, polo que a comunicación con esta vía é inmediata.

Dita conexión garantirá a inserción do futuro Parque dentro da rede viaria existente e en execución, definindo unha clara situación estratéxica respecto ao Porto Exterior de Punta Langosteira, a través da A-6, e ao futuro Centro Loxístico e de Transportes de Culleredo.

A rede viaria prevíuse para funcionar con dous sentidos de circulación en todos os viais. Os radios mínimos dos viais en planta, rotonda e interseccións cumpren coas "Recomendacións para el Proyecto de Intersecciones" de la Dirección General de Carreteras, para o caso de vehículos articulados.

O desenvolvemento da ordenación garantirá as distintas conexións viarias necesarias para o bo funcionamento do eido conforme ao seu desenvolvemento e xestión.

Co propósito de non interromper as condicións de uso dos terreos limítrofes co Parque, mantense os itinerarios peonís existentes a través do viario do Parque, suprimindo o obstáculo que este suporía para as aglomeracións de poboación situadas ao Norte e ao Sur do eido.

Deste xeito, os eidos dos arredores situados no exterior quedan perfectamente servidos pola rede de camiños existentes e previstos así como a través dos distintos viais do Parque.

A estrutura da demanda de solo empresarial, implica a construción de viais compatibles con vehículos para transportes especiais, articulados e tráilers. Por isto, para este tipo de esixencias, a pendente máxima admisible será do 6 %, e os radios mínimos de xiro de 20 m, evitando na medida do posible, os fondos de saco.

Como resultado, defínense os eixes seguintes:

- Eixe 1: Constitúe o Vial de acceso principal ao Parque dende as rotondas de entrada a través da estrada municipal a Cobeláns. Eixe cunha única calzada cun carril por sentido, aparcadoiro en liña e beirarrúas a ambos lados.
- Eixe 2: Vial perimetral de distribución principal do tráfico polo interior do Parque. Eixe cunha única calzada cun carril por sentido, e bandas de aparcadoiros en liña e beirarrúas a ambos lados.
- Eixe 3: Paralelo ao Eixe 1 cunha única calzada cun carril por sentido, bandas de aparcadoiros en liña e beirarrúas a ambos lados. O conxunto da rede peonil e está formada por:
 - ❖ Beirarrúas de 3,00 metros de anchura ao longo dos viais.
 - ❖ Camiños peonís de 4,00 metros de ancho que en relación co viario do Parque permitan manter os percorridos existentes.

As prazas de aparcadoiro esixidas legalmente, repártense entre a rede viaria (aparcadoiro público) e as parcelas privadas (aparcadoiros privados).

A dotación de prazas de aparcadoiro públicas, localízanse nas marxes dos viarios do sector. No viario estableceuse aparcadoiro en fila en todos os viarios. As prazas de aparcadoiro establecidas teñen unha dimensión de 2,50 m x 5,00 m.

O número total de prazas de aparcadoiro públicas establecidas é de 655 prazas que supera as mínimas establecidas legalmente. Do total de prazas de aparcadoiro un 2 %, como mínimo, destinaranse a usuarios de mobilidade reducida e terán unha superficie rectangular mínima de 3,50 m x 5 m.

PROXECTO SECTORIAL DO PARQUE EMPRESARIAL DE CERCEDA (A CORUÑA)

Tendo en conta que o viario acolle 655 prazas de aparcadoiro, nas parcelas privadas deberán reservarse as 1.658 prazas restantes, o que supón que no interior das parcelas deberán reservarse nos proxectos de edificación $231.257,95 \text{ m}^2/1.658 \text{ prazas} =$ unha praza de aparcadoiro por cada 139 m^2 edificables ou redondeando 1 praza de aparcadoiro por cada 135 m^2 edificables.

3.3.4 Sistema xeral de espazos libres e zonas verdes

Segundo o establecido no Art. 47.2.a.-) da LOUG, a reserva de solo con destino ó sistema de espazos libres e zonas verdes en eidos de uso terciario ou industrial, non será inferior ó 10 % da superficie total do eido.

A superficie destinada polo PSPEC a espazos libres públicos de carácter local é de 81.912,84 m^2 , o que representa o 21,17 % que é mais do 10 % da superficie total do Proxecto Sectorial (386.996,51 m^2), cumprindo coas esixencias legais.

3.3.5 Sistema xeral de equipamento comunitario

Segundo o establecido no Art. 47.2º.b.-) DA LOUG, a reserva de solo con destino a equipamentos públicos en eidos de solo terciario ou industrial, non será inferior ó 2 % da superficie total do eido.

A superficie destinada polo PSPEC ao sistema de equipamentos públicos é de 8.486,38 m^2 , o que representa o 2,19 % da superficie total do eido (386.996,51 m^2). Dita superficie cumpre coas reservas establecidas legalmente.

3.3.6 Rede de abastecemento de auga potable e rego

Como valor de partida adóptase un consumo medio diario de 0,5 l/s.hectárea.

A partir desta premisa, considerando as distintas superficies contempladas no Parque Empresarial, dedúcense os caudais de deseño.

É preciso mencionar que para a estimación do caudal medio computa a superficie total do Parque. En cambio, para o cálculo do caudal punta, utilizarase a dotación de 0,5 l/s, pero aplicada exclusivamente á superficie das parcelas, cun factor punta de 3.

Caudal Medio: $0,5 \text{ l/s Ha} \times 42,06 \text{ Ha} = 21,03 \text{ l/s}$

Caudal Punta: $3 \times 0,5 \text{ l/s Ha} \times 23,12 \text{ Ha} = 34,68 \text{ l/s}$

O sistema actual de abastecemento a Cerceda aliméntase da captación existente no rego Lengüelle que dispón dunha autorización de 30 l/s. A auga captada condúcese á ETAP (cota aproximada 268 m), na que a capacidade de tratamento é na actualidade de 17,36 l/s (1500 m^3 en 24 horas), pero que coa a ampliación executada por Augas de Galicia acadará os 30 l/s. Dende a estación depuradora elévase a auga ata os depósitos de 1.000 m^3 e 1.400 m^3 (cota aproximada 425 m) a través dunha impulsión de fundición de 200 mm de diámetro.

Segundo conversacións mantidas coa compañía xestora dos servizos de abastecemento e saneamento e co Concello, a infraestrutura necesaria para dar servizo ao parque, consistiría en:

- Amplia-la captación existente en 8,5 l/s.
- Amplia-la capacidade de tratamento actual da ETAP en 8,5 l/s.
- Aumenta-la capacidade actual do bombeo da ETAP.
- Construír un novo depósito de 1.800 m^3 de capacidade a carón dos depósitos existentes.
- Substituí-la conducción de $\Phi 200 \text{ FD mm}$ existente por unha de $\Phi 300 \text{ FD mm}$ ata a conexión coa rede interior do Parque.

A presión da que se dispón á altura do inicio da rede no Parque, será suficiente para garanti-lo subministro

PROXECTO SECTORIAL DO PARQUE EMPRESARIAL DE CERCEDA (A CORUÑA)

cunha presión de 2,5 atm.

O abastecemento proxectarase seguindo un esquema de rede mixta con canos de fundición e polietileno de alta densidade baixo as beira rúas dos viais.

3.3.7 Rede de hidrantes

En cumprimento do Regulamento Contra Incendios en Instalacións Industriais (REAL DECRETO 786/2001, de 6 de Xullo), expónse unha rede de hidrantes. O deseño e alimentación da rede que contén aos hidrantes é adecuado para que, baixo a hipótese de posta en servizo dos dous hidrantes máis próximos a calquera posible incendio, o caudal de cada un deles sexa, como mínimo, de 1.000 l/min (hidrantes tipo 100 mm) durante dúas horas e cunha presión mínima de 50 m.c.a en calquera punto da urbanización.

Os hidrantes de incendios colocaranse en lugares facilmente accesibles aos equipos do Servizo de Extinción de Incendios, debidamente sinalizados conforme a Norma UNE 23-033-81 "Protección e loita contra incendios. Sinalización", e distribuídos de maneira que a distancia entre eles, medida por espazos públicos, non sexa en ningún caso superior a 40 m.

3.3.8 Rede de saneamento

O sistema de saneamento será separativo ao estar previsto conectar as augas fecais ao sistema xeral proxectado na zona.

a) REDE DE AUGAS NEGRAS

O trazado da rede de augas negras prevese de forma ramificada ao longo dos viais do Parque, coincidindo finalmente os distintos colectores para a súa posterior conexión co Colector Xeral de Saneamento que percorrerá a estrada de Cerceda a Mesón do Vento por Cobeláns, e conducirá as augas residuais xeradas á nova depuradora industrial, prevista por Augas de Galicia para recoller todas as augas industriais da zona (existentes e futuras), situada ao Este do eido de actuación, próxima á AC-523.

Para o cálculo do caudal de augas residuais tomouse unha dotación en función da superficie de parcelas. A dotación que se adoptou é de 0,5 l/seg.Hectárea de parcela, asumindo un factor punta de 3.

Caudal Medio: $0,5 \text{ l/s Ha} \times 42,06 \text{ Ha} = 21,03 \text{ l/s}$

Caudal Punta: $3 \times 0,5 \text{ l/s Ha} \times 23,60 \text{ Ha} = 35,40 \text{ l/s}$

b) REDE DE SUMIDOIROS

A rede de sumidoiros evacuará os caudais das choivas previamente tratados ao rego existente.

Proxéctase unha rede mediante colectores de PVC e de formigón que transporten a escorrentía superficial de viais e parcelas ata o punto de vertido mais conveniente.

Dimensiónanse, por outra banda, cunetas de garda, perimetrais, para recolle-las augas das cuncas exteriores polas que vese afectada a zona de actuación, e impedir que a auga entre nas parcelas. Estas conduccións desaugarán na rede de pluviais proxectada ou directamente nos regos existentes.

Dispónse catro canalizacións perimetrais de sección trapezial e a celo aberto ao longo do flanco Noroeste e Sueste do eido, para captar dun lado as aportacións dos taludes xerados entre o límite do parque e a zona destinada a parcelas, e outras dúas para recolle-las pluviais das parcelas situadas ao Nordés con fronte ao Eixe 2 e na marxe dereita do Eixe 3.

Agora ben, para evitar sobrepasar a capacidade hidráulica dos mesmos e garanti-la calidade do efluente, as aportacións de pluviais das parcelas e a rede viaria do parque, desaugaranse da seguinte forma:

Propónse a construción dun tanque de tormentas (IS-2) a xeito de depósito de primeiro lavado no extremo

PROXECTO SECTORIAL DO PARQUE EMPRESARIAL DE CERCEDA (A CORUÑA)

da rede, xunto a un dos accesos ao parque, do que partirá un tubo de formigón de 1200 mm de diámetro que descenderá cara ao rego. Este tanque evitará o vertido de contaminantes a canle natural e ao mesmo tempo permitirá lamina-las puntas de avenida.

Para o deseño dos elementos da rede de augas pluviais adoptáronse os seguintes criterios:

- Pluviometría: Período de retorno de 10 anos e 10 minutos de tempo de concentración.
- Transformación chuvia-escorrentía: Cálculo mediante o Método Racional Modificado.
- As aportacións das cuncas lindieras obteráanse para o período de retorno de 100 anos.

3.3.9 Rede de Enerxía eléctrica en MT e BT.

A distribución de enerxía eléctrica polo interior do Parque Empresarial será totalmente subterránea, proxectándose dúas canalizacións distintas: unha para media tensión que alimenta os centros de transformación, e outra para baixa tensión que alimente as acometidas ás parcelas.

Se proxecta a realización dun anillo de media tensión formado por unha terna de cables de aluminio de 150 mm² que alimente os centros de transformación e ás parcelas de tamaño maior de 2.000 m², para as que se prevé un consumo maior de 50kW.

As parcelas de un tamaño menor ás anteriores alimentaránse en baixa tensión. Dispoñeráse a canalización prevista para esta alimentación e o cableado de baixa tensión para dar alimentación a estas parcelas.

A potencia demandada calculouse estimando unha demanda de 25 W/m², obténdose unha potencia total de 6.000 kW.

Estímase que serán precisos 3 centros de transformación de 400 kVA de potencia. O número e situación dos centros de transformación non son vinculantes, xa que a súa completa definición depende das determinacións que a compañía suministradora dispoña. Estas determinacións recolleráanse no proxecto de urbanización, onde se estudiará máis a fondo a infraestrutura eléctrica do polígono.

Para a conexión coa rede eléctrica existente prevese unha conexión para a provisión de enerxía eléctrica na zona Sueste do Parque Empresarial.

A solución definitiva plasmaráse no Proxecto Eléctrico e no Proxecto de Urbanización seguindo as directrices da Compañía Suministradora (Unión Fenosa). Dita Compañía ten aberto unha Provisión de Servicio para o Parque Empresarial de Cerceda con número de expediente 218109110149, na que se indica a solución definitiva e a dimensión económica da acometida eléctrica.

3.3.10 Rede de Alumado público.

Para o alumbrado público do Parque Empresarial, dadas as características da urbanización e a tipoloxía dos viales, considéranse columnas de 10 m. de altura para o cálculo da distancia entre as luminarias para garantir un nivel de iluminación adecuado.

Nos viales de 18 m. de anchura, as luminarias colócanse ó tresbolillo a unha interdistancia de 28 m., e no vial de 10 m. de anchura, as luminarias colócanse a unha interdistancia de 35 m, colocándose todas na mesma marxe da calzada. As luminarias serán de 150 W de potencia de vapor de sodio de alta presión.

Nas glorietas colócaranse no centro catro luminarias de 400 W de potencia de vapor de sodio de alta presión, colocadas a 10 m. de altura.

Na senda peatonal instalaránse luminarias esféricas de 100 W de vapor de sodio de alta presión sobre columna de 4 m. de altura, colocadas cunha interdistancia de 22 m.

Os cálculos e os sistemas de iluminación descritos desenvolveráanse con maior detalle no Proxecto de Urbanización.

PROXECTO SECTORIAL DO PARQUE EMPRESARIAL DE CERCEDA (A CORUÑA)

3.3.11 Rede de Telefonía e telecomunicacións.

A conexión do Parque Empresarial de Cerceda coa rede de telecomunicacións existente faise a través de dous puntos:

- Por unha banda, establécese a conexión coa rede aérea existente aproximadamente paralela á estrada AC- 2405, situada ao Norte do eido, xa que nesta liña de postes hai fibra óptica.
- Doutra banda, exponse tamén a conexión, a través dunha arqueta D, coa rede enterrada (dous condutos de Ø110 mm) que cruza a vía do ferrocarril pola rotonda de entrada ao Parque (inicio Eixe 1).

3.3.12 Rede de Gas.

Conforme ós datos aportados pola compañía, plantéxanse dous puntos de conexión da rede interior do Parque coa rede xeral existente.

O diámetro escollido de 160 mm. é capaz de conducir un caudal bastante importante de Gas Natural para atender os consumos que se poidan dar.

3.3.13 Xestión de residuos

O concello debe prestar como servizo público obrigatorio a recollida, transporte e tratamento dos residuos urbanos na forma establecida pola lexislación vixente e tamén debe ter implantado un sistema de recollida selectiva de residuos. Segundo datos proporcionados polo propio Concello de Cerceda elaborase o seguinte cadro sobre o sistema municipal de xestión dos residuos.

CADRO Nº 14 .- XESTIÓN DOS RESIDUOS

	RSU (Tm)	Bolsa amarela	Papel e Cartón	Vidro
Tm	1.822,86 (2007) 1.966,01 (2008)	33,9 (2007) 26,54 (2008)	14,56 (2007) 11,58 (2008*)	105,54 (2008) 73,70 (2009*)
Frecuencia recollida	Nalgunhas zonas unha vez a semana, noutras dúas.	Dúas veces o mes	Contedores dúas veces o mes. Porta a porta unha vez a semana	Unha vez o mes
Empresa xestora	SOGAMA	Excavaciones y obras Cerceda	COREGAL	Excavaciones y obras Cerceda

* Dato ata 31/10/2009

A recollida de voluminosos realízase no Punto Limpo existente no municipio dende o ano 2001, no lugar de Acevedo s/n, ou porta a porta o último venres de cada mes pola empresa Excavaciones y Obras Cerceda. Desde o concello de Cerceda realízanse campañas informativas sobre os horarios de apertura e utilidade do Punto Limpo.

O Punto Limpo acumula tamén os plásticos agrícolas para a súa entrega a TRAGSA, empresa encargada da recollida.

As pilas pódense entregar no Punto Limpo ou nos contedores que existen nos diferentes locais do concello, colexios, centros de saúde, e nalgúns establecementos da vila. Os contedores recóllense periodicamente e depositanse no Punto Limpo para a súa entrega a LIMCO a empresa encargada da súa recollida.

O Proxecto de urbanización do PSPEC debe garantir a correcta xestión dos residuos xerados polas diferentes fases do proxecto (fases de obras, explotación e abandono).

Respecto os residuos comerciais, os produtores estarán obrigados a entregar os seus residuos a un xestor

PROXECTO SECTORIAL DO PARQUE EMPRESARIAL DE CERCEDA (A CORUÑA)

autorizado para o seu tratamento ou ben acollerse ao sistema de recollida e xestión que o ente local competente estableza para este tipo de residuos.

Respecto os residuos de construción e demolición (RCD) o concello ten competencia para o control dos residuos producidos nas obras autorizadas por el. Neste sentido, no momento de outorgar licenza de obras, o produtor debe presentar un estudo de xestión de RCD que debe ser valorado polo concello.

No PEC a xestión de residuos industriais deberá levarse a cabo mediante algunha das seguintes alternativas posibles de xestión:

- ALTERNATIVA A: Xestión individualizada dos residuos por parte das empresas. Neste caso será condición indispensable para a implantación de calquera instalación ou empresa no parque industrial, que dispoña dos medios e autorizacións necesarias para a súa correcta xestión dos residuos.
- ALTERNATIVA B: Xestión conxunta mediante a instalación dun centro específico para a clasificación e almacenamento dos residuos industriais xerados nas instalacións e empresas do parque, que funcione a modo de centro de transferencia dos residuos dende as empresas produtoras ata os xestores finais.

PROXECTO SECTORIAL DO PARQUE EMPRESARIAL DE CERCEDA (A CORUÑA)

4 IDENTIFICACIÓN E CARACTERIZACIÓN DOS EFECTOS SOBRE O MEDIO AMBIENTE

No presente apartado realizase a identificación e caracterización dos impactos sobre o medio ambiente xerados polo Proxecto proposto. Sobre as accións do PSPEC susceptibles de xerar impactos, a principal causa deriva do feito da ocupación do solo e dos cambios nas súas características naturais. A intensidade da modificación depende fundamentalmente da singularidade e calidade dos elementos do medio a modificar, da maneira na que se produce o cambio (ocupación, consumo de recursos, etc.), das externalidades que a ocupación xerará na comunidade e o balance sobre a mellora socioeconómica que producirá.

No seguinte cadro realizase unha aproximación sobre as determinacións do PSPEC e as accións derivadas susceptibles de producir impactos sobre as diferentes variables ambientais estudadas neste informe e sinaladas no Documento de Referencia do Proxecto.

CADRO Nº 15 .- ACCIÓNS SUSCEPTIBLES DE XERAR IMPACTOS

Fases	Accións
Fase previa	Incremento do valor do solo Expropiación de terreos
Fase de obras	Debroco e tala da vexetación Movementos de terras Xeración de residuos de obra Movementos de maquinaria Emisións atmosféricas: ruidos, vibracións, emisións de contaminantes gasosos, etc.. Préstamos e vertedoiros Consumo de recursos Roturas de tubarias, perda de auga, emisión de malos olores Instalación de obras de infraestruturas (eléctrica, telefonía, etc.) Instalación de espazos libres públicos e equipamentos. Instalación da rede de saneamento Instalación da rede de abastecemento de auga. Construción do sistema viario.
Fase de explotación	Presenza da infraestrutura Consumo de recursos Gasto enerxético Xeración de residuos Incremento do tráfico de vehículos, emisións contaminantes Presenza de dotacións Incremento da accesibilidade (execución do viario) Mantemento e conservación dos sectores Mantemento e conservación das zonas verdes

PROXECTO SECTORIAL DO PARQUE EMPRESARIAL DE CERCEDA (A CORUÑA)

A identificación de impactos realízase mediante a elaboración dunha matriz de dobre entrada, na que no eixe de abscisas se sinalan as accións do Proxecto, e no eixe de ordenadas os factores ambientais que presumiblemente se verán afectados polo seu desenvolvemento.

Posteriormente, procederáse á caracterización e avaliación dos impactos xerados sobre eses factores co obxectivo de establecer as medidas preventivas correctoras e de seguimento apropiadas para cada un deles.

4.1 CARACTERIZACIÓN DE IMPACTOS

O significado dos impactos sobre os elementos do medio natural lévase a cabo definindo as alteracións mediante os seguintes criterios:

- ❖ Signo do impacto, que pode ser:
 - Positivo: é aquel admitido como tal tanto pola comunidade técnica coma pola poboación en xeral, tendo en conta os factores tanto internos como externos á actuación contemplada.
 - Negativo: é aquel que reflicte perda de algún ou algúns valores existentes no medio ou un incremento nos prexuízos provocados pola contaminación, alteración da paisaxe, etc.
- ❖ Intensidade do efecto (I) referido ao grao de incidencia da acción: Expresase en función da suposta destrución total do factor, unha afección mínima e as situacións intermedias.
- ❖ Pola relación causa-efecto (EF):
 - Directo: é aquel que ten unha incidencia inmediata nalgún factor ambiental.
 - Indirecto ou secundario: é aquel que supón incidencia inmediata respecto a relacións de interdependencia ou en xeral, respecto á relación dun sector ambiental con outro.
- ❖ Persistencia do impacto (PE): refírese ás súas características temporais do efecto desde a súa aparición:
 - Impacto Fugaz: Aquel cuxa permanencia ten lugar durante menos dun ano.
 - Impacto temporal: Aquel que supón alteración entre 1 e 10 anos.
 - Impacto permanente : Aquel cuxo efecto ten unha duración superior os 10 anos.
- ❖ A reversibilidade do impacto (RV): ten en conta a posibilidade ou dificultade de retornar á situación anterior da actuación. Falarase entón de:
 - Impacto Reversible: aquel no que a alteración que supón pode ser asimilada polo ámbito de forma medible a curto (1 ano) ou a medio prazo (entre 1 e 10 anos), debido ao funcionamento dos procesos naturais da sucesión ecolóxica, e dos mecanismos de autodepuración do medio.
 - Impacto Irreversible: aquel no que a asimilación da alteración, e polo tanto a volta á situación preoperacional, é practicamente imposible.
- ❖ Momento do Impacto (MO), referido ao tempo transcorrido entre a aparición da acción e o comezo do efecto: Corto, Medio e Longo Prazo: Aquel cuxa incidencia pode manifestarse respectivamente dentro do tempo comprendido nun ciclo anual, entre un e cinco anos, ou en período superior.
- ❖ Pola interrelación de accións e/ou efectos, acumulación, (AC): refírese a todas as accións fóra do ámbito do proxecto que afectan ao mesmo recurso ambiental e contribúen a que o impacto sexa maior. Distínguense impactos:
 - Simple: son os que se manifestan sobre un solo compoñente ambiental e non inducen efectos secundarios nin acumulativos.

PROXECTO SECTORIAL DO PARQUE EMPRESARIAL DE CERCEDA (A CORUÑA)

- Acumulativos: son os que incrementan progresivamente a súa gravidade cando se prolonga a acción que o xera.
- Sinérxicos: aqueles impactos pouco importantes individualmente pero que combinados poden dar lugar a outros de maior entidade. cando o efecto producido é acumulativo considerase moi sinérxico.
- ❖ Importancia do Impacto sobre o factor ambiental (IM), ven representada polo seguinte modelo de cuantitativo: $IM = \pm [3(I) + 2(EX) + SI + PE + EF + MO + AC + MC + RV + PR]$

CADRO Nº 16 .- CARACTERIZACIÓN DOS IMPACTOS

Signo		Intensidade		Extensión	
Positivo + Negativo -		Baixa	1	Puntual	1
		Media	2	Parcial	2
		Alta	4	Extenso	4
		Moi Alta	8	Total	8
		Total	12		
Momento (MO)		Recuperabilidade (MC)		Reversibilidade (RV)	
Largo prazo	1	Inmediato	1	Corto prazo	1
Medio prazo	2	A medio prazo	2	Medio prazo	2
Inmediato	4	Mitigable	4	Irreversible	4
Crítico	+4	Irrecuperable	8		
Persistencia (PE)		Sinexía (SI)		Periodicidade (PR)	
Fugaz	1	Simple	1	Descontinuo	1
Temporal	2	Sinérxico	2	Periódico	2
Permanente	4	Moi sinérxico	4	Continuo	4
Acumulación (AC)		Efecto (EF)			
Simple	1	Directo		1	
Acumulativo	4	Indirecto		4	
Importancia (IM)					
$IM = \pm [3(I) + 2(EX) + SI + PE + EF + MO + AC + MC + RV + PR]$					

4.2 AVALIACIÓN GLOBAL

Mediante a análise da importancia do efecto realízase unha avaliación global que permite adquirir unha visión integrada e sintética da incidencia ambiental do PSPEC interrelacionando a causa-efecto coa estimación do impacto potencial.

Realízase unha media ponderada dos valores sinalados, obténdose así o impacto total como un resultado numérico de acordo coa lexislación de aplicación para a avaliación ambiental e tendo en conta a necesidade de aplicación de medidas correctoras ou protectoras e do tempo de recuperación, o valor do recurso afectado:

Unha vez obtida a valoración cuantitativa da importancia do efecto procedese á clasificación do impacto partindo da análise do rango da variación. A importancia do impacto toma valores entre 13 e 100. Se o valor é

PROXECTO SECTORIAL DO PARQUE EMPRESARIAL DE CERCEDA (A CORUÑA)

menor ou igual que 25 clasifícase como COMPATIBLE (CO), se o seu valor é maior que 25 e menor ou igual que 50 clasifícase como MODERADO (M), cando o valor obtido sexa maior que 50 pero menor ou igual que 75 entón a clasificación do impacto é SEVERO (S), e por último cando se obteña un valor maior que 75 a clasificación que se asigna é de CRÍTICO (C) :

- ❖ IMPACTO MÍNIMO: Aquel que pode demostrarse que non é notable.
- ❖ IMPACTO AMBIENTAL COMPATIBLE: Aquel cuxa recuperación é inmediata tras o cesamento da actividade, e non precisa prácticas protectoras ou correctoras.
- ❖ IMPACTO AMBIENTAL MODERADO: Aquel cuxa recuperación non precisa prácticas protectoras ou correctoras intensivas, e no que a consecución das condicións ambientais iniciais require certo tempo.
- ❖ IMPACTO AMBIENTAL SEVERO: Aquel no que a recuperación das condicións do medio esixe a adecuación de medidas protectoras ou correctoras, e no que, aínda con esas medidas, aquela recuperación precisa un período de tempo dilatado.
- ❖ IMPACTO AMBIENTAL CRÍTICO: Aquel cuxa magnitude é superior ao umbral aceptable; con el prodúcese unha perda permanente da calidade das condicións ambientais, sen posible recuperación, mesmo coa adopción de medidas protectoras ou correctoras.

4.3 EFECTOS AMBIENTAIS PREVISIBLES

A Integración de criterios ambientais e de sustentabilidade nas distintas fases de planificación permiten evitar e/ou minimizar os impactos negativos antes de que estes se produzan mediante a coherente aplicación de medidas preventivas.

Respecto a integración paisaxística das actuacións o cambio dos usos do solo é a incidencia mais notable. Sen embargo, a súa extensión, a inexistencia de vivendas no terreo, a normativa urbanística que lle outorga o PSPEC e a proximidade de áreas antrópicas garanten que na zona proposta a magnitude do impacto paisaxístico sexa mínima. As ordenanzas recollen as condicións de deseño e materiais co obxectivo de propiciar unha axeitada integración das edificacións na paisaxe.

Cabe sinalar tamén os impactos indirectos derivados das actuacións de urbanización desta área de solo necesarias para o acondicionamento do terreo, ou a construción de novas infraestruturas viarias ou de servizos cuxa correcta planificación, mediante a aplicación das medidas preventivas e correctoras establecidas no presente ISA permitirá corrixir e minimizar a súa incidencia global.

Ademais, para lograr a protección efectiva do recurso e a continuidade das calidades ambientais dos ecosistemas acuáticos, o novo desenvolvemento constará dun axeitado e eficiente sistema de saneamento, depuración e vertido das augas residuais.

Os impactos positivos derivados do desenvolvemento destas áreas están vinculados ao medio socioeconómico pola súa contribución co desenvolvemento e diversificación económica do territorio e polo incremento da calidade de vida e benestar da poboación. O fortalecemento do sector industrial do municipio é determinante cara á consolidación dun modelo económico descentralizado, un dos alicerces fundamentais da sustentabilidade territorial.

4.3.1 Atmosfera

As obras e a entrada en funcionamento do Parque Empresarial de Cerceda poden ser susceptibles de provocar algunhas modificacións nas condicións atmosféricas existentes na área de estudo debidas á emisión de substancias (partículas inertes e compostos químicos) e formas de enerxía que alteren a calidade do aire.

O efecto contaminante ten lugar como resultado da acumulación de partículas en suspensión na atmosfera,

PROXECTO SECTORIAL DO PARQUE EMPRESARIAL DE CERCEDA (A CORUÑA)

traspasando os límites da área de execución, ao ser transportado polos ventos dominantes. Nembargantes, eses mesmos ventos e a pluviometría potenciarán a actividade rexeneradora da atmosfera diminuíndo as concentracións de partículas en suspensión e permitindo que unha vez que finalice a acción, as concentracións recuperen os niveis preoperacionais. Por isto, as accións que poidan provocar a emisión de partículas de po e/ou gasosas á atmosfera realizaranse de forma escalonada e con carácter descontínuo.

A circulación pode provocar a emisión atmosférica de contaminantes compostos por partículas inertes procedentes de materiais pulverulentos así como dos subprodutos da combustión de carburantes.

Cabe sinalar a incidencia que presumiblemente terán sobre a calidade da atmosfera por un lado os sistemas de calefacción e refrixeración das novas edificacións que se unen aos existentes actualmente. En todo caso, as emisións atmosféricas de elementos contaminantes que se van a producir no curso do funcionamento do Parque Empresarial son directamente dependentes do tipo de actividades industriais que nel se instalen.

As industrias que se implanten deberán empregar as mellores técnicas dispoñibles para minimizar as emisións de sustancias contaminantes e as emisións sonoras e deberanse aplicar todas as medidas correctoras apropiadas que minimicen o impacto e que se recollen no seguinte apartado do ISA.

Non obstante, na Normativa do Proxecto Sectorial inclúense restricións nas emisións gasosas que se produzan á atmosfera, o que paliará en parte este efecto. Ademais, as industrias deben cumprir a Lei 34/2007, e estarán suxeitas á Avaliación de Incidencia Ambiental segundo establece o Decreto 133/2008, do 12 de xuño.

As accións que poden provocar modificacións nos niveis de ruído durante a fase de execución de obras son os movementos de terras e o transporte, namentres que durante o funcionamento a afección virá polo incremento da circulación de vehículos.

Os niveis sonoros poden verse alterados temporalmente dende o inicio das obras ate finalizar a fase de construción e poden espallarse aos asentamentos de poboación colindantes e sobre a fauna.

Por outra parte, as emisións sonoras consecuencia da actividade de obra e do seu posterior funcionamento cumpriran en todo momento os niveis máximos permitidos na lexislación vixente. En consecuencia, o impacto sonoro considerase de carácter compatible xa que se producirá un incremento dos niveis sonoros pero non se superarán os niveis permitidos por lei.

En consecuencia, existe o risco de que se produza un impacto de carácter negativo. Os efectos se producirán de maneira significativa a medio prazo, no inicio da actividade industrial, unha vez a urbanización e as edificación sexan executadas, e a súa incidencia será directa. A súa duración será temporal, asociado sempre á duración da actividade industrial. É un efecto irreversible. Trátase de un efecto acumulativo e sinérxico.

4.3.2 **Biodiversidade**

4.3.2.1 **Flora**

En xeral, os efectos que se xerarán sobre a flora existente na zona, poden resumirse en dous: alteración e/ou destrución da cuberta vexetal pola remoción dos horizontes do solo e perda, transformación e/ou fragmentación de hábitats, consecuencia das operacións de debroco e movemento de terras.

Cómpre salientar tamén a incidencia sobre as comunidades vexetais das alteracións non so a través do solo senón tamén a través do aire debido a acción dispérsante do medio atmosférico coa conseguinte obstrución de estoma e a consecuente alteración dos seus ciclos respiratorios e actividade fotosintética provocando posibles alteracións no desenvolvemento biolóxico das formacións vexetais nas proximidades dos focos de emisión.

As formacións vexetais afectadas, desde un punto de vista cuantitativo, son fundamentalmente

PROXECTO SECTORIAL DO PARQUE EMPRESARIAL DE CERCEDA (A CORUÑA)

aproveitamentos forestais (masas de eucalipto e masas mixtas de piñeiros e eucaliptos) e cultivos forraxeiros, xa que as zonas próximas a ribeiras dos cursos de auga que atravesan a zona en desenvolvemento, é polo tanto susceptibles de albergar vexetación de maior interese, non se verán afectadas polas obras de urbanización do PEC. Non se identifican elementos de especial protección.

A nivel cualitativo e sobre a base do interese para a conservación que presentan as comunidades faunísticas afectadas, pode observarse que presenta maior interese a comunidade de ribeira, aínda que xa se comentou a marxinalidade das afeccións e a pouca extensión superficial das mesmas.

As outras comunidades cuxo hábitat resulta afectado, non presentan valores especialmente relevantes, ademais de que as relacións entre superficie afectada e superficie dispoñible no contorno son tamén pequenos. A iso debe engadirse o feito de que só se produce afección en zonas moi puntuais e que esta, polo tanto afectará a un pequeno ámbito espacial das comunidades e sen crear barreiras ao desprazamento dos compoñentes daquelas, polo que non parece que a afección poida resultar grave, senón máis ben asumible e perfectamente minimizable.

Por outra banda os traxectos de comunicación para o acceso os aproveitamentos agrícolas próximos o sector veranse mellorados coa nova actuación.

Compre salientar tamén que as labores de revexetación do PEC suporán a introdución de novas especies forestais de carácter autóctono.

4.3.2.2 Fauna

Os principais efectos sobre a fauna da zona derivaranse de alteracións producidas por movementos de terras e desprazamento de maquinaria e persoal de obra, xeración de rúidos e alteración de hábitats debida á perda de solo útil.

Tamén a presenza das edificacións, vías, o aumento do tráfico rodado e as accións propias da actividade humana en xeral orixinan zonas de características antrópicas restritivas para poboacións de animais silvestres provocando a existencia de grupos case monoespecíficos de especies animais adaptadas a presenza humana.

O impacto sobre as especies animais esta moi relacionado coa destrución dos biótopos vexetais, debido a alteración do hábitat das comunidades faunísticas que nel habitan.

Merece especial atención a presenza da infraestrutura viaria para as comunidades faunísticas do territorio polo que discorren debido ao posible efecto de corte ou de barreira que os novos viais poden exercer sobre as pautas de desprazamento desas comunidades. A grandes trazos as consecuencias do efecto barreira nunha vía de comunicación son as seguintes:

- ❖ Incremento do risco de atropelo
- ❖ Redución da diversidade xenética
- ❖ Risco de extinción local debido a dinámica poboacional
- ❖ Diminución da capacidade de recolonización
- ❖ Substitución de comunidades
- ❖ Destrución de enclaves faunísticos

A adaptación das especies aos medios agrícolas favorece a perda xeneralizada de grandes vertebrados e unha diminución das especies silvícolas en beneficio das pratenses e antropófilas de menor interese de conservación. A maior parte da fauna existente ten un forte carácter antrópico, polo que as especies presentes atópanse moi adaptadas a medios agrícolas. A maioría destas especies están catalogadas como

PROXECTO SECTORIAL DO PARQUE EMPRESARIAL DE CERCEDA (A CORUÑA)

Non Ameazadas.

En base ao exposto, pode cualificarse a este como a un impacto de carácter negativo. Os efectos se producirán xa a curto prazo, no inicio do movemento de terras, e a súa incidencia será directa, de duración temporal, xa que se habilitan mecanismos para paliar parte dos efectos. É un efecto sinérxico, aínda que reversible.

4.3.3 Ciclo hídrico

4.3.3.1 **Abastecemento**

O funcionamento do PEC levará consigo a captación dunha maior cantidade de recursos hídricos para a zona e o incremento do vertido de augas residuais. O PSPEC conta entre os seus obxectivos co de compatibilizar o PEC co ciclo hídrico optimizando os recursos no marco dun modelo territorial eficiente, protexer a rede hídrica con franxas de protección, favorecer o ciclo natural de auga mediante redes separativas e a infiltración natural da auga de choiva e o seu retorno o medio minimizando a creación de superficies impermeables.

O futuro polígono contará cuns recursos hídricos para abastecer a súa demanda prevista. A infraestrutura necesaria para dar servizo de abastecemento e saneamento ao PEC, consistiría en:

- Amplia-la captación existente en 10,36 l/s.
- Amplia-la capacidade de tratamento actual da ETAP.
- Aumenta-la capacidade de bombeo en 23 l/s.
- Construír un novo depósito de 1.800 m3 de capacidade a carón dos depósitos existentes.
- Substituí-la conducción de $\Phi 200$ FD mm existente por unha de $\Phi 300$ FD mm ata a conexión coa rede interior do Parque.

A existencia de recursos hídricos así coma a proximidade a infraestruturas de abastecemento con capacidade axeitada para garantir o abastecemento de auga potable do PEC fan que a actuación sexa mais sustentable.

4.3.3.2 **Saneamento**

Coa implantación do Parque, xeraranse uns caudais de augas residuais que deben ser debidamente tratados antes de ser vertidos ó medio receptor. Os caudais de residuais estimados para o parque serán dun valor medio de 20,71 l/s e un caudal punta de 35,40 l/s.

O Proxecto Sectorial conta cunha regulación específica respecto da produción e xestión de augas residuais onde se definen aquelas sustancias que non poden verterse ao sistema de saneamento do Parque e velase pola protección da estación depuradora. Por conseguinte, as industrias non poderán verter a colector a menos que se cumpran estas condicións. O encargado de vixiar este cumprimento será cada un dos concellos implicados, ao ser o titular último das redes de auga.

O trazado da rede de augas negras prevese de forma ramificada ao longo dos viais do Parque, coincidindo finalmente os distintos colectores para a súa posterior conexión co Colector Xeral de Saneamento que percorrerá a estrada de Cerceda a Mesón do Vento por Cobeláns, e conducirá as augas residuais xeradas á nova depuradora industrial prevista, situada ao leste do eido de actuación, próxima á AC-523. Esta EDAR é unha infraestrutura proxectada por Augas de Galicia con fondos da minería para recoller todas as augas industriais do concello na zona (existentes e previstas). O punto de vertido será no río Barcés.

4.3.3.3 **Hidroloxía**

A rede hídrica pertence a subconca do río Barcés e está configurada polo río Cerceda e un dos seus afluentes.

PROXECTO SECTORIAL DO PARQUE EMPRESARIAL DE CERCEDA (A CORUÑA)

Os movementos de terras, obras de fábrica, transporte de materiais durante a fase de obras e o tráfico de vehículos durante as fases de execución e funcionamento poden producir alteracións das marxes e canles así como o aporte de materiais contaminantes aos cursos de auga podendo alterar a rede de drenaxe ou a calidade das augas. O proxecto de urbanización do PEC deberá identificar os lugares polos que previsiblemente discorrerán verteduras accidentais para establecer dende o inicio determinacións dirixidas á súa prevención e control.

Durante o período de funcionamento do Parque Empresarial, este risco de alteración da calidade das augas tamén pode proceder dos efluentes de orixe industrial e dos distintos servizos e equipamentos do Parque, así como os procedentes da rede de pluviais. As características dos efluentes van a depender das actividades industriais que se instalen no PEC.

Sinalar neste sentido que o PSPEC establece nas súas normas reguladoras un control das actividades que poderán instalarse no Parque regulando os usos permitidos e os prohibidos; regulando de forma exhaustiva cada un dos usos definidos.

Coa construción do Parque as augas de escorrenta xeradas na súa superficie discorrerán pola rede de colectores de pluviais ata os puntos de vertedura pasando previamente por un tanque de tormentas. As augas recollidas incorporaranse ás concas naturais correspondentes de maneira que a rede hidrográfica non se vexa afectada.

A creación da rede de pluviais leva a alteración do terreo provocando escorrenta, que só se manifestará ao longo dos primeiros meses da fase de construción (durante a fase de movementos de terras), mentres que a intensidade desta dependerá da pluviometría que se produza nese período. Por outra banda, dada a reducida magnitude e a concentración no espazo da superficie afectada, este efecto será de escasa notoriedade xeral.

Para garantir a calidade do efluente, as aportacións de pluviais das parcelas e a rede viaria do parque, desaugaranse a través dun tanque de tormentas a xeito de depósito de primeiro lavado no extremo da rede, xunto a un dos accesos ao parque, do que partirá un tubo de formigón de 1200 mm de diámetro que descenderá cara ao rego. Este tanque evitará o vertido de contaminantes a canle natural e ao mesmo tempo permitirá lamina-las puntas de avenida.

Os efectos se producirán de maneira significativa a medio prazo, no inicio da actividade industrial, unha vez a urbanización e as edificación sexan executadas, e a súa incidencia será directa. A súa duración será temporal, asociado sempre á duración da actividade industrial. É un efecto irreversible. Trátase de un efecto acumulativo e non sinérxico.

4.3.4 Ciclo de materiais

A execución do PEC supón un incremento do volume de residuos sólidos urbanos, inertes e industriais que é necesario xestionar.

A produción, xestión e depósito dos residuos sólidos xerados pola construción e actividade do Parque Empresarial de Cerceda estará sometida á lexislación vixente na materia.

Dado a gran diversidade de procesos industriais e empresarias que se permiten e o descoñecemento a priori das industrias que se van a implantar no futuro Parque, non se pode estimar a cantidade de residuos xerados pola actividade empresarial. Para evitar este tipo de contaminación, débense dispor mecanismos para recollida e tratamento dos residuos. Como norma xeral, destacarase que a limpeza e recollida dos residuos xerados pola actividade do Parque correrá a cargo do concello de Cerceda.

Non obstante, no correspondente proxecto de urbanización contemplárase a reserva de espazos necesarios para a situación dos contedores para a recollida dos residuos. Os residuos que se poderán depositar nestes espazos serán os que sexan asimilables a domésticos. Nas diversas actividades industriais que acollerá o Parque, xeraranse probablemente residuos que requiran o seu tratamento por parte dun xestor autorizado, tal

PROXECTO SECTORIAL DO PARQUE EMPRESARIAL DE CERCEDA (A CORUÑA)

e como estará obrigada a industria que os produza por normativa e lexislación vixente.

Respecto os residuos comerciais, os produtores estarán obrigados a entregar os seus residuos a un xestor autorizado para o seu tratamento ou ben acollerse ao sistema de recollida e xestión que o ente local competente estableza para este tipo de residuos.

Respecto os residuos de construción e demolición (RCD) o concello ten competencia para o control dos residuos producidos nas obras autorizadas por el. Neste sentido, no momento de outorgar licenza de obras, o produtor debe presentar un estudo de xestión de RCD que debe ser valorado polo concello.

No PEC a xestión de residuos industriais deberá levarse a cabo mediante algunha das seguintes alternativas posibles de xestión:

- ALTERNATIVA A: Xestión individualizada dos residuos por parte das empresas. Neste caso será condición indispensable para a implantación de calquera instalación ou empresa no parque industrial, que dispoña dos medios e autorizacións necesarias para a súa correcta xestión dos residuos.
- ALTERNATIVA B: Xestión conxunta mediante a instalación dun centro específico para a clasificación e almacenamento dos residuos industriais xerados nas instalacións e empresas do parque, que funcione a modo de centro de transferencia dos residuos dende as empresas produtoras ata os xestores finais.

Por outra banda, para evitar a aparición de pequenos vertedoiros incontrolados causantes dunha posible contaminación edáfica, prohíbese de modo específico os depósitos de residuos no espazo libre de parcela. Ademais existe o Punto Limpo de Cerceda para o seu depósito.

Polo tanto, establécese e habilítanse mecanismos, dentro das competencias do Proxecto Sectorial, para paliar o posible efecto dos materiais residuais que se produzan.

En xeral, a achega de elementos estraños ao solo, ou en cantidades superiores ás que este pode asimilar, produce efectos directos e indirectos; traducíndose todos eles nunha modificación da capacidade do uso primario do solo. A contaminación do solo pode producirse, tamén, de forma indirecta polo transporte, que dos residuos sólidos, fan os axentes climáticos. A rexión onde se sitúa o Parque Empresarial, caracterizada por unha abundante pluviometría, determina que a contaminación indirecta máis importante sexan os lixiviados procedentes destes residuos sólidos. O alcance desta contaminación varía dun caso a outro: mentres a contaminación directa ten un alcance máis ou menos localizado, a contaminación indirecta transcende máis aló da zona de estudo, dada a maior capacidade de transporte e penetración da auga. A capacidade de tampón do solo permite que, salvo en casos moi particulares, a contaminación tarde en manifestarse.

Por todo isto se considera que o efecto do proxecto sobre o medio é positivo. Os efectos se producirán de maneira significativa a medio prazo, no inicio da actividade industrial, unha vez a urbanización e as edificación sexan executadas, xa que a xeración de residuos durante a execución da obra non se considera salientable, e a súa incidencia será indirecta. O proceso considérase reversible e recuperable, xa que tanto pola propia capacidade autodepuradora do solo como pola adopción de medidas tendentes a minimizar o impacto, pode paliarse, ou eliminarse, o efecto unha vez finalizada a acción. Non ven implicados recursos protexidos. Trátase de un efecto acumulativo e non sinérxico.

4.3.5 Enerxía

A potencia demandada calculouse estimando unha demanda de 25 W/m², obténdose unha potencia total de 6.100 kW.

A distribución de enerxía eléctrica polo interior do Parque Empresarial será totalmente subterránea,

Por outra banda, as implantacións industriais están obrigadas a observar normas e regulamentos onde xa se promove o aforro enerxético, caso do Código Técnico da Edificación, no seu documento básico de “aforro de

PROXECTO SECTORIAL DO PARQUE EMPRESARIAL DE CERCEDA (A CORUÑA)

enerxía” que consiste en conseguir un uso racional da enerxía necesaria para a utilización dos edificios, reducindo a límites sostibles o seu consumo e conseguir así mesmo que unha parte de este consumo proceda de fontes de enerxía renovable, como consecuencia das características do seu proxecto, construción, uso e mantemento.

Para elo conta cunhas exixencias mínimas:

- Limitación da demanda enerxética en función do clima e da carga interna nos espazos de traballo.
- Rendemento das instalacións térmicas.
- Contribución solar mínima de auga quente sanitaria
- Contribución fotovoltaica mínima de enerxía eléctrica
- Os edificios disporán de instalacións térmicas apropiadas destinadas a proporcionar o benestar térmico dos seus ocupantes, regulando o rendemento das mesmas e dos seus equipos. Esta esixencia desenvólvese actualmente no vixente Regulamento de Instalacións Térmicas nos Edificios, RITE. Exclúense do campo de aplicación instalacións industriais, talleres e edificios agrícolas non residenciais

Ademais o presente informe establece unha serie de medidas preventivas e correctoras relacionadas co aforro enerxético nos sistemas de produción, iluminación, etc.

O efecto é considerado negativo desde o punto de vista do consumo enerxético, aínda que é minimizado pola adopción de medidas encamiñadas ao aforro enerxético. Os efectos se producirán a medio prazo, no inicio da actividade industrial, unha vez a urbanización e as edificación sexan executadas, xa que o consumo enerxético durante a execución da obra non se considera salientable, e a súa incidencia será directa. A súa duración será permanente. É un efecto irreversible. Trátase de un efecto acumulativo, e ademais sinérxico.

4.3.6 Medio industrial

A actuación permitirá unha relocalización das industrias da área, favorecendo o traslado das xa existentes ou a instalación doutras novas nun área determinada, sen necesidade do seu enclave no núcleo urbano municipal. Ademais o PSPEC contempla entre as medidas preventivas e correctoras instrumentos que permitan demostrar o grao de responsabilidade e o compromiso co respecto ao medio ambiente das empresas que se instalen no parque empresarial como os sistemas de xestión ambiental (EMAS, ISO 14001), os sistemas de xestión de calidade (ISO 9001) e os sistemas de prevención de riscos laborais para a xestión da seguridade e saúde dos traballadores (OHSAS 18001).

A presenza do PEC vai permitir unha mellora das condicións da actividade comercial, pois favorecerá a instalación de empresas dedicadas ás actividades propias do sector (empresas de transporte, etc.). Xunto a isto producirase a instalación de servizos necesarios para cubrir a propia demanda interna dos traballadores e persoas que acoden ao polígono.

Tamén favorece a creación de áreas comerciais importantes, máis especializadas e diversificadas que permitirán un desenvolvemento da actividade comercial local, así como unha maior atracción de compra en municipios próximos, ademais dun apoio e un fortalecemento das industrias e dos servizos municipais, en primeira instancia, e unha reactivación económica nun área máis ampla, a comarca de Ordes e a Área Metropolitana de A Coruña. Isto permite que se amplíen e melloren os fluxos socioeconómicos municipais co exterior, resultando unha remodelación xeral do sistema territorial, ante un novo foco de atracción.

O PEC servirá para dar resposta, en parte, ás necesidades existentes na zona, creando espazos adecuados para a implantación de industrias cun nivel de servizos óptimos e contribuirá ao desenvolvemento económico e á creación de emprego en toda a comarca.

Desde o punto de vista territorial, a oferta de solo industrial, froito dunha planificación previa en localización e

PROXECTO SECTORIAL DO PARQUE EMPRESARIAL DE CERCEDA (A CORUÑA)

volume, é un factor vertebrador do territorio que contribúe de forma manifesta a paliar as disparidades intrarrexionais, dado que crea oportunidades sobre a base dun racional uso do solo.

Das aglomeracións de empresas en Parques Empresariais derívanse múltiples vantaxes, como os aumentos na produtividade, así como ás relacións comerciais entre empresas. Factores de localización que, xunto á dinámica económica dunha rexión, a existencia de boas comunicacións, o prezo competitivo do solo e a cualificación da man de obra, fan posible que unha zona sexa atractiva para as empresas, contribuíndo así ó desenvolvemento económico desa área.

Por todo o mencionado, o efecto sobre o medio industrial considerase positivo. Os efectos producíranse a medio prazo, no inicio da actividade industrial, unha vez a urbanización e as edificación sexan executadas, e a súa incidencia será directa. A súa duración será permanente, asociado á duración da actividade industrial. É un efecto irreversible, pola mesma razón anterior. Trátase dun efecto acumulativo e sinérxico, ao sumarse aos efectos sobre a sociedade e a economía.

4.3.7 Medio socioeconómico

A execución do PSPEC supón unha gran mellora para o municipio e a comarca dende un punto de vista socioeconómico contribuíndo a elevar a calidade de vida e a cohesión social da poboación.

A presenza do polígono industrial interfere nos modos de vida tradicionais. Por unha banda supón perda de solo agrario e cambios nos usos do solo, de baldío, forestal a uso industrial. Hai que sinalar que outro dos obxectivos ambientais xerais é minimizar os impactos na relación entre os asentamentos humanos e os lugares de produción agrícola, mantendo na medida do posible os itinerarios tradicionais de comunicación e, no caso de non ser posible, buscar trazados alternativos que non impidan esa relación.

Con todo, o maior impacto sobre os modos de vida prodúcese sobre o sistema de relacións territoriais; é dicir, os puntos de influencia de diferentes axentes aléranse podendo igualmente alterarse a estrutura do mercado de traballo da área.

O polígono constitúese como foco de atracción para novas empresas fomentando a actividade comercial e, por suposto, a construtiva, e favorecendo o desenvolvemento de novas actividades.

A construción de accesos que permiten a accesibilidade transversal conectando ambas as marxes do polígono, así como a existencia, no propio polígono, de zonas verdes e servizos de interese público e social e o desenvolvemento das actividades económicas, suporá un enriquecemento social e económico baseado no incremento das relacións sociais e na dinamización dos sectores de produción, e inclusive unha reorientación de certas producións agrícolas (por exemplo hortofrutícolas e floricultura) ao contar cun centro desde o que poderían organizar a produción e a comercialización.

A localización do PEC nunha zona rural, pode incidir nun maior desenvolvemento da mesma, axudando a fixar a poboación e a frear o fenómeno do éxodo rural.

O funcionamento do polígono vai supor a instalación de novas empresas de ramas diversas no municipio, o que permitirá que a demanda de man de obra se traduza nun aumento do emprego da zona, afectando non só ao propio municipio senón tamén atraendo á poboación dos municipios máis próximos. Á vez producirase unha ordenación do solo industrial local, cun área concreta para o desenvolvemento das actividades industriais.

Así mesmo, ao actuar de dinamizador da actividade económica repercutirá, de modo indirecto, sobre sectores alleos ao propiamente industrial, tales como servizos, comercio, etc.

Sobre a aceptación social do PSPEC en xeral estímase variacións durante a execución e explotación dos diferentes proxectos en función de determinadas accións que inciden directa e indirectamente sobre os distintos elementos do medio socioeconómico. As accións susceptibles de xerar aceptación ou rexeitamento

PROXECTO SECTORIAL DO PARQUE EMPRESARIAL DE CERCEDA (A CORUÑA)

por parte da poboación son durante a fase de obras a demanda de recursos socioeconómicos e en fase de explotación a presenza das edificacións. A primeira presenta unha incidencia a nivel local mentres que a segunda xerara un incremento da aceptación a nivel municipal. Neste senso hai que ter en conta tamén a incidencia positiva ou negativa dos procesos expropiatorios se é o caso e a incidencia do incremento dos servizos urbanísticos, as dotacións de espazos libres e zonas verdes e o equipamento comunitario.

O impacto xerado sobre a saúde e a seguridade, derivase dunhas boas condicións de circulación de vehículos, tanto no interior como nos accesos, así pois, unha boa distribución de viarios, dun ou varios carrís, con beirarrúas e aparcadoiros; viarios de desaceleración que faciliten a incorporación do tráfico ao polígono; a existencia dun centro distribuidor de tráfico a modo de glorieta; unha boa sinalización e iluminación, zonas verdes e xardíns, con factores que minimizan a intensidade do impacto, que a pesar diso, terá un algún carácter negativo posto que a posta en funcionamento do PEC incrementará o tráfico rodado, en especial tráfico pesado, incidindo sobre os niveis de contaminación acústica e atmosférica.

Ao xerar espazos para implantación de industrias, xera unha necesidade de traballadores de diversas formacións e cualificación, o que permitirá a incorporación ao mercado de traballo a persoas con baixo nivel formativo e xoves sen experiencia laboral previa.

Por todo o exposto, considérase en xeral un impacto de carácter positivo. Os efectos se producirán a medio prazo, no inicio da actividade industrial, unha vez a urbanización e as edificación sexan executadas, e a súa incidencia será indirecta, polo menos o que se refire a obxectivos de cohesión social. A súa duración será temporal, asociado sempre á duración da actividade industrial. É un efecto reversible, pola mesma razón anterior. Trátase de un efecto acumulativo e sinérxico, ao sumarse aos efectos sobre o medio industrial.

4.3.8 Mobilidade

O PEC terá un efecto dinamizador no emprego local de forma que se tenderan a reducir as necesidades de mobilidade da poboación cara outros lugares.

O ámbito posúe unha localización excelente desde o punto de vista da mobilidade, xa que está nas proximidades da Área Metropolitana de A Coruña, e con acceso a través da vía AC-523 coa Autovía A-6, e dende esta con acceso á Autopista AP-9, AG-55 e aos futuros Portos Exteriores de A Coruña e de Ferrol.

Como consecuencia da apertura dun novo ramal de liña ferroviaria, nas proximidades da Central de Meirama tense construído unha estación do AVE Santiago – Coruña que dotará ao PEC de conexión ferroviaria no seu percorrido Santiago – A Coruña. O PEC pódese acceder a través das liñas de RENFE Vigo- A Coruña e Ourense-a Coruña xa que contan con paradas en Cerceda, Vila da Igrexa e Meirama.

A situación do PEC con respecto ás infraestruturas aeroportuarias resulta idónea, máis aínda cando se teña executada a Terceira Ronda, que deixaría conectado o PEC có Aeroporto de A Coruña a menos de vinte minutos.

A compañía de autobuses Asicasa realiza servizos no municipio polo que se podería negociar coa empresa o servizo o novo Parque Empresarial. Ademais o municipio de Cerceda conta co Programa de Transporte Escolar Compartido de Galicia, TES+BUS. A actuación TES+BUS consiste na utilización mixta dos servizos de transporte escolar público, de tal xeito que calquera cidadán das zonas onde se implanta poderá utilizar para os seus desprazamentos as rutas destes servizos. O obxectivo do TES+BUS é facilitar os desprazamentos da poboación de zonas con escasos servizos de transporte público de xeito que, aproveitando o percorrido dos autobuses escolares, os habitantes dos lugares polos que estes discorren poidan acceder ás cabeceiras dos concellos onde, xunto cos centros escolares, normalmente se atopan os servizos básicos tanto administrativos, como sanitarios, bancarios, etc. En Cerceda este servizo ten paradas nos núcleos de Vilar, Rego da Iña ou Acevedo entre outros, moi próximos o Parque Empresarial.

Polo que se refire a emisión de Gases de Efecto Invernadoiro (GEI), a circulación de automóviles que vai

PROXECTO SECTORIAL DO PARQUE EMPRESARIAL DE CERCEDA (A CORUÑA)

producirse polo Parque Empresarial de Cerceda, en canto este entre en funcionamento, terá como efecto a elevación dos niveis de partículas en suspensión na atmosfera; aínda que neste caso cun maior predominio das substancias contaminantes producidas na combustión dos combustibles: monóxido de carbono (CO), hidrocarburos inqueimados (HC), óxidos de nitróxeno (NOx), dióxidos de xofre (XO₂), partículas (inqueimados e metálicas), compostos de chumbo (partículas e vapor) e outros.

A emisión destes contaminantes poderá considerarse como constante mentres o Parque se manteña en explotación; pero a climatoloxía favorable potenciará a acción autodepuradora da atmosfera, minimizando o efecto acumulador das partículas, e mantendo uns niveis atmosféricos aceptables, que volverían ás súas concentracións iniciais co cesamento da actividade.

A metodoloxía empregada para estimar as emisións de gases de efecto invernadoiro procedentes dos vehículos terrestres vinculados o PEC é a recomendada polas Directrices do IPCC de 2006 para os inventarios nacionais de gases de efecto invernadoiro.

É posible estimar as emisións a partir do combustible consumido ou a distancia percorrida polos vehículos. En xeral, o primeiro método é adecuado para o CO₂ e o segundo é adecuado para o CH₄ e o N₂O.

GRAFICO Nº10 Método de cálculo para emisións de CO₂ do transporte terrestre

$$Emisión = \sum_a [Combustible_a \cdot EF_a]$$

Emisión = Emisións de CO₂ (Kg)

Combustible_a = Combustible vendido (Kg)

EF_a = Factor de emisión para ese tipo de combustible (Kg/Kg)

a =Tipo de combustible

O factor de emisión de CO₂ toma en conta todo o carbono do combustible, incluído o que se emite en forma de CO₂, CH₄, CO, COVDM e materia particulada. Os factores de emisión de CO₂ baséanse no contido de carbono do combustible e deben representar o 100 por cento de oxidación do carbono combustible. É unha boa práctica seguir este método usando valores calóricos netos (VCN) específicos do país e datos do factor de emisión de CO₂, si é posible. Os datos específicos para España obtéñense da Axencia Europea de Medio Ambiente (EEA), en concreto do Inventario de emisións atmosféricas contaminantes EMEP/CORINAIR que proporciona orientación sobre a estimación das emisións atmosféricas procedentes de fontes antrópicas ou naturais.

GRAFICO Nº11 Factores de emisión para España

Table 4-20: Bulk emission factors (g/kg fuel) for Spain, year 2005.

Category	Spain					
	CO	NO _x	NMIVOC	CH ₄	PM	CO ₂ [kg/kg fuel]
Gasoline PC	75.99	10.89	13.44	1.19	0.03	3.18
Diesel PC	3.77	11.12	0.61	0.07	0.80	3.14
Gasoline LDV	87.35	10.64	6.85	0.26	0.02	3.18
Diesel LDV	8.41	16.62	1.57	0.10	1.80	3.14
Diesel HDV	6.62	32.67	0.99	0.24	0.81	3.14
Buses	9.82	34.84	3.06	0.38	1.34	3.14
Mopeds	427.54	3.32	408.41	6.81	6.67	3.18
Motorcycles	577.51	3.63	165.71	5.12	3.68	3.18

PROXECTO SECTORIAL DO PARQUE EMPRESARIAL DE CERCEDA (A CORUÑA)

A continuación efectúase unha estimación da emisión dos Gases de Efecto Invernadoiro (GEI) xerados pola mobilidade no Parque. Calcúlanse tendo en conta vehículos lixeiros e pesados (LDV e HDV) diésel que realizan un desprazamento de 50 e 150 Km diarios respectivamente, considerando uns consumos de 6 l/100 Km (LDV) e 20 l/ Km (HDV).

Na estimación do movemento de vehículos pesados consideráronse unha serie de estándares contrastados coa experiencia en instalacións de similares características, determinando o número de camiións, tráiler e furgonetas de reparto necesarios para o transporte das mercadorías en función da superficie de almacenamento e o rendemento de naves e vehículos. Na estimación dos lixeiros partiuse do número de prazas de aparcadoiro necesarias para a superficie de oficinas e de naves, dándolles un factor de rotación diario.

Consideráronse os seguintes coeficientes:

- 1 camiión/día por cada 945 m2 de superficie edificable.
- 7 turismos/día por cada 945 m2 de superficie edificable.

Co número de vehículos por día, fainos falla coñecer o número de vehículos anual, para o que se considerarán 300 días o ano (días laborais do ano). Polo tanto, o cálculo aproximado de GEI sería o seguinte:

CADRO Nº 17 .- CÁLCULO APROXIMADO DOS GEI

Superficie edificable: 231.258 m2
IMD pesados (HDV) = $1 \times 231.258/945 = 244$ vehículos/día
IMD lixeiros (LDV) = $7 \times 231.258/945 = 1.713$ vehículos/día
Emisións LDV = $1.713 \text{ LDV/día} (2,55 \text{ Kg d} \cdot 3,14 \text{ KgCO}_2/\text{Kg d}) = 13.704 \text{ Kg CO}_2$
Emisións HDV = $244 \text{ HDV/día} (30 \text{ Kg d} \cdot 3,14 \text{ KgCO}_2/\text{Kg d}) = 22.984 \text{ Kg CO}_2$
GEI Anual = $(13,70 \text{ T CO}_2/\text{día} \cdot 300 \text{ días/ ano}) + (22,98 \text{ T CO}_2/\text{día} \cdot 300 \text{ días/ ano}) = 11.004 \text{ Toneladas CO}_2/\text{ano}$

Polo que se refire á configuración do viario interior, o deseño das propostas de ordenación realizouse para primar a redución da lonxitude dos desprazamentos do tráfico no interior do ámbito.

Co propósito de non interromper as condicións de uso dos terreos limítrofes co Parque, mantense os itinerarios peonís existentes a través do viario do Parque, suprimindo o obstáculo que este suporía para as aglomeracións de poboación situadas ao Norte e ao Sur do eido.

Deste xeito, os eidos dos arredores situados no exterior quedan perfectamente servidos pola rede de camiños existentes e previstos, así como a través dos distintos viais do Parque. O conxunto da rede peonil está formada por:

- Beirarrúas de 3,00 metros de anchura ao longo dos viais.
- Camiños peonís de 4,00 metros de ancho que en relación co viario do Parque permitan manter os percorridos existentes.

Por todos estes motivos considérase que o efecto globalmente é positivo xa que se garante unha

PROXECTO SECTORIAL DO PARQUE EMPRESARIAL DE CERCEDA (A CORUÑA)

conectividade eficiente e co viario interior proposto e minimízanse os desprazamentos no parque.

Os efectos produciranse a medio prazo, no inicio da actividade industrial, unha vez a urbanización e as edificación sexan executadas, e a súa incidencia será indirecta. A súa duración será permanente. É un efecto irreversible. Trátase de un efecto sinérxico, ao sumarse aos efectos sobre a sociedade e a economía. Non terá efecto acumulativo.

Os efectos que se produzan sobre a saúde humana serán negativos, pola parte que se refire a emisión de GEI. Pola contra o efecto sobre o desenvolvemento sobre as áreas limítrofes será positivo, ao mellorar a accesibilidade destas áreas aos centros de produción.

4.3.9 Paisaxe

A intrusión no medio de elementos creados polo acción humana causa un impacto no contorno natural modificando as formas do relevo, destruindo a cuberta vexetal, etc, o que significará, tanto a alteración da paisaxe sonora como dos compoñentes da paisaxe visual como a introdución de liñas rectas, contraste cromático, contraste de formas, texturas, etc.

Os impactos destas accións poden resumirse na produción durante a fase de construción dunha modificación nas formas naturais do terreo, é dicir, no relevo, a través da realización de escavacións e explanacións; a creación de terrapléns, a destrución da cuberta vexetal preexistente, e van xerar a aparición de superficies denuddadas. Doutra banda, durante a fase de funcionamento, a iluminación nocturna, a aparición de depósitos de residuos, a infraestrutura viaria e a propia presenza da infraestrutura do Parque no seu conxunto, significarán a introdución de contrastes de cor, liñas, texturas, introdución de elementos de escaso valor visual, de elementos denotadores de artificialidade, etc.

En consecuencia podemos falar de un impacto de carácter negativo. Os efectos se producirán xa a curto prazo, no inicio do movemento de terras, e a súa incidencia será directa, de duración permanente, xa que son as propias obras de urbanización e edificación as causantes. É un efecto reversible.

Estes efectos implican a diminución da calidade estética da paisaxe así como as vistas exteriores dende os puntos escénicos. O impacto é maior canto maior sexa a incidencia visual da zona de actuación e maior a naturalidade dos elementos que a conforman.

Compre salientar que o crecemento previsto non se atopa en zonas de especial fraxilidade paisaxística ni de elevada incidencia visual. A área prevista para o seu desenvolvemento e o seu contorno atópanse alteradas dende un punto de vista antrópico aínda que de diferentes modos feito que minimiza o impacto potencial.

Non obstante, é posible minimizar moitos dos efectos e compoñentes do Parque citados (tratamento e revexetación de noiros, limitación e altura para as edificacións, regulación dos materiais empregados, condicións de estética, etc) mediante o establecemento das medidas preventivas e correctoras como as que se recollen no seguinte apartado.

En consecuencia podemos falar de un impacto de carácter negativo. Os efectos se producirán xa a curto prazo, no inicio do movemento de terras, e a súa incidencia será directa, de duración permanente, xa que son as propias obras de urbanización e edificación as causantes. É un efecto reversible.

4.3.10 Patrimonio

Na zona de estudo non existen elementos de valor arquitectónico ou etnográfico catalogados ou merecedores de protección polo seu valor patrimonial. Tampouco existen indicios da existencia de xacementos arqueolóxicos.

4.3.11 Solo

A execución do Proxecto Sectorial leva implícito a ocupación do recurso solo e o conseguinte cambio nos

PROXECTO SECTORIAL DO PARQUE EMPRESARIAL DE CERCEDA (A CORUÑA)

usos do mesmo. Na actualidade os usos do solo correspóndense principalmente coa explotación forestal e os cultivos forraxeiros. Entre os cultivos forestais predominan as plantacións alóctonas de especies forestais de crecemento rápido para o seu aproveitamento madeireiro, coma o pino e o eucalipto.

A topografía da zona presenta unhas pendentes suaves, predominando as inferiores ó 15%, de maneira que se poderán conseguir superficies aptas para a implantación industrial sen que o impacto sobre a paisaxe sexa excesivo. Neste senso e en canto á súa implantación, o PSPEC alcanza unha boa adaptación topográfica, garantindo a compensación de terras durante a fase de urbanización, de tal maneira que non son de esperar sobrantes, coas vantaxes económicas e ambientais que isto trae consigo.

Desde o punto de vista xeotécnico, non se considera apto para o seu desenvolvemento a superficie ocupada polas beiras dos regatos que discorren pola zona que pasan a integrar a zona verde.

Os dous regos que atravesan a zona en desenvolvemento intégranse na ordenación en zonas verdes accesibles preservándoos do proceso urbanizador e fomentando a súa posta en valor. Ademais a zona verde dispónse a modo de filtro ao redor de todo o Parque, exercendo un efecto pantalla sobre os asentamentos de poboación e as estradas que o rodean.

O PSPEC recolle a localización dunha área de actividades capaz de albergar entre outros usos a implantación dun gran parque empresarial, ben localizado en relación á comarca ás áreas actuais de actividade industrial (Polígono Industrial de Acevedo, Centro Loxístico de Transportes de Culleredo, Porto Exterior de A Coruña, Polígonos Industriais de Arteixo). Esta actuación enmárcase igualmente na estratexia definida polas ampliacións dos parques industriais na comarca e no propio Concello para a diversificación das bases da actividade económica da Comarca e de apoio á Área Metropolitana de A Coruña, consolidando e afianzando a experimentada nos últimos anos, e apoiándose no horizonte da significativa mellora das infraestruturas de comunicacións previstas para o inmediato futuro.

A implantación no municipio consolida unha oferta empresarial crecente, complementando a xa existente e potenciando a creación de novo solo de actividade que facilite a localización adecuada a novos usos empresariais e teña capacidade para captar maiores e máis cualificadas demandas.

As condicións topográficas e medioambientais, así como as infraestruturas e implantacións industriais contiguas existentes, acotan o desenvolvemento do Proxecto, que se adapta a elas na medida en que poda dar solución ao mesmo tempo aos usos aos que se destinará o solo.

O Proxecto Sectorial obtense como resultado de unha análise dunha serie de necesidades e problemas, dándolles unha resposta adecuada en tanto en calidade (situación, contido) como en cantidade (superficie desenvolta), incorporando como obxectivos non só os propios do desenvolvemento industrial, senón tamén os obxectivos ambientais, asumíndoos como propios do planeamento. Estes obxectivos serviron de guía tanto para a localización e definición do ámbito, así como do deseño interior do parque, tanto o que se refire a viario, zonas verdes, parcelas, etc., senón tamén desde o punto de vista das infraestruturas.

Na zonificación proposta, conxúgase o reducir o impacto ambiental coa viabilidade económica da inversión. Para iso, deséñase unha rede viaria condicionada en gran medida polo existente, intentando maximizar o seu grado de servizo. Con este trazado viario, procúrase obter o maior número posible de parcelas regulares, con cuarteiróns nos que se obteñen parcelas de distinta dimensión, que dotan ao parque de gran versatilidade para acoller distintos usos e actividades, atendendo ao carácter supramunicipal da actuación. Influencia determinante na configuración viaria e consecuentemente parcelaria ten a presenza do afluente do Río Barces no ámbito do PSPEC, que discorrendo paralelo á Vía 1 configura a zona verde do PSPEC.

As zonas verdes serven para acoller os elementos de valor ambiental, protexelos e poñelos en valor sacando o máximo partido as zonas non idóneas desde o punto de vista xeotécnico, e creando un borde exterior a modo de filtro verde respecto as estradas existentes, asentamentos de poboación e a liña do ferrocarril.

PROXECTO SECTORIAL DO PARQUE EMPRESARIAL DE CERCEDA (A CORUÑA)

O sistema dotacional do PSPEC, vinculado ao eixe principal concéntrase en dúas grandes zonas, a primeira, coincidindo cos cursos de auga existentes no ámbito, preservando coa ordenación proxectada os leitos públicos e a vexetación autóctona asociada a eles para o seu destino a parque público. A segunda zona dotacional localízase ao suroeste, no acceso ao PSPEC, ocupando un espazo representativo e de imaxe exterior, cunha pequena zona verde e que complementa e harmoniza o equipamento.

O Parque Empresarial terá unha función estruturante no territorio xa que servirá para ordenar e racionalizar os asentamentos industriais, ampliando a oferta de solo industrial e cubrindo así a demanda, conseguindo así emprazamentos máis acordes coas súas expectativas de crecemento e implantación, polo que consideramos este efecto como positivo. Os efectos se producirán de maneira significativa a curto prazo, unha vez sexa aprobado o Proxecto Sectorial, e a súa incidencia será directa. A súa duración será permanente, e tratase dun efecto reversible. Trátase de un efecto acumulativo e sinérxico, sumándose aos efectos sobre a sociedade e economía e medio industrial.

PROXECTO SECTORIAL DO PARQUE EMPRESARIAL DE CERCEDA (A CORUÑA)

CADRO Nº 18 .- CARACTERIZACIÓN DOS EFECTOS DO PEC SOBRE AS VARIABLES ANALIZADAS

	SIGNO		INTENSIDADE					MOMENTO				PERSIST.			REVERSIB.			ACUM.			EFECTO		IMPORTANCIA				
	+	-	B	M	A	Ma	T	L	M	I	C	F	T	P	C	M	I	S	A	Sx	D	I	m	C	M	S	Cr
ATMOSFERA		-	B						M				T			I		A	Sx	D				C			
BIODIVERSIDADE		-	B										T		M				Sx	D				C			
C. HÍDRICO		-	B						M				T			I		A		D				C			
C. MATERIAIS	+			M					M					P	M			A			I			C			
ENERXÍA		-		M					M					P		I		A	Sx	D					M		
M.INDUST	+			M					M					P		I		A	Sx	D					M		
M.SOCIOECON.	+			M					M					P	M			A	Sx		I				M		
MOBILIDADE	+			M					M					P		I			Sx		I			C			
PAISAXE		-		M										P	M			A	Sx	D					M		
PATRIMONIO	+		B											P	M			A		D				C			
SOLO	+			M										P	M			A	Sx	D					M		

PROXECTO SECTORIAL DO PARQUE EMPRESARIAL DE CERCEDA (A CORUÑA)

5 PLAN DE MEDIDAS PREVENTIVAS E CORRECTORAS

Neste apartado establécense as medidas preventivas e correctoras que se consideran necesarias para minimizar, compensar o cambiar a condición dos impactos ou riscos que poidan derivar da execución das determinacións que establece o PROXECTO SECTORIAL DO PARQUE EMPRESARIAL a pesar de que a avaliación realizada sobre a magnitude dos efectos previstos non indique impactos severos ou de carácter crítico.

5.1 ATMOSFERA

- As actividades que pretendan instalarse na zona industrial atópanse sometidas á lexislación existente sobre contaminación atmosférica, fundamentalmente a seguinte: Real Decreto Legislativo 1/2008, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Avaliación de impacto ambiental de Proxectos, Decreto 133/2008, polo que se regula a avaliación de incidencia ambiental, Lei 34/2007, de calidade do ar e protección da atmosfera, a Lei 16/02 de prevención e control integrados da contaminación e a Lei 8/2002, de 18 de decembro de protección do ambiente atmosférico de Galicia. Cumprirán ademais canta normativa sobre o particular estea vixente no momento da solicitude de licenza e posta en marcha da actividade e as limitacións establecidas na Normativa do PSPEC, para as emisións á atmosfera das actividades industriais.
- Prohíbese a queima de calquera tipo de residuos ou material sen a autorización correspondente.
- En todo edificio en cuxos locais se produzan fumes ou gases de combustión estes deberán estar dotados de chemineas e condutos de evacuación suficientemente illados e revestidos para evitar a transmisión de calor ou ocasionar molestias as propiedades contiguas.
- Ademais do establecido na Normativa do PSPEC e pola lexislación de aplicación en materia de actividades molestas, Insalubres, Nocivas e Perigosas o concello poderá impoñer as medidas correctoras que estime pertinentes cando a saída de fumes a xuízo dos servizos técnicos municipais poida causar molestias ou prexuízos.
- Promocionarase o uso do “carpooling” (coche compartido) e o uso do transporte colectivo.
- A creación de zonas verdes arboradas tratará de compensar os efectos negativos da emisión de CO₂.
- Promoverase a utilización de vehículos que non emitan gases de efecto invernadoiro á atmosfera, como poden ser o uso de bicicletas.
- A adopción de medidas preventivas durante os movementos de terra, transporte de materiais, ou calquera acción que poida provocar a emisión de partículas á atmosfera, como as seguintes:
 - Regos mediante mangueras e / ou camións-cuba, das zonas afectadas polos movementos de terra, prestando especial interese as zonas de carga e descarga das terras e outros materiais que poidan provocar emisións de po.
 - Recubrimento dos materiais a transportar mediante lonas, transportes cerrados, ou outros métodos; principalmente cando o traxecto se realice nas inmediacións de zonas habitadas e / ou cando o transporte do material traspase os límites da superficie de execución.
 - Realización dos traballos que impliquen movemento de terras e transporte de materiais en condicións atmosféricas favorables.

Para a protección contra a contaminación acústica, serán de aplicación as determinacións de:

- A Lei 37/2003, do 17 de novembro, do ruído e na Lei 7/1.997 do 11 de agosto de protección contra a contaminación acústica e no Decreto 150/1.999, de 7 de maio, polo que se aproba o Regulamento de protección contra a contaminación acústica.

PROXECTO SECTORIAL DO PARQUE EMPRESARIAL DE CERCEDA (A CORUÑA)

- Ademais deberá controlarse nas fases de execución de obras, a utilización de maquinaria que cumpra a normativa que resulte de aplicación en materia de rúidos e vibracións, así como a regulación da súa velocidade e a instalación dos dispositivos antivibratorios necesarios.
- En caso de previsión de sobrepasar os umbrais de ruído permitidos deberán instalarse pantallas antirruído en todo o perímetro de afección.
- Deberá prestarse especial coidado ao mantemento da superficie dos viais procedendo a substituílo por un pavimento que reduza a emisión de ruído nos puntos que se considere pertinente.

5.2 BIODIVERSIDADE

- Os procesos de revexetación realizaranse con especies herbáceas, arbóreas e arbustivas propias da Rexión Bioxeográfica co fin de garantir a súa viabilidade e reducir posteriores labores de mantemento.
- Unha vez terminadas as obras procederase á revexetación con especies autóctonas en tódolos frontes de parcelas que se atopen nas marxes dos canles fluviais.. A plantación realizarase coa intención de conferir o maior grado de naturalidade posible a o espazo e utilizando especies riparias e autóctonas como *Quercus robur*, *Salix atrocinerea*, *Alnus glutinosa*, etc.
- Para facilitar os procesos de colonización vexetal establecerase un sistema que garanta o mantemento das súas propiedades mediante sementeira, rego e abonado periódico.
- As actuacións sobre a vexetación limitaranse exclusivamente á superficie prevista para o PEC.
- Realizarase o balizamento da vexetación arborada non afectada pola fase de obras para evitar a súa degradación ou destrución.
- Os restos vexetais deberan xestionarse adecuadamente sendo prioritaria a súa valorización, triturándoos e espallándoos de maneira homoxénea no terreo para favorecer a rápida asimilación do solo.
- Sempre que sexa posible a vexetación integrarase no sistema de zonas verdes.
- Promoverase o emprego dos métodos de silvicultivo menos agresivos co medio.
- Evitaranse na medida do posible as operacións ruidosas e os focos de luz durante a noite evitando a migración de animais do contorno da obra.
- En caso de ser instaladas redes de enerxía eléctrica aéreas poderíase evitar a colisión de aves mediante salvapaxaros (espirais que sen envolven aos cables para que sexan mais visibles) así como os riscos de electrocución mediante o emprego de liñas con illadores de suspensión ou cadea de menor risco que os illadores rixidos.

5.3 CICLO HÍDRICO

Co obxectivo de preservar a calidade das augas superficiais que discorren polo termo municipal serán de aplicación as determinacións contidas na Lei 29/85 do 2 de agosto de Augas e no Regulamento do Dominio Público Hidráulico, aprobado por RD. 849/86 do 11 de abril, e ademais as seguintes medidas preventivas:

- Manterase unha vixilancia exhaustiva sobre a calidade ambiental da realización dos traballos respecto a rede hídrica.
- Instalaranse os abastos de materiais e o parque de maquinaria en zonas impermeables e afastadas o máximo posible dos cursos de auga, litoral, fontes o calquera outro medio acuático.
- En caso de fortes chuvias detectarase risco de lixiviados cara o mar ou os ríos e recubriranse os materiais con lonas e estableceranse as medidas necesarias para evitar vertidos ou arrastre de materiais.
- Minimizarase o máximo posible os terreos impermeables nas novas áreas de crecemento, favorecendo a

PROXECTO SECTORIAL DO PARQUE EMPRESARIAL DE CERCEDA (A CORUÑA)

infiltración e o desenvolvemento de comunidades vexetais.

- A vexetación de ribeira existente incorporárase na medida do posible ao sistema de espazos libres e zonas verdes.
- Instalaranse redes separativas de pluviais.
- As augas pluviais que se recollen no parque conduciranse a través de colectores e verteranse ó medio receptor en distintos puntos de maneira que se modifiquen o menos posible os caudais da rede hidrolóxica natural. Os caudais previamente ó seu vertido pasarán por un tanque de tormenta.
- Regularase no documento de Normativa do PSPEC, os usos e actividades nestes ámbitos.
- Definirase un plan de labores periódicos de limpeza e conservación dos sistemas de drenaxe para asegurar que cumpran dun modo correcto o seu labor. Evitarase a utilización de produtos herbicidas recorrendo unicamente a medios mecánicos.
- O PSPEC xustifica antes a capacidade de depuración das futuras instalacións e dos novos caudais de augas residuais que se xerarán.
- O proxecto de urbanización do PEC deberá identificar os lugares polos que previsiblemente discorrerán verteduras accidentais para establecer dende o inicio determinacións dirixidas á súa prevención e control.
- O Proxecto Sectorial conta dunha regulación específica respecto da produción e xestión de augas residuais onde se definen aquelas sustancias que non poden verterse ao sistema de saneamento do parque. Por conseguinte, cada industria deberá contar cun tratamento previo dos efluentes antes do seu depósito na rede xeral
- Prohíbese acumular residuos sólidos ou sustancias, calquera que sexa a súa natureza ou lugar no que se depositen, que constitúan ou poidan constituir perigo de contaminación das augas ou degradación do seu ámbito. Neste sentido e con carácter específico, nas obras que se executen no concello prohibiranse os cambios de aceite de maquinaria sobre o terreo, e evitanse as verteduras accidentais de aceites e carburantes nas zonas que poidan danar a calidade das augas. Este tipo de operacións realizarase en zonas habilitadas e talleres habilitados.

5.4 CICLO DE MATERIAIS

A xestión dos residuos asimilables a urbanos durante a fase de explotación do Parque realizarase a través do servizo de recollida do Concello de Cerceda.

- Prohíbese o abandono, vertido ou eliminación incontrolada de residuos en todo o territorio municipal.
- Toda actividade relacionada coa xestión de residuos deberá levarse a cabo sen poñer en perigo a saúde humana e sen empregar procedementos nin métodos que poidan prexudicar o medio ambiente e en particular crear riscos para a auga, o aire ou o solo, nin para a flora ou a fauna, sen provocar incomodidades por ruído ou olores e sen atender contra a paisaxe e os lugares de especial interese.
- Situaranse racionalmente as illas de recollida selectiva
- Implantarase a recollida de todo tipo de residuos sólidos urbanos, vidro e papel e cartón.
- Informarase e concienciarse a poboación sobre a importancia da reciclaxe e a redución de residuos.
- Previo ao inicio da construción e posta en marcha do Proxecto deberase establecer un sistema axeitado de xestión de residuos e definiranse os xestores autorizados que se encargaran da recollida e o tratamento.
- Instalaranse depósitos específicos para cada residuo e situaranse de modo que causen o menor impacto tanto visual como referente a olores.

PROXECTO SECTORIAL DO PARQUE EMPRESARIAL DE CERCEDA (A CORUÑA)

- Durante o transcurso dos traballos de construción levarase a cabo o transporte periódico a vertedoiro ou xestor autorizado dos residuos xerados e realizarse a axeitada eliminación dos materiais sobrantes.
- A regulación do Parque Empresarial presupón a instalación de actividades pouco contaminantes ou coas medidas correctoras adecuadas para adquirir este carácter. Uns dos aspectos importantes a controlar nas industrias que pretendan instalarse no parque é a esixencia de contar cun plan de xestión dos residuos tóxicos e perigosos de acordo coa lexislación vixente. Todas as operacións que impliquen a xeración de residuos tóxicos e perigosos disporán dos elementos necesarios para a correcta xestión destes. Disporase en cada sección o número adecuado en cantidade e calidade dos elementos de recollida, realizando o recambio e reposición destes cando se detecten perdas das súas condicións iniciais. A xestión de todos os R.T.P. xerados por cada instalación realizarse mediante a contratación dun Xestor Autorizado que se encargará da súa recollida e tratamento.

5.5 ENERXÍA

- Implantaranse elementos que permitan a redacción global do consumo de enerxía e o aumento da súa eficiencia. Proponse a incorporación de redutores de fluxo na instalación eléctrica de iluminación que permitan xestionar mellor o consumo eléctrico.
- Co fin de garantir a redución da contaminación lumínica e a maior eficiencia da utilización da enerxía estudarase a utilización de pantallas reflectoras que permitan concentrar a iluminación das zonas mais necesarias (como o sistema viario) e evitar así a dispersión da luz.
- Tense en conta o emprazamento e a orientación das novas edificacións procurando a máxima eficiencia na captación solar.
- Avaliarase a posibilidade de empregar placas solares para os sistemas de calefacción e auga quente.
- Para minimizar o aumento e gasto enerxético e as emisións de dióxido de carbono, as instalacións de calefacción, refrixeración, ventilación e iluminación deberán ser deseñadas e realizadas de tal forma que a cantidade de enerxía necesaria para a súa utilización sexa reducida, tendo en conta as condicións climáticas, as particularidades locais, o contorno ou a relación custo-eficacia, de conformidade coas determinacións establecidas pola Directiva 2002/91/CE do Parlamento Europeo e do Consello, de 16 de decembro, relativa á eficiencia enerxética dos edificios.
- Instalación de redes separativas de pluviais que permitan a súa recolleita independente para rego de zonas verdes.
- Incorporación de mecanismos dirixidos ao aforro de auga e enerxía; inodoros con cisternas de capacidade reducida, redución do caudal na grifería, axustes de rego de xardíns a calendarios e horarios con baixa evapotranspiración no día.
- Mellorar os illamentos das fiestras por ser os elementos que teñen máis perda de calor.
- Evitar as pontes térmicas.
- Illar termicamente o primeiro teito ou a solera en contacto co solo se o espazo superior que definen é un local calefactado.
- Minimizar as infiltracións de aire exterior. Instalar portas dobres ou automáticas nos accesos, ou mellorar as pechaduras facéndoos máis herméticos.
- As cubertas dos novos edificios hanse de facer ventiladas, xa que amortiguan as ganancias térmicas producidas pola radiación solar no verán. No caso de fachadas sobrequentadas, tamén se pode considerar a utilización de sistemas ventilados.
- Instalar elementos de captación de luz natural, como poden ser: fiestras, patios interiores, claraboias, etc,

PROXECTO SECTORIAL DO PARQUE EMPRESARIAL DE CERCEDA (A CORUÑA)

que terán que ir protexidos para minimizar a súa achega á carga de climatización do edificio.

- Recómendase a utilización de pinturas e materiais claros para o acabado das paredes e os teitos, xa que permite un aforro importante de luz artificial.
- No alumado interior dispoñeranse de luminarias que permitan un alto aproveitamento da iluminación procedente da lámpada. Haberá que considerar a opción de utilizar algún dos compoñentes que ofrecen os fabricantes para as súas luces que melloren o nivel e a calidade da luz.
- En canto ao alumado público, recómendase a utilización preferente de bombillas de vapor de sodio de baixa presión. Son luces que non levan metais pesados e que consomen 5 veces menos que as incandescentes, 2,2 veces menos que as luces de mercurio e 1,5 veces menos que as de vapor de sodio de alta presión e fluorescentes.
- No alumado exterior hai que iluminar sempre de arriba a abaixo e orientar os focos por baixo do horizontal. Aplicaranse boas prácticas, por exemplo axustar as luces coa inclinación e dirección adecuadas; facer a instalación correcta das pantallas das luces; instalar rexas e orelleiras nas luminarias ou apagar as luces exteriores cando non sexan realmente necesarias.
- Cumprir a normativa actual sobre calidade do aire e ventilacións, minimizar ao máximo os caudais de renovación do aire, xa que provocan a maior parte das perdas térmicas.
- Realizar unha correcta sectorización do edificio a climatizar agrupando zonas con temperaturas e horarios de funcionamento parecidos.
- Realizar inspeccións periódicas de caldeiras e sistemas de aire acondicionado por parte de persoal cualificado garantindo un perfecto rendemento desde o punto de vista medioambiental, enerxético e de seguridade.
- Instalar grifos temporizados e difusores do tipo aireadores. Coa temporización conséguese que non quede ningún grifo aberto e redúcese o tempo de funcionamento. Cos aireadores redúcese a cantidade de auga que sae por punto de consumo.
- Instalar preferentemente sistemas que utilicen gas natural como sistema convencional de soporte para a enerxía solar térmica ou nos casos en que sexa imposible instalar este tipo de enerxía renovable.
- Instalar cisternas de dobre descarga. Substituír as cisternas do WC por fluxores.
- Dispoñer de sensores de presenza para accionar o auga dos lavabos.
- Instalar contadores de auga para zonas de uso que permitan identificar as áreas de máis consumo e implantar medidas correctoras.
- Utilizar algún sistema de detección de fugas de auga nas cañerías enterradas ou ocultas.
- As bombas, ventiladores torres de refrixeración, aparellos de acondicionamento de aire, etc. non estarán instalados directamente no forxado, senón que dispoñerán de amortiguadores adecuados ao peso e á frecuencia de excitación. Ademais, terase en conta que paran equipos moi pesados deberanse instalar lousas de formigón que absorben as vibracións.
- Plantar vexetación intentando evitar o uso de céspede. Os xardíns seguirán os criterios de xeroxardinería (con utilización da vexetación autóctona con poucos recursos hídricos, de adobos ou de pesticidas).
- Instalar un equipo de rego programable e con higrómetro para evitar que se regue en caso de choiva. Utilizar sistemas de rego eficiente; rego a diario de goteo ou sistema de microaspiración.
- Non regar nunca en horas de alta insolación e axustar a cantidade correcta de auga segundo o tipo de vexetación.

PROXECTO SECTORIAL DO PARQUE EMPRESARIAL DE CERCEDA (A CORUÑA)

- Priorizarase o emprazamento de instalacións e centros de produción de enerxía primaria a partir de fontes renovables, valorándose especialmente aquelas que contribúan significativamente ao fornecemento enerxético. Ademais, o aforro enerxético, a diversificación de fontes e o emprego de enerxías renovables serán obxectivos preferentes nas obras de urbanización e edificación, así como no funcionamento da área.

5.6 MEDIO INDUSTRIAL

- Como medida de amortecemento das afeccións no entorno deixarase unha banda perimetral por todo o contorno para empregar como pantalla vexetal.
- Incluír no prego de condicións de Xestur A Coruña, criterios de adxudicación das parcelas do PEC nos que se puntúe a instalación de empresas que demostren o grao de responsabilidade e o compromiso co respecto ao medio ambiente, por exemplo, mediante a implantación de sistemas de xestión ambiental (EMAS, ISO 14001), os sistemas de xestión de calidade (ISO 9001) e os sistemas de prevención de riscos laborais para a xestión da seguridade e saúde dos traballadores (OHSAS 18001).

Xestur A Coruña, como promotor do Parque, para garantir a materialización dos proxectos empresariais esixiu nos últimos pregos de bases para o concurso de venda das parcelas unha serie de requisitos, que por exemplo no caso recente do Parque Empresarial de Mos I foron os seguintes:

- Para a adxudicación de parcelas os solicitantes presentarán documentación xustificativa definindo o tipo de industria ou actividade comercial que se proxecta instalar na parcela ou parcelas, acompañada dunha memoria descritiva do proceso produtivo a implantar, da súa inversión e da viabilidade económica da mesma, asinados por técnico competente.
- Presentarase unha descrición do proxecto construtivo, xustificativo da superficie solicitada, da ocupación prevista e da edificación proxectada.
- Entre os criterios de adxudicación atópanse o interese da actividade, o número de parcelas a adquirir, o prezo ofertado, traslado de empresa, empresa de nova creación, proxectos subencionados, réxime xurídico das vendas, dereito de adquisición preferente e empresas dirixidas por xoves ou que teñan interese social.
- O adxudicatario deberá solicita-las correspondentes licencias de edificación e apertura, no prazo máximo de dous anos e acreditando debidamente a Xestur A Coruña. No caso de renuncia ou desistencia do expediente administrativo de solicitude de licenza polo adxudicatario facultará a Xestur A Coruña para dar por resolta esta compravenda, quedando as obras realizadas na parcela en beneficio da mesma. Neste caso o rescate farase polo prezo da compravenda deducíndose do mesmo o importe das cargas e gravames constituídos.
- O prazo para solicitar as licencias non será prorrogable no caso de transmisión ou alleamento da parcela.
- O adquirente está obrigado a edificar na súa totalidade as parcelas adxudicadas no prazo sinalado na licenza de obras ou no seu defecto nos prazos fixados na normativa galega.
- Para o caso de que a parte adquirente producise, por calquera causa que lle fose imputable, danos na rúa, redes de servizo, beirarúas e demais instalacións do parque, esta comprometerase a aceptar a taxación dos mesmos por parte dos técnicos municipais, ou de Xestión Urbanística de A Coruña S.A. e a satisfacer o importe da reparación que estes fixen, ó Organismo encargado do mantemento e coidado do Parque empresarial ou, no seu defecto, ó Concello.
- Ademais neste prego de bases, esixíase ós adquirentes das parcelas integrarse na Entidade que debe ser creada para a conservación do Parque Empresarial, comprometéndose a satisfacer os gastos proporcionais que correspondan ás súas parcelas, de acordo co que estatutariamente se determine. A parte compradora faculta ó Concello ou a Xestión Urbanística de A Coruña S.A, segundo proceda, para redactar e aprobar os Estatutos ou Regulamento da Entidade de Conservación do parque, fixando os coeficientes de

PROXECTO SECTORIAL DO PARQUE EMPRESARIAL DE CERCEDA (A CORUÑA)

conservación das parcelas e comprometéndose a satisfacer os gastos proporcionais de conservación. Ademais, esixiuse que os adquirentes se integrarán na comunidade de Propietarios e aportarán a dita comunidade os gastos de conservación en proporción a cota de participación que lle corresponda en función da súa superficie

5.7 MEDIO SOCIOECONÓMICO

- Correcta sinalización de aviso de obras, de forma que sexa posible evitar trastornos na circulación xerados polas actividades construtivas da nova vía e a presenza de maquinaria pesada, durante a fase de construción.
- Procederáse a restauración do viario afectado polo tránsito de camiões con materiais de construción. Para iso procederáse á limpeza do viario, a reparación do firme naqueles tramos onde se viu deteriorado polo paso dos vehículos da obra, e a reposición de todos aqueles servizos que poidan haberse visto afectados ou danados polo incremento da circulación de vehículos pesados.
- Utilización preferente da mano de obra local.
- Utilización preferente dos recursos materiais ofrecidos polo medio inmediato á obra.
- Utilización preferente dos materiais de construción manufacturados no contorno comarcal.
- Establecemento de mecanismos deseñados para informar aos habitantes da parroquia de: natureza das obras, alcance, obxectos, trazado e prazo de execución.
- Apantallamento do PEC mediante un cinto perimetral de zona verde.
- Realización dos traballos de movementos de terra e transporte de materiais en condicións atmosféricas favorables, evitando traballar con ventos fortes durante períodos secos, para evitar afeccións nas vías respiratorias, perda de valor das colleitas e calidade estética do contorno.
- Elección duns vertedoiros de sobrantes axeitados e planificación das rutas a seguir polos camiões para realizar o vertido, evitando na medida do posible, o paso por zonas poboadas e a utilización das estradas co tráfico mais denso das posibles.
- Cumprir o código de accesibilidade para as persoas con mobilidade reducida garantindo a non exclusión.
- Incluír nos pregos de condicións de Xestur A Coruña, criterios de adxudicación das parcelas industriais nos que se puntúe o traslado de empresas, as empresas de nova creación, empresas dirixidas por xoves e aquelas con interese social.
- Valorar por parte de Xestur A Coruña aspectos propios das actividades que se pretenden instalar, como son: empresas de economía social e empresas vinculadas á mellora, complemento ou peche dos ciclos produtivos da área económica funcional na que se insiren. Deste xeito estase a intentar pular polo maior desenvolvemento da área, o que reverterá no beneficio de toda a comunidade.
- Pularase por un desenvolvemento profesional e persoal e favorecer a cohesión social. Neste senso están programados distintos espazos para o espaxemento para que todos os membros do polígono se vexan atendidos, espazos de calidade e ben comunicados desde calquera punto do polígono, co que establecer relacións persoais e profesionais e favorecendo a cohesión social ao darse estas relacións en ambientes máis proclives.
- Pularase por o maior desenvolvemento posible da área favorecendo o asentamento de empresas de economía social e empresas vinculadas á mellora, complemento ou peche dos ciclos produtivos da área económica funcional na que se insiren revertendo así no beneficio de toda a comunidade.

PROXECTO SECTORIAL DO PARQUE EMPRESARIAL DE CERCEDA (A CORUÑA)

5.8 MOBILIDADE

- O sistema viario deberá dar continuidade aos viais existentes e ter en conta o tráfico xerado por vehículos privados, transporte público, bicicletas, peóns e persoas con mobilidade reducida.
- Estudar as posibilidades do programa TES+BUS de cara a evitar o uso masivo do vehículo privado e promocionar no seu caso a súa utilidade.
- Fomentarse o uso de transportes alternativos ó automóbil como o transporte colectivo en autobús, carpooling ou coche compartido, a bicicleta ou o acceso a pé.
- Fomentar a creación, incluso por parte dos empresarios, de liñas de autobús con destino e orixe á zona industrial adaptadas os horarios de traballo.

Con estas medidas conséguense:

- ❖ Reducir os custos de desprazamento dos traballadores, especialmente de aqueles que residen en núcleos illados ou con pouca densidade, onde o transporte público non accede.
- ❖ Redúcese o número de vehículos en circulación, coa conseguinte mellora do tráfico nas estradas e a redución no volume de gases contaminantes.
- ❖ Redúcese a necesidade de prazas de aparcadoiro.

Este modo de transporte pódese fomentar a través de páxinas web onde a xente que quere compartir o coche pode contactar con outras persoas que están na mesma situación.

O acceso en bicicleta e a pe plantéxase cando os desprazamentos son pequenos, isto é, para a xente dos núcleos máis próximos.

Dentro do Parque todas as vías están dotadas de beirarrúas, as velocidades están restrinxidas e as pendentas son pequenas satisfacendo así as necesidades máis importantes destes medios. Para favorecer a utilización da bicicleta é preciso dispor de aparcadoiros específicos cunha distribución adecuada dentro do Parque.

5.9 PAISAXE

- As novas construcións e instalacións deberán integrarse no contorno no que se emprazan e na paisaxe, polo que deberanse ter en conta os materiais, cores e acabados empregados.
- Conservar e integrar, na medida do posible, as especies arbóreas existentes como medida enriquecedora da paisaxe e de conservación dos valores naturais.
- Someter os noiros e desmontes a un tratamento paisaxístico e garantir a súa conservación e mantemento.
- Co fin de minimizar a incidencia visual e favorecer a integración paisaxística do Parque planificarase un cinto verde o redor perímetro do Parque incluíndo especies de folia perenne.
- Realizar a elección do mobiliario urbano tendo sempre en conta a súa integración na paisaxe.
- O tendido de cables para o servizo telefónico ou a implantación de outras instalacións como gas, cable, fibra óptica, et, e as súas instalacións auxiliares executaranse sempre que sexa posible de forma subterránea.

5.10 PATRIMONIO

Como medida xeral, deberase realizar un Seguimento e Control Arqueolóxico de todos os movementos de terras que se vaian a acometer na superficie recollida na zonificación: parcelas de uso industrial,

PROXECTO SECTORIAL DO PARQUE EMPRESARIAL DE CERCEDA (A CORUÑA)

infraestruturas, equipamentos, aparcadoiro, zonas verdes e rede viaria durante a fase de execución da obra.

5.11 SOLO

Neste caso, as medidas que se establecen son de carácter preventivo e deben ir orientadas fundamentalmente a evitar os procesos erosivos e a contaminación de solos. Entre estas medidas defínense as seguintes:

- Realizárase o abasto e conservación do máximo volume posible de solo fértil para o seu posterior emprego nos procesos de recheo, rexeneración das pendentes naturais, para a revexetación e o acondicionamento paisaxístico.
- Adecuarase a urbanización as condicións topográficas
- Procederase a revexetación dos noiros nun curto espazo de tempo para evitar perdas do solo.
- Utilizaranse solos permeables nas praias de aparcamentos que favorezan a drenaxe das augas fluviais e o desenvolvemento de liques e vexetación herbácea.
- Plantaranse todas as zonas verdes evitando deixar superficies sen cuberta vexetal
- O PSPEC adaptase a topografía garantindo a compensación de terras durante a fase de urbanización, de tal maneira que non son de esperar sobrantes, coas vantaxes económicas e ambientais que isto trae consigo.
- As zonas non aptas para o seu desenvolvemento pasan a integrar a zona verde do PEC.
- Os dous regos que atravesan a zona en desenvolvemento intégranse na ordenación en zonas verdes accesibles preservándoos do proceso urbanizador e fomentando a súa posta en valor.
- A zona verde dispónse a modo de filtro ao redor de todo o Parque, exercendo un efecto pantalla sobre os asentamentos de poboación e as estradas que o rodean.

PROXECTO SECTORIAL DO PARQUE EMPRESARIAL DE CERCEDA (A CORUÑA)**6 VIABILIDADE ECONÓMICA DA ORDENACIÓN ADOPTADA**

Avaliase a viabilidade económico – financeira da actuación a partir da estimación da inversión necesaria para a execución dos distintos traballos e obras que permitirán o desenvolvemento do Parque Empresarial de Cerceda.

A inversión necesaria para a execución das distintas obras que permitirán o desenvolvemento de Parque Empresarial ascende á cantidade de DEZASEIS MILLÓNS OITOCENTOS CORENTA MIL NOVECENTOS DEZAOITO CON DEZ CÉNTIMOS (16.840.918,10 €).

O presuposto estimado para a adquisición de terreos e expropiacións ascende á cantidade de TRES MILLÓNS SETECENTOS OITENTA E CINCO MIL SETECENTOS NOVENTA E CATRO EUROS CON ONCE CÉNTIMOS (3.785.794,11 €).

O custo dos traballos técnicos necesarios para a execución do Parque ascende a (CATROCENTOS MIL EUROS) 400.000,00 €.

En consecuencia, a inversión total prevista é de VINTE MILLÓNS SETECENTOS ONCE MIL CENTO CORENTA E SETE EUROS CON CORENTA E OITO CÉNTIMOS iva incluído (20.626.712,21 €).

Deste modo, o custo medio que resulta para o conxunto da actuación elévase aos CORENTA EUROS CON CATRO CÉNTIMOS (40,04€) por metro cadrado de parcela empresarial cunha repercusión de SETENTA E DOUS CON OITENTA E CINCO CÉNTIMOS (72,85€) euros por metro cadrado edificable de uso industrial.

A partir destes datos e atendendo á diversidade de situacións e usos previstos no Proxecto Sectorial, a entidade xestora establecerá o marco de definición dos prezos do solo empresarial urbanizado, que dean cobertura á estrutura de custos antes mencionada.

No que se refire ao Informe de Sustentabilidade Ambiental, as medidas contempladas tentan previr e corrixir os efectos negativos que o Proxecto pode ter no ámbito, sendo ben de tipo estrutural e de deseño ou ben de boas prácticas, incluíndose o custe das primeiras nas partidas correspondentes o presuposto de urbanización interior do PEC.

PROXECTO SECTORIAL DO PARQUE EMPRESARIAL DE CERCEDA (A CORUÑA)

7 PLAN DE SEGUIMIENTO E CONTROL

A lei 972006, de 28 de abril, sobre a avaliación de determinados plans e programas no medio ambiente, establece no seu Art. 25, que os órganos promotores deberan realizar un seguimento dos efectos no medio ambiente da aplicación ou execución dos plans e programas co obxectivo de identificar con prontitude os efectos adversos non previstos e poder desenvolver a tempo as medidas axeitadas para evitalos.

Polo tanto, o plan de seguimento servirá para establecer un sistema de avaliación continua da incidencia do Proxecto que permita comprobar si se teñen en conta as medidas de mellora ambiental, e detectar desviacións dos efectos previstos xa que moitos deles estímense de maneira predictiva.

En resumo, os principais obxectivos que persegue o plan de seguimento e control concéntranse nos seguintes:

- Comprobar a evolución dos impactos previstos de maneira que non se superen as magnitudes asignadas no presente informe, así como reducir esas magnitudes ao mínimo posible.
- Establecer un sistema que garanta o cumprimento das medidas protectoras e correctoras contidas neste informe.
- Comprobar que as medidas correctoras propostas son realmente eficaces e deseñar as medidas correctoras necesarias no caso de que as existentes non sexan suficientes.
- Permitir a valoración dos impactos que sexan dificilmente cuantificables ou detectables na fase de estudo podendo deseñar novas medidas correctoras en caso de que as existentes non sexan suficientes.
- Proporcionar información de aspectos medioambientais pouco coñecidos.

7.1 VIXILANCIA AMBIENTAL DAS OBRAS DE URBANIZACIÓN E EDIFICACIÓN

a) OBXECTIVOS

Comprobar que, na execución de adoptáronse as medidas protectoras e correctoras definidas no ISA, na Memoria Ambiental e, no seu caso, no condicionado ambiental de cada instrumento de desenvolvemento. Comprobar o grao de eficacia de ditas medidas.

b) ACCIÓNS

Realizaranse controis mensuais en cada ámbito de desenvolvemento do Proxecto Sectorial. Os aspectos a valorar dependerán do condicionado ambiental aplicable a cada caso, sendo os seguintes os máis habituais:

- ❖ Emisións de gases e partículas á atmosfera, que serán analizados mediante as técnicas apropiadas.
- ❖ Niveis sonoros ao redor das obras. Este control deberá realizarse mediante instrumental adecuado, tomando como referencia a normativa sectorial e as recomendacións da OMS.
- ❖ Aparición de procesos erosivos.
- ❖ Execución dos movementos de terra, que deberán realizarse conforme establece a normativa urbanística.
- ❖ Cambios de uso e escavacións en terreos nos que se desenvolveu no pasado algunha actividade potencialmente contaminante, e en particular en todos aqueles declarados como solos contaminados.
- ❖ Existencia de zonas con inestabilidade de ladeiras.
- ❖ Xestión dos residuos das obras.
- ❖ Verteduras líquidas procedentes da maquinaria ou das obras.

PROXECTO SECTORIAL DO PARQUE EMPRESARIAL DE CERCEDA (A CORUÑA)

- ❖ Retirada, provisión e reemprego da terra vexetal
- ❖ Mantemento das áreas axardinadas, plantacións, etc. existentes que poidan verse afectadas polas obras.
- ❖ Execución do axardinamento, e en particular da compensación dos exemplares eliminados.
- ❖ Aplicación de medidas encamiñadas á conservación dos elementos ambientais de interese.
- ❖ Aplicación de medidas tendentes á protección dos elementos patrimoniais, incluídos os xacementos arqueolóxicos.
- ❖ Integración paisaxística das novas zonas urbanizadas e dos edificios.

c) RESPONSABLES DO SEGUIMENTO

Serán responsables deste seguimento os Servizos Municipais e o Xestur A Coruña en calidade de promotor do PEC.

d) INFORMES DE SEGUIMENTO

Emitiranse informes trimestrais sobre a vixilancia ambiental das obras de urbanización e edificación, que contará cos seguintes contidos:

- ❖ Características xerais e os condicionantes ambientais da obra.
- ❖ Resumo do resultado dos controis realizados.
- ❖ Principais incidencias rexistradas.

Cando se detecten desvíos ou incumprimentos graves de medidas correctoras, emitírase un informe con carácter urxente achegando toda a información necesaria para actuar en consecuencia. Así mesmo, poderán emitirse informes especiais cando calquera aspecto da obra xere uns impactos superiores aos previstos.

7.2 INDICADORES DOS OBXECTIVOS AMBIENTAIS E PRINCIPIOS DE SUSTENTABILIDADE

Os indicadores establecidos neste plan de seguimento funcionan como ferramentas de medición da evolución do PSPEC cara o cumprimento dos obxectivos xerais da proposta de planeamento e os específicos para cada variable da sustentabilidade.

Os indicadores deben cumprir cunha serie de características básicas:

- Deben estar relacionados cos obxectivos de maneira que presenten a evolución da aplicación do planeamento cara ás intencións declaradas.
- Deben ser facilmente medibles e posibles de analizar en series temporais.
- Deben reflectir a evolución temporal, de xeito que podan analizarse para previr ou corrixir tendencias negativas.
- O seu número debe ser reducido, co obxectivo de ser facilmente comprensibles por tódolos axentes implicados.
- Deben estar dispoñibles facilmente e non requirir de múltiples fontes de información para a súa obtención.

Neste apartado apórtanse unha batería de indicadores de planeamento (o valor destes indicadores foi calculado en función das determinacións do PSPEC, non sendo posible o seu seguimento no tempo.) e de seguimento (indicadores que marcan a evolución das distintas variables) para as diferentes variables analizadas, co seu correspondente criterio de medición e na maior parte dos casos co seu valor inicial de referencia, que debe servir de punto de partida.

PROXECTO SECTORIAL DO PARQUE EMPRESARIAL DE CERCEDA (A CORUÑA)

Ao longo do desenvolvemento deste informe detectáronse numerosas lagoas de información e coñecemento, sobre algunhas das variables estudadas. Polo tanto, considerase conveniente empregar a elaboración do PSPEC para tratar de cubrir estas carencias e ir acumulando información que sirva de base experimental para posteriores estudos. Así, o sistema de seguimento considerase un sistema aberto con capacidade para modificar, cambiar ou adaptalo as situacións que nun futuro se poidan dar ou a dispoñibilidade de información que permita engadir mais avaliacións ao programa. Desta maneira, este sistema de control serve tamén como mecanismo de retroalimentación mediante o cal os resultados obtidos poden servir para modificar os obxectivos iniciais e en xeral permitir a revisión periódica do PSPEC.

a) OBXECTIVOS

O sistema de indicadores permitirá avaliar a sustentabilidade do planeamento mediante o seguimento da evolución do concello cara o cumprimento dos obxectivos xerais propostos para o desenvolvemento do PEC, así como dos obxectivos específicos establecidos para cada unha das variables analizadas.

b) ACCIÓNS

Unha vez definidos e cuantificados os indicadores, realizarase o correcto seguimento dos indicadores propostos e/ou aqueles de maior importancia decididos de forma conxunta, a través de elaboración da Memoria de seguimento. Nesta memoria de seguimento detallaranse os métodos de avaliación dos indicadores empregados e a súa relación cos inicialmente propostos.

A memoria de seguimento a realizar constará como mínimo dos seguintes contidos:

- ❖ Indicadores sobre os que se realizou o seguimento
- ❖ Método de avaliación/medición/estimación dos indicadores propostos.
- ❖ Comparación entre o indicador recollido a nivel de ISA/Informe Final/Memoria Seguimento e o real.
- ❖ Proposta de actuacións en caso de existencia de diferenza significativa entre os valores medidos/estimados e os propostos.

c) RESPONSABLES

O Promotor (Xestur A Coruña) e o Órgano ambiental (Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas).

d) INFORMES

A Memoria de seguimento do PSPEC terá carácter anual durante os tres primeiros anos, trianual ata os 12 anos e cada cinco anos de aí en diante, que serán remitidos ao órgano ambiental e aos organismos ou Administracións que este así o requira.

Os obxectivos da realización desta memoria de seguimento son os seguintes:

- ❖ Posta en valor dunha serie de indicadores de cara a futuras actuacións.
- ❖ Correlación entre o indicador proposto a nivel de Proxecto e o real, determinar a eficacia da actuación e o grado de cumprimento dos obxectivos a alcanzar.
- ❖ Punto de partida de cara a toma de decisións.

Unha vez realizados e revisados os indicadores, a Dirección Ambiental disporá dun plan de Actuación no que se detallarán as actuacións a desenvolver en caso de que os indicadores propostos no ISA sexan superados de forma clara e representen un incumprimento dos obxectivos propostos. Por este motivo, o primeiro paso e a definición dun marxe de tolerancia, e dicir, o marxe que se asume non é significativo con respecto o valor dos indicadores propostos no presente informe.

PROXECTO SECTORIAL DO PARQUE EMPRESARIAL DE CERCEDA (A CORUÑA)

Considerase que o Plan de actuación debe ter un marxe de tolerancia dun 25% na superación do valor proposto como indicador no presente ISA. Trátase dun valor relativamente alto, pero tamén hai que ter en conta que son valores obtidos a nivel de proxecto polo que o erro asociado o mesmo tamén é relativamente alto. En caso de superación deste marxe de tolerancia o Concello por iniciativa propia ou a petición da Consellería correspondente, realizará aquelas actuacións que resulten imprescindibles para o cumprimento dos obxectivos asociados o Plan de actuación, polo que ademais da superación do indicador, debe ser avaliado o grao de cumprimento dos obxectivos marcados de cara a decisión de tomar ou non as medidas axeitadas.

PROXECTO SECTORIAL DO PARQUE EMPRESARIAL DE CERCEDA (A CORUÑA)

CADRO Nº 19 .- INDICADORES DE SEGUIMENTO a)

V	Obxectivo	Indicador	Método de medición
Atmosfera	- Controlar as emisións contaminantes e minimizar os efectos do Proxecto sobre a calidade do ar e o cambio climático.	GEI xerados (ver apdo 4.3.8 ISA): 14.649 T/ano	Solicitude o laboratorio galego de medio ambiente dos datos de inmisión de contaminantes da rede. Estimación dos datos relativos a calidade do aire na zona de estudo.
Ciclo hídrico	- Garantir o funcionamento do ciclo hídrico en todas as fases e procesos así como a viabilidade dos sistemas de saneamento e abastecemento en función das demandas estimadas. - Promover o aforro no consumo.	Caudal máximo de saneamento xerado: 35,40 l/s Existencia de redes separativas Capacidade máxima do sistema de abastecemento: 4.200 m3 Demanda máxima estimada de consumo de auga para o ámbito: 35,40 l/s Orixe da captación: Río Lengüelle % de auga reempregada Nº de empresas con autorización de vertedura	Solicitude ó organismo de augas os datos relativos o consumo de auga no ámbito do PEC e a capacidade máxima e media do mesmo. Comprobación do número de parcelas conectadas as redes de abastecemento e saneamento. Petición de datos o órgano Xestor da depuradora de datos relativos a calidade do vertido dos efluentes residuais. Comprobación da existencia e emprego de fontes alternativas de auga.
Ciclo de materiais	- Xestionar eficientemente os fluxos de materiais e residuos. - Fomentar o reemprego e a reciclaxe. - Prever dotación axeitada de espazos para a recollida, tratamento e xestión de residuos para o eido.	Espazos para a recollida e tratamento de residuos. Nº Accesibilidade a Punto Limpo: 1.5 Km Xeración de residuos tóxicos e perigosos: Kg/ ano Xeración de RSU, Envases lixeiros, Papel e cartón, vidro. kg / día Xeración de residuos de construción e demolición. Kg /ano	Estimación da cantidade residuos recollidos de cada tipoloxía en kg / día por parte da entidade xestora de residuos (a partir do número de camións, capacidade contedores etc.). Comparativa cos valores actuais recollidos no apdo. de residuos do ISA. Distribución da Xestión dos residuos recollidos (% reciclado. % que vai a Sogama)
Enerxía	- Promover o aforro no consumo enerxético. - Pular polo uso de recursos enerxéticos renovables.	Consumo enerxético previsto: 6.100 Kw Nº edificacións con certificación enerxética. % Consumo de alumeadado público do PEC sobre o total municipal. %	Petición a empresa de electricidade de datos de consumo de Enerxía Eléctrica e da Compra de Enerxía Eléctrica Fotovoltaica. Estimación en función do número de horas de funcionamento, posición, etc. da enerxía xerada.

PROXECTO SECTORIAL DO PARQUE EMPRESARIAL DE CERCEDA (A CORUÑA)

CADRO Nº 20 .- INDICADORES DE SEGUIMENTO b)

V	Obxectivo	Indicador	Método de medición
Medio industrial	- Contribuír a creación dun entorno de traballo de calidade, optimizando a eficiencia das actividades económicas e pular pola eficiencia no aproveitamento das infraestruturas empresariais, así como no consumo de recursos e na prevención da contaminación.	Nº total de parcelas de uso industrial: 62 Nº de empresas con sistemas de xestión ambiental ou sistemas de prevención de riscos laborais: 30%	Descrición da rede de espazos verdes e das novas actuacións no entorno. Seguimento sobre o cumprimento dos prazos fixados para desenvolver os Proxectos empresariais en cada parcela.
M. Socioeconómico	- Considerar a estrutura demográfica e socioeconomía do eido e da súa área de influencia. - Favorecer un contorno de traballo seguro e saudable - Garantir a non exclusión e favorecer a cohesión social.	Superficie de solo para actividades económicas respecto o total do eido: 231.257 m2 Superficie de solo dedicada a dotación de equipamentos e infraestruturas comunitarias: 8.217 m2 Taxa de desemprego: 8,05 % (Caja España 2009) Grao de avellentamento da poboación: 27,07% (IGE 2009) Renda dispoñible bruta: 9.494 €/hab (IGE 2002)	Solicitude os concellos ou extracción de datos do Instituto Galego de Estatística e/ou Instituto Nacional de Estatística dos datos relativos a porcentaxe de paro, traballadores desprazados a outros concellos, poboación activa/pasiva. Descrición da dotación de equipamentos e infraestruturas. Grado de avellentamento pob>65 anos/pob total x 100
Mobilidade	- Reducir as necesidades de mobilidade, facilitando unha conectividade eficiente cara os principais destinos.	Intensidade media diaria prevista de vehículos: 2086 Itinerarios peonís preferentes: 1.489 m2 Itinerarios destinados a tráfico rodado: 49.806 m2 Distribución dos desprazamentos por modos: % persoas que usan o transporte pública para acceder o PEC, (30%) % vehículo privado (65%), % outros (0,5).	Descrición do estado do transporte público: Liñas accesibles, nº de liñas de bus urbano existentes, frecuencia e paradas incluídas dentro do ámbito de actuación. Análise da memoria de tráfico elaborada pola D.X de Infraestruturas.

PROXECTO SECTORIAL DO PARQUE EMPRESARIAL DE CERCEDA (A CORUÑA)

CADRO Nº 21 .- INDICADORES DE SEGUIMENTO c)

V	Obxectivo	Indicador	Método de medición
Natureza	<ul style="list-style-type: none"> - Preservar a integridade funcional dos sistemas naturais e xestionar a funcionalidade propia dos recursos naturais. - Fomentar a conectividade biolóxica mediante a continuidade física das zonas verdes. 	<p>Superficie de zonas verdes, servizos básicos e equipamentos con respecto ó ámbito total: 27,06%</p> <p>Accesibilidade ás zonas verdes, servizos básicos e equipamentos: 100%</p> <p>Superficie de solo protexido polo seu valor natural ou ecolóxico: 28.022m2</p>	<p>Estudo de especies autóctonas, ou de valor natural e ecolóxico baixo protección.</p> <p>Estudo da situación das zonas verdes, equipamentos e demais infraestruturas comunitarias.</p>
Paisaxe	<ul style="list-style-type: none"> - Preservar os elementos paisaxísticos de interese. - Favorecer a integridade paisaxística. 	<p>Superficie de protección de compoñentes e elementos de interese ambiental e paisaxístico: 122.248 m2.</p>	<p>Realización dun estudo paisaxístico delimitando a área de influencia do Proxecto.</p>
Patrimonio	<ul style="list-style-type: none"> - Preservar e valorizar os elementos patrimoniais. 	<p>Elementos Patrimoniais protexidos respecto á situación anterior: 100%</p>	<p>Seguimento arqueolóxico durante as obras, realización de sondaxes, revisión e comprobación dos estudos arqueolóxicos e do patrimonio cultural realizados.</p>
Solo	<ul style="list-style-type: none"> - Axustar os usos ó entorno e ós obxectivos propios do planeamento. - Pular por un desenvolvemento ordenado eficiente. - Favorecer a infiltración natural da auga de chuvia e o seu retorno o medio minimizando a creación de superficies impermeables. - Considerar a mobilidade como variable fundamental na formulación das alternativas. 	<p>Superficie de solo industrial respecto ó total do ámbito do Proxecto Sectorial: 231.257 m2.</p> <p>Superficie de solo sen alterar respecto ó total do ámbito do Proxecto Sectorial: 93.86 do SREP Infraestruturas e o 24.48 % da superficie urbanizable.</p>	<p>Medición directa do recurso do solo, no tocante a distribución dos seus usos , o seu estado de conservación e a súa capacidade portante con respecto a edificación, incluíndo viario no ámbito.</p> <p>Análise das afeccións das actividades industriais no entorno, tanto naturais como patrimoniais, si como no resto do territorio.</p>

PROXECTO SECTORIAL DO PARQUE EMPRESARIAL DE CERCEDA (A CORUÑA)

8 ANÁLISE DA COHERENCIA

8.1 COHERENCIA INTERNA

O PSPEC forma parte das medidas (municipio RECHAR, Plan Miner, etc) orientadas a potenciar o tecido industrial e a creación de emprego no municipio de Cerceda procedendo á transformación de solo necesario para a implantación de actividades relacionadas fundamentalmente co comercio, a industria, a almacenaxe e a distribución.

O Proxecto forma parte dun modelo de desenvolvemento integral e sostible das comarcas mineiras dada a continua situación de crise, as sucesivas reconversións e a histórica dependencia do carbón de cara a afrontar os elevados niveis de desemprego e neutralizar as consecuencias do esgotamento da actividade mineira en Meirama.

A actuación do PSPEC non se limita o eido municipal se non que abrangue a outros concellos e comarcas limítrofes outorgándolle unha influencia supramunicipal. A nivel global, o PSPEC constituirá un elemento catalizador do desenvolvemento económico das Comarcas de Cerceda e Bergantiños así como da Área Metropolitana Coruñesa, permitindo ás empresas ampliar o seu espazo produtivo e con iso, provocar un efecto dinamizador sobre o emprego, tanto o directo como o inducido a outros sectores.

Para o Concello de Cerceda actuará, ademais, como o motor dunha dinámica investidora, facéndoa atractiva para a fixación das empresas industriais necesarias para a diversificación da súa economía, e como apoio á infraestrutura industrial existente.

Todas estas circunstancias, unidas aos económicos prezos do solo industrial, abren perspectivas económicas moi boas para o municipio, que se sitúa xa na actualidade como un dos concellos coa renda per cápita máis alta de Galicia e cunha dotación de servizos equiparable á de concellos que contan con moita máis poboación.

A alternativa escollida para o desenvolvemento do PSPEC favorece o desenvolvemento equilibrado e sustentable do territorio e adapta as necesidades e sensibilidades actuais da poboación de Cerceda a unha serie de aspectos básicos relacionados cos valores naturais o medio ambiente en xeral, as dotacións ou a economía.

A ordenación urbanística esfórzase, como primeiro obxectivo, por integrar e reforzar a presenza e o ambiente así como os elementos existentes e completar a súa estrutura viaria e as conexións tanto coa rede viaria xeral como cos solos industriais contiguos. Así o proxecto consegue unha trama viaria regular que permite ao mesmo tempo obter o maior número posible de parcelas regulares, cunhas proporcións adecuadas ao uso industrial e terciario ao que se destinen.

O Proxecto acada unha implantación topográfica óptima, nun espazo con topografía suave, que se adapta en todo o seu perímetro ás conexións cos solos industriais existentes e en desenvolvemento e coa rede viaria xeral e local que da servizo aos núcleos de poboación existentes.

As condicións topográficas e medioambientais, así como as infraestruturas e implantacións industriais contiguas existentes, acotan o desenvolvemento do Proxecto, que se adapta a elas na medida en que poda dar solución ao mesmo tempo aos usos aos que se destinará o solo. Neste senso e en canto á súa implantación, o PSPEC alcanza unha boa adaptación topográfica, garantindo a compensación de terras durante a fase de urbanización, de tal maneira que non son de esperar sobrantes, coas vantaxes económicas e ambientais que isto trae consigo.

Respecto os sistemas de espazos libres e dotacionais, os espazos verdes concéntranse nas zonas que presentan as características ambientais mais salientables, (zona cursos de auga existentes), cuxas dimensións os fan funcionalmente útiles para o uso público. Estas zonas complementanse coa reserva para

PROXECTO SECTORIAL DO PARQUE EMPRESARIAL DE CERCEDA (A CORUÑA)

equipamentos que recualifican as zonas dotacionais e en xeral a ordenación do solo industrial existente.

Realízase a continuación unha avaliación mediante cadros entre as determinacións do PSPEC e os obxectivos establecidos.

CADRO Nº 22 .-AVALIACIÓN DO PSPEC COS OBXECTIVOS ESTABLECIDOS

REGULAR E ORDENAR EN DETALLE OS TERREOS DO PARQUE EMPRESARIAL DE CERCEDA

- O Proxecto Sectorial obtense como resultado de unha análise dunha serie de necesidades e problemas, dándolles unha resposta adecuada en tanto en calidade como en cantidade incorporando como obxectivos non só os propios do desenvolvemento industrial, senón tamén os obxectivos ambientais, asumíndoos como propios do planeamento. Estes obxectivos serviron de guía tanto para a localización e definición do ámbito, así como do deseño interior do parque, tanto o que se refire a viario, zonas verdes, parcelas, etc., senón tamén desde o punto de vista das infraestruturas.
- Na zonificación proposta, conxúgase o reducir o impacto ambiental coa viabilidade económica da inversión.
- As zonas verdes serven para acoller os elementos de valor ambiental, protexelos e poñelos en valor sacando o máximo partido as zonas non idóneas desde o punto de vista xeotécnico, e creando un borde exterior a modo de filtro verde respecto as estradas existentes, asentamentos de poboación e a liña do ferrocarril.
- O sistema dotacional do PSPEC, vinculado ao eixe principal concéntrase en dúas grandes zonas, a primeira, coincidindo cos cursos de auga existentes no ámbito, preservando coa ordenación proxectada os leitos públicos e a vexetación autóctona asociada a eles para o seu destino a parque público. A segunda zona dotacional localízase ao suroeste, no acceso ao PSPEC, ocupando un espazo representativo e de imaxe exterior, cunha pequena zona verde e que complementa e harmoniza o equipamento.
- O Parque Empresarial terá unha función estruturante no territorio xa que servirá para ordenar e racionalizar os asentamentos industriais, ampliando a oferta de solo industrial e cubrindo así a demanda, conseguindo así emprazamentos máis acordes coas súas expectativas de crecemento e implantación.
- A superficie de solo urbanizable é de 384.855,70 m², correspondéndolle unha ocupación máxima por edificacións de $384.855,70 \text{ m}^2 \times 2/3 = 256.570,47 \text{ m}^2$.
- Respectase a ocupación máxima de dous terzos da superficie do eido, o que implica unha ocupación sobre a superficie de uso privado do 70,00 %.
- O sector alcanza unha edificabilidade bruta de 0,60 m²/m².
- Adaptase a parcelación resultante a demanda existente e prevista en base a experiencias similares neste campo.
- Créanse zonas de transición entre o PEC e o núcleo de Sobre da Fonte a modo de pantalla verde.
- Compatibilízanse trazados e pendentes de viais e plataformas homoxéneas edificables co mínimo movemento de terras.
- Evitouse o trazado de novas vías de comunicación co PEC polo interior do núcleo respectándose a estrutura das súas rúas.
- A superficie destinada a zonas verdes (21,88%) supera nun 11% as reservas mínimas esixidas

PROXECTO SECTORIAL DO PARQUE EMPRESARIAL DE CERCEDA (A CORUÑA)

legalmente.

- A superficie destinada a equipamento supera as reservas mínimas esixidas legalmente.
- A ordenación do PSPEC ten en conta as áreas menos aptas para urbanizar desde un punto de vista xeotécnico integrándoas no sistema de espazos verdes.
- O PSPEC facilitará a recolocación de industrias na área favorecendo o seu traslado.
- O PSPEC contempla medidas para facilitar a implantación de empresas que demostren o seu grado de responsabilidade (por exemplo; OHSAS 18001) e o compromiso co medio ambiente (por exemplo: EMAS, ISO 14001).
- O PSPEC permite que se amplíen e melloren os fluxos socioeconómicos municipais co exterior.
- Esíxese para as empresas que se queiran instalar no PEC a presentación dunha descrición do proxecto construtivo, xustificativo da superficie solicitada de ocupación prevista e da edificación proxectada.
- Primase a implantación de empresas por traslado, empresas de nova creación, proxectos subencionados, empresas dirixidas por xoves ou aquelas que teñan interese social.
- O PSPEC conta cun Plan de Seguimento e Contral que permitirá observar a evolución das variables de sustentabilidade e o mesmo tempo detectar e facer unha medición obxectiva e sinxela dos cambios e impactos identificados adoptando as medidas axeitadas en caso de xurdir efectos prexudiciais inesperados.

CONSEGUIR UNHA REDE VIARIA REGULAR INTEGRADA NA REDE EXISTENTE

- Tivéronse en conta as afeccións derivadas da presenza da estrada CP-2405 e da vía do ferrocarril, principalmente derivadas das súas zonas de servidume e da posición da liña límite de edificación.
- A existencia do enlace da vía de alta capacidade V.G.R.-4.8 coa estrada provincial CP-0017, da que xorde un ramal que bordea ao sector, determina de forma unívoca a conexión do sector co sistema xeral viario existente. A partir da vía de alta capacidade, accédese á estrada PO-531 pertencente á Rede Primaria Básica, a partir da que se accede á autoestrada AP-9. A inexistencia doutros viais con capacidade suficiente para poder servir de conexión, impide considerar outra conexión principal que non sexa a partir da mencionada vía rápida, no extremo Sueste do sector.
- Os accesos ao Parque Empresarial de Cerceda realízanse polo seu borde Este a través de dúas rotondas proxectadas sobre a estrada municipal de Mesón do Vento a Cobeláns. Unha das conexións realízase a unha distancia de aproximadamente 440 m do enlace daquela coa AC-2405, situado a escasos 500 m da súa conexión coa AC-523, polo que a comunicación con esta vía é inmediata. Dita conexión garantirá a inserción do futuro Parque dentro da rede viaria existente e en execución, definindo unha clara situación estratéxica respecto ao Porto Exterior de Punta Langosteira, a través da A-6, e ao futuro Centro Loxístico e de Transportes de Culleredo.
- A rede viaria previuse para funcionar con dous sentidos de circulación en todos os viais. Os radios mínimos dos viais en planta, rotonda e interseccións cumpren coas recomendacións para o proxecto de interseccións da D.X de Estradas, para o caso de vehículos articulados.
- A estrutura da demanda de solo empresarial, implica a construción de viais compatibles con vehículos para transportes especiais, articulados e tráilers. Por isto, para este tipo de esixencias, a pendente máxima admisible será do 6 %, e os radios mínimos de xiro de 20 m, evitando os fondos de saco.

PROXECTO SECTORIAL DO PARQUE EMPRESARIAL DE CERCEDA (A CORUÑA)

- Co propósito de non interromper as condicións de uso dos terreos limítrofes co Parque, mantense os itinerarios peonís existentes a través do viario do Parque, suprimindo o obstáculo que este suporía para as aglomeracións de poboación situadas ao Norte e ao Sur do eido. Deste xeito, os eidos dos arredores situados no exterior quedan perfectamente servidos pola rede de camiños existentes e previstos así como a través dos distintos viais do Parque.
- O deseño viario dota o PEC de gran versatilidade para acoller diferentes usos e actividades fortalecendo o carácter supramunicipal de esta actuación.
- A creación dunha glorieta no límite leste do Parque permitirá a súa posible ampliación cara o leste.
- Os traxectos de comunicación para o acceso os aproveitamentos agrícolas próximos o sector vense mellorados coa nova actuación.
- O número total de prazas de aparcadoiro públicas supera o mínimo establecido legalmente.
- A rede peonil está formada por beirarrúas de 3,00 m de ancho o longo dos viais e os camiños peonís de 4,00 m de ancho en relación co viario do PEC que permiten manter os percorridos existentes.

COMPATIBILIZAR O PROXECTO SECTORIAL CO CICLO HÍDRICO

- Realízase o inventario das redes, dos medios e das súas capacidades e garántese a viabilidade dos sistemas de abastecemento e saneamento en función dos crecemento previsto.
- O PSPEC xustifica a dispoñibilidade de recursos hídricos indicándose a orixe da auga que abastece o concello e garante a viabilidade dos sistemas de abastecemento e saneamento.
- Instalaranse redes separativas de pluviais.
- A rede de sumidoiros evacuará os caudais das choivas previamente tratados o rego existente.
- Establécense franxas de protección para a rede hídrica que discorre polo eido en desenvolvemento.
- As augas recollidas pola rede de pluviais incorpóranse as concas naturais correspondentes de maneira que a rede hidrográfica non se vexa afectada.
- As aportacións de pluviais das parcelas desaugaranse mediante un tanque de tormentas que evitará sobrepasar a capacidade hidráulica dos noiros xerados entre o límite do parque e as parcelas e garantira a calidade do efluente evitando o vertido de contaminantes o tempo que permite laminar as puntas de avenida.
- O PSPEC promove o aforro dos recursos hídricos a prol dun uso sustentable dos mesmos establecendo medidas preventivas e correctoras para a súa optimización e polo tanto para mellorar a eficiencia do consumo dos recursos hídricos.
- O proxecto de urbanización detallara as zonas susceptibles de verteduras accidentais para aplicar dende o inicio as medidas dirixidas a súa prevención e control.

PROXECTO SECTORIAL DO PARQUE EMPRESARIAL DE CERCEDA (A CORUÑA)

MINIMIZAR OS EFECTOS DO PLANEAMENTO SOBRE A CALIDADE DO AIRE E O CAMBIO CLIMÁTICO

- O PSPEC regula a través da súa Normativa os usos industriais e os niveis de emisións permitidos segundo as actividades desenvolvidas.
- Ademais de cumprir coas esixencias requiridas polo CTE no seu documento básico de aforro enerxético o PSPEC establece unha serie de medidas preventivas e correctoras para garantir a redución das emisións atmosféricas.
- O PSPEC garante o cumprimento da lexislación vixente en canto a calidade do aire, protección contra a contaminación acústica e ruídos e vibracións durante o desenvolvemento dos usos propostos e aporta solucións para minimizar os efectos derivados dos crecementos previstos.
- Esixiranse as empresas que se instalen no Parque as melloras técnicas dispoñibles para minimizar as emisións atmosféricas de elementos contaminantes.
- A configuración do viario interior tivo en conta a redución da lonxitude dos desprazamentos de tráfico no interior do Parque.
- Púlase polo emprego de medios de transporte alternativo o vehículo privado como a bicicleta, o tren, o acceso peonil ou o carpooling.

FOMENTAR A MINIMIZACIÓN DE RESIDUOS E A RECICLAXE

- O PSPEC analiza o sistema de xestión de residuos municipal.
- Mediante a Normativa do PSPEC regúlase a actividade construtiva minimizando os impactos dos materiais empregados e fomentando a súa durabilidade, a reemprego e a reciclaxe.
- O PSPEC conta cunha regulación específica respecto a produción e xestión das augas residuais e o control das verteduras.
- As augas residuais xeradas condúcense a nova EDAR industrial prevista o leste do eido e que verte o río Barces.
- A limpeza e recollida dos residuos correrá a cargo do Concello de Cerceda.
- O proxecto de urbanización estimará a cantidade, tipoloxía, depósito e tratamento dos residuos xerados durante a fase de obras.
- O proxecto de urbanización do PEC contemplará a reserva dos espazos necesarios para a situación dos contedores para a recollida selectiva dos residuos.
- A boa adaptación topográfica do PSPEC garante a compensación de terras durante a fase de urbanización de xeito que non son de esperar sobrantes, coas vantaxes económicas e ambientais que isto trae consigo.

PROXECTO SECTORIAL DO PARQUE EMPRESARIAL DE CERCEDA (A CORUÑA)

CONSERVAR A BIODIVERSIDADE DO TERRITORIO
<ul style="list-style-type: none"> • Analízanse as áreas con maior fraxilidade ambiental mediante o establecemento de unidades ambientais que permiten analizar a capacidade de acollida do territorio en función do seu valor natural e cultural. • O PSPEC fomenta a conectividade biolóxica das zonas verdes e ten en conta o efecto barreira sobre a fauna, as formación vexetais e a fauna asociada. • Respéctanse en todo momento os leitos dos regos que atravesan o eido. • A zona verde entorno os regos constará de paseos ou percorridos lonxitudinais que constitúen un elemento amortiguador mais efectivo. • A revexetación do PEC suporá a introdución de novas especies forestais de carácter autóctono. • Conservase na medida do posible as especies arbóreas existentes. • O PSPEC pula pola posta en valor das áreas con maior interese ambiental para o desfrute da poboación. • O programa de revexetación da zona incluírá especies arbóreas que conferiran o eido do PEC o maior grado de naturalidade posible. • O PSPEC establece unha serie de medidas preventivas e correctoras orientadas a minimizar o impacto sobre a biodiversidade. • Manterase unha vixilancia exhaustiva sobre a calidade ambiental da realización dos traballos respecto á rede hídrica.
INTEGRAR E PROTEXER A PAISAXE NO PLANEAMENTO
<ul style="list-style-type: none"> • A alternativa escollida non afecta a zonas de especial fraxilidade paisaxística, nin de elevada incidencia visual. • O PSPEC dispón medidas correctoras e ordenanzas para evitar o impacto visual e volumétrico no Parque. • Conservase na medida do posible a vexetación existente como medida de integración paisaxística. • A revexetación de noiros e superficies denudadas e o mantemento dos regos existentes contribuirá a integrar a actuación o máximo posible no contorno.

8.2 COHERENCIA EXTERNA: ANÁLISE DE COMPATIBILIDADE ESTRATÉXICA

Como forma de garantir a coherencia da planificación e de evitar o risco da incorporación de actuacións con criterios alleos e inconsistentes coas Directrices de Ordenación do Territorio de Galicia (en adiante DOT), aprobadas definitivamente mediante o Decreto 19/2011, do 10 de febreiro, o Proxecto Sectorial do Parque Empresarial de Cereda realiza a presente ANÁLISE DA COMPATIBILIDADE ESTRATÉXICA (en adiante ACE) co obxectivo de avaliar o grao de compatibilidade entre o Proxecto e as aliñacións ou concordancias estratéxicas, obxectivos e criterios establecidos polas DOT.

As DOT fixan entre os seus obxectivos para o solo empresarial os seguintes:

- Establecer criterios de localización e de características dos espazos produtivos que permitan maximizar a súa eficacia para a atracción de actividades, e para a competitividade das empresas da Comunidade.

PROXECTO SECTORIAL DO PARQUE EMPRESARIAL DE CERCEDA (A CORUÑA)

- Mellorar a oferta incidindo na rehabilitación dos espazos existentes, a adaptación ás demandas e potencialidades de cada ámbito territorial e a busca de localizacións compatibles coa calidade dos ámbitos urbanos e do medio natural.
- Xerar novos espazos de actividade axeitados ás demandas creadas polas novas actividades terciarias como elementos de grande incidencia na calidade, no atractivo urbano e na competitividade territorial da Comunidade.
- Fixar as bases para unha administración racional da superficie industrial de Galicia, axustando a dispoñibilidade de solo á demanda existente e ás condicións do mercado.

Dende a perspectiva territorial debe favorecerse que, en cada rexión ou área urbana, se dea un axeitado equilibrio entre dotación global de áreas acondicionadas para estes usos e a demanda procedente de sectores produtivos consumidores de solo para actividades económicas. Lograrase así reducir a necesidade de longos desprazamentos residencia- traballo e favorecer unha mellor integración dos mercados de vivenda e traballo.

O desenvolvemento de novos polígonos debe orientarse cara a zonas exteriores dos núcleos urbanos, favorecendo a relocalización nestes ámbitos de actividades industriais e de tráfico pesado situadas no interior das cidades. Estas localizacións deben buscar unha axeitada situación en relación coas características ambientais do territorio e asociarse aos grandes eixes de transporte e a elementos de transporte colectivo que faciliten a súa relación cos ámbitos residenciais

En todos os casos, a planificación dos espazos para actividades económicas, tanto por ser de nova construción como por reconversión dos existentes, deberá facerse desde a perspectiva da ecoloxía industrial co fin de buscar a eficiencia e contribuír ao desenvolvemento sostible. A planificación destes espazos dende a perspectiva do interese estratéxico da Comunidade realizarase a través do Plan sectorial de solo empresarial de Galicia.

8.2.1 Consideración dos aspectos clave para a sustentabilidade

A continuación preséntase unha táboa resumo na que se compilan os aspectos clave identificados polas DOT en función da variable de sustentabilidade á que afectan de forma máis directa co obxectivo de facilitar a análise dos efectos do planeamento sobre os mesmos.

CADRO Nº 23 ASPECTOS CLAVE IDENTIFICADOS POLAS DOT

VARIABLE	ASPECTOS CLAVE
Ocupación do Territorio (OT)	Calidade do solo
	Exposición a riscos naturais e tecnolóxicos
	Vocacionalidade dos ámbitos
Paisaxe, Patrimonio natural e cultura (PPNC)	Integridade paisaxística
	Conservación do patrimonio natural e cultural
	Fragmentación do territorio
Sociedade e Economía (SE)	Competitividade económica
	Equilibrio do desenvolvemento económico

PROXECTO SECTORIAL DO PARQUE EMPRESARIAL DE CERCEDA (A CORUÑA)

	Cohesión social
	Calidade de vida da poboación
	Gobernanza
Atmosfera (A)	Calidade do aire
Ciclo Hídrico (CH)	Calidade da auga
	Consumo de recursos hídricos
Energía (En)	Consumo enerxético
Xestión de Residuos (Re)	Xeración de residuos
Cambio climático (CC)	Emisións de GEI
Mobilidade (M)	Necesidades de mobilidade
	Equilibrio no reparto modal

8.2.1.2 Ocupación do territorio

a) CALIDADE DO SOLO

O Proxecto forma parte das medidas orientadas a potenciar o tecido industrial e a creación de emprego no municipio procedendo á transformación de solo necesaria para a implantación de actividades relacionadas fundamentalmente ao comercio, a industria e a almacenaxe e distribución.

Os estudos realizados dende as fases iniciais do Proxecto foron a base para elaborar unha diagnose do eido de estudo que permitiu identificar os condicionantes e as necesidades socioeconómicas existentes na zona, para elaborar un Proxecto acorde coa realidade actual, no que no desenvolvemento previsto coincidan a máxima aptitude e o mínimo impacto negativo sobre os recursos naturais.

A execución do PSPEC leva implícito a ocupación do recurso solo e o conseqüente cambio nos usos do mesmo. Na actualidade os usos do solo correspóndense principalmente coa explotación forestal e os cultivos forraxeiros. Entre os cultivos forestais predominan as plantacións alóctonas de especies forestais de crecemento rápido para o seu aproveitamento madeireiro, coma o pino e o eucalipto.

O Proxecto Sectorial obtense como resultado do análise dunha serie de necesidades e problemas, dándolles unha resposta adecuada en tanto en calidade (situación, contido) como en cantidade (superficie desenvolta), incorporando como obxectivos non só os propios do desenvolvemento industrial, senón tamén os obxectivos ambientais, asumíndoos como propios do planeamento. Estes obxectivos serviron de guía tanto para a localización e definición do ámbito, así como do deseño interior do parque, tanto o que se refire a viario, zonas verdes, parcelas, etc., senón tamén desde o punto de vista das infraestruturas.

Na zonificación proposta, conxúgase reducir o impacto ambiental coa viabilidade económica da inversión.

b) EXPOSICIÓN A RISCOS

O PSPEC considera os riscos naturais e tecnolóxicos existentes no eido para escoller a alternativa finalmente seleccionada e adaptar a zonificación aos cambios previsibles como a variación da cota de inundación, a capacidade portante do terreo ou os riscos de contaminación entre outros.

c) VOCACIONALIDADE DO ÁMBITO

PROXECTO SECTORIAL DO PARQUE EMPRESARIAL DE CERCEDA (A CORUÑA)

A aplicación de políticas orientadas a potenciar o tecido industrial e crear emprego no municipio de Cerceda está sendo chave para neutralizar as consecuencias do esgotamento das reservas do xacemento de lignito de Meirama a finais de 2007 e mais o consecuente peche da central térmica que, nos anos 80, marcara a transformación industrial dun municipio cuxa base económica se sustentará ata aquel momento nas actividades agropecuarias.

O Concello de Cerceda, quere adiantarse ao cese da actividade en Meirama e minimizar así o impacto laboral que este peche podería ter sobre o municipio

Esta clasificación supón tamén un importante investimento en infraestruturas viarias para a conexión do parque empresarial coas principais vías de comunicación galegas

Todas estas circunstancias, unidas aos económicos prezos do solo industrial, abren perspectivas económicas moi boas para o municipio, que se sitúa xa na actualidade como un dos concellos coa renda per cápita máis alta de Galicia e cunha dotación de servizos equiparable á de concellos que contan con moita máis poboación.

Ante esta situación, o enclave escollido na área do Concello de Cerceda, constitúe un feito singular, ao presentar un número reducido de restricións antrópicas (edificacións, servizos ou infraestruturas existentes), que, xunto á posición con respecto ás Vías de Alta Capacidade o converten nunha zona especialmente axeitada para a implantación dunha infraestrutura das dimensións descritas.

As condicións topográficas e medioambientais, así como as infraestruturas e implantacións industriais contiguas existentes, acotan o desenvolvemento do Proxecto, que se adapta a elas na medida en que poda dar solución ao mesmo tempo aos usos aos que se destinará o solo.

Neste senso e en canto á súa implantación, o PSPEC alcanza unha boa adaptación topográfica, garantindo a compensación de terras durante a fase de urbanización, de tal maneira que non son de esperar sobrantes, coas vantaxes económicas e ambientais que isto trae consigo.

8.2.1.3 Paisaxe, patrimonio natural e cultural

a) INTEGRACIÓN PAISAXÍSTICA

O PSPEC define as compoñentes da paisaxe da zona de estudo e a súa conca visual analizando tanto a calidade como a fraxilidade paisaxística e a capacidade de absorción do eido.

O PSPEC realiza un estudo da paisaxe co obxectivo de preservar, protexer e poñer en valor compoñentes e elementos de interese e integrar a actuación no medio

Na Normativa do Proxecto inclúense determinacións específicas para a integración paisaxística das construcións conforme ao establecido na LOUG e no Decreto 262/2007, do 20 de decembro, polo que se aproban as Normas do Hábitat Galego, e outras determinacións complementarias destas enfocadas cara á perdurabilidade dos valores intrínsecos ao medio rural.

Respecto a integración paisaxística da actuación o cambio dos usos do solo é a incidencia mais notable. Sen embargo, a súa extensión, a inexistencia de vivendas no terreo e a proximidade de áreas antrópicas garanten que na zona proposta a magnitude do impacto paisaxístico sexa mínima. O Plan Xeral dispón na súa Normativa das medidas necesarias para evitar o impacto visual e volumétrico do Parque Empresarial de Cerceda e recolle as condicións de deseño e materiais co obxectivo de propiciar unha axeitada integración das edificacións na paisaxe.

b) CONSERVACIÓN DO PATRIMONIO NATURAL E CULTURAL

O PSPEC respecta os regos que discorren polo sector que supoñen un importante condicionante da ordenación.

PROXECTO SECTORIAL DO PARQUE EMPRESARIAL DE CERCEDA (A CORUÑA)

Por outra parte, non existen outros elementos ou espazos de interese incluídos na Rede Natura , na Rede galega de espazos naturais protexidos, habitats de interese, húmidiais, etc, susceptibles de protección.

Respecto aos elementos de valor cultural non se identifican no eido en desenvolvemento elementos de valor nin elementos ou áreas próximas susceptibles de sufrir algún tipo de afección polo desenvolvemento do Parque Empresarial de Cerceda.

c) FRAGMENTACIÓN DO TERRITORIO

A zonificación proposta pula pola conectividade ecolóxica do territorio outorgando un papel prioritario á rede hídrica, que serve de nexo entre os habitats naturais e favorecen a conectividade das poboación de flora e fauna.

O PSPEC toma como premisa que calquera intervención ao longo da súa fase de execución velará por manter a diversidade e funcionalidade ecolóxica do territorio.

8.2.1.4 **Sociedade e economía**

a) COMPETITIVIDADE ECONÓMICA

Desde o punto de vista territorial, a oferta de solo industrial, froito dunha planificación previa en localización e volume, é un factor vertebrador do territorio que contribúe de forma manifesta a paliar as disparidades intrarrexionais, dado que crea oportunidades sobre a base dun racional uso do solo.

Da agrupación de empresas en Parques Empresariais derivanse múltiples vantaxes, como os aumentos na produtividade, así como ás relacións comerciais entre empresas. Factores de localización que, xunto á dinámica económica dunha rexión, a existencia de boas comunicacións, o prezo competitivo do solo e a cualificación da man de obra, fan posible que unha zona sexa atractiva para as empresas, contribuíndo así ó desenvolvemento económico desa área.

b) EQUILIBRIO NO DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO

O funcionamento do polígono vai supor a instalación de novas empresas de ramas diversas no municipio, o que permitirá que a demanda de man de obra se traduza nun aumento do emprego da zona, afectando non só ao propio municipio senón tamén atraendo á poboación dos municipios máis próximos. Á vez producirase unha ordenación do solo industrial local, cun área concreta para o desenvolvemento das actividades industriais.

Así mesmo, ao actuar de dinamizador da actividade económica repercutirá, de modo indirecto, sobre sectores alleos ao propiamente industrial, tales como servizos, comercio, etc.

O PEC servirá para dar resposta, en parte, ás necesidades existentes na zona, creando espazos adecuados para a implantación de industrias cun nivel de servizos óptimos e contribuirá ao desenvolvemento económico e á creación de emprego en toda a comarca.

c) COHESIÓN SOCIAL

A execución do PSEC supón unha gran mellora para o municipio dende un punto de vista socioeconómico contribuíndo a elevar a calidade de vida e a cohesión social da poboación.

A localización do PEC nunha zona rural, pode incidir nun maior desenvolvemento da mesma, axudando a fixar a poboación e a frear o fenómeno do éxodo rural.

d) CALIDADE DE VIDA

O PSPEC regula mediante a súa Normativa os usos e actividades que permiten establecer garantías de calidade ambiental e inclúe diversas medidas para asegurar un contorno saudable.

As posibles modificacións sobre a seguridade e a saúde da poboación serán as producidas polas distintas

PROXECTO SECTORIAL DO PARQUE EMPRESARIAL DE CERCEDA (A CORUÑA)

accións que se suceden durante a fase de obras e explotación do Parque destacando as relacionadas cos movementos de terras e o transporte de materiais e a presenza das novas edificacións a nivel de usuarios e residentes nas proximidades das mesmas.

O PSPEC pretende favorecer o desenvolvemento sostible desta zona mineira dada a continuada situación de crise, as sucesivas reconversións e a histórica dependencia do carbón nas comarcas mineiras e afrontar, os elevados niveis de desemprego e alta dependencia da industria do carbón, baseando nos plans e axudas para a reactivación da zona.

As aptitudes profesionais requiridas pola minería non se adaptan facilmente a outras industrias ou actividades económicas e a poboación tende a buscar traballo noutras comarcas sufrindo grandes dificultades para incorporarse ao mercado laboral.

O PSPEC contribúe a xerar e asentar emprego no municipio e na súa área de influencia, aspecto chave para neutralizar as consecuencias do esgotamento da actividade mineira co obxectivo de contribuír a propiciar a transición das comarcas mineiras a unha estrutura económica asentada sobre o desenvolvemento de actividades económicas de maior valor engadido e de maior calidade dos recursos humanos.

e) GOBERNANZA

O PSPEC está promovido por Xestión Urbanística de A Coruña S.A. (XESTUR A CORUÑA), empresa pública de promoción de actuacións urbanísticas, participada polo Instituto Galego da Vivenda e o Solo (I.G.V.S) e a Excm. Deputación Provincial de A Coruña.

O Documento Inicial do Proxecto someteuse a consultas a todos os compoñentes do Consello Galego de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible (ver artigo 3 do Decreto 74/2006, do 30 de marzo, polo que se regula o Consello Galego de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible) e ao mesmo tempo se inseriu na páxina web da Consellería de Medio Ambiente Territorio e Infraestruturas para que o público en xeral fixera comentarios que puideran axudar na redacción do presente DR acerca das variables ambientais que poden ser afectadas e os criterios de sustentabilidade a este Plan (<http://aae.medioambiente.xunta.es>).

Por outra parte, o Plan aprobado con todos os documentos integrantes do expediente tramitado incluído o informe de sustentabilidade ambiental sometéranse, simultaneamente, ao trámite de información pública previsto na Lei 9/2002 e ás consultas previstas no documento de referencia do PSPEC.

8.2.1.5 Atmosfera

a) CALIDADE DO AIRE

O Proxecto establece que para a localización das actividades e infraestruturas emisoras de calquera tipo de contaminación atmosférica deberase priorizar a prevención e minimización dos posibles efectos sobre a saúde da poboación e sobre os sistemas naturais.

Así mesmo, inclúe unha serie de criterios para a consecución dunhas condicións de calidade do ar que permitan un contorno saudable, como a creación de pantallas vexetais, o establecemento de bandas de protección entre as zonas habitadas ou especialmente sensibles e os focos emisores ou o mantemento das condicións de luminosidade das horas nocturnas.

8.2.1.6 Ciclo hídrico

a) CALIDADE DA AUGA

O Plan protexe os regos que discorren polo sector posibilitando a capacidade de recarga dos acuíferos e o mantemento do ecosistema fluvial e garante a dispoñibilidade de recursos de forma que non se pon en risco a súa continuidade e bo estado.

PROXECTO SECTORIAL DO PARQUE EMPRESARIAL DE CERCEDA (A CORUÑA)

O Plan Xeral establece as medidas encamiñadas á xestión sustentable dos recursos hídricos e o seu aproveitamento, complementarias das implantadas polo Concello, orientadas a garantir o abastecemento ao PEC e a manter o bo estado ecolóxico das augas e ecosistemas fluviais afectados.

b) CONSUMO DE RECURSOS HÍDRICOS

Para a redución do consumo de auga, o Plan inclúe unha serie de consideracións como a implantación de sistemas de aforro ou o fomento da reutilización de augas residuais.

O PSPEC garante a dispoñibilidade de recursos e a execución das infraestruturas necesarias, compatibiliza a actuación co ciclo hídrico optimizando os recursos no marco dun modelo territorial eficiente, protexe os regatos existentes no eido con franxas de protección e dotacións e favorece o ciclo natural de auga mediante redes separativas e a infiltración natural da auga de choiva e o seu retorno o medio minimizando a creación de superficies impermeables.

8.2.1.7 Enerxía

a) CONSUMO ENERXÉTICO

Avanzar cara a un uso racional da enerxía necesaria para a utilización dos edificios, reducindo a límites sostibles o seu consumo e conseguir, así mesmo, que unha parte deste consumo proceda de fontes de enerxía renovables, son obxectivos que teñen a súa plasmación nas normas do PSPEC. Así, as edificacións terán en conta o estipulado no Código Técnico de Edificación, así como no Decreto 262/2007 que regula as Normas do Hábitat Galego, que inclúen diversas medidas que contribuirán á mellora da eficiencia enerxética da edificación. Seguindo esta mesma liña, o PSPEC promove un uso eficiente do alumado exterior, sen menoscabar a seguridade que debe proporcionar aos peóns e vehículos, regulando, entre outras cuestións, o uso de lámpadas de iluminación pública que aseguren unha alta eficiencia enerxética, ao tempo que incorpora diversas medidas destinadas a previr e minimizar a contaminación lumínica.

Ademais, o PSPEC contempla entre as medidas preventivas e correctoras instrumentos que permitan demostrar o grao de responsabilidade e o compromiso co respecto ao medio ambiente das empresas que se instalen no PEC como os sistemas de xestión ambiental (EMAS, ISO 14001), os sistemas de xestión de calidade (ISO 9001) e os sistemas de prevención de riscos laborais para a xestión da seguridade e saúde dos traballadores (OHSAS 18001).

8.2.1.8 Xestión de residuos

a) XERACIÓN DE RESIDUOS

O PSPEC garante a implantación e capacidade do sistema de recollida selectiva para favorecer a reutilización e reciclaxe dos materiais.

O Concello xestionará os servizos públicos de recollida, transporte, valorización e eliminación de residuos urbanos de forma directa ou indirecta, implantará sistemas de recollida selectiva de residuos que posibiliten a súa reciclaxe e outras formas de valorización.

Nas Normas de sustentabilidade ambiental e de protección do patrimonio natural e cultural do PSPEC establécense medidas de prevención que perseguen avanzar cara a unha xestión sustentable dos residuos.

8.2.1.9 Cambio climático

a) EMISIÓN DE GEI

A contribución do PSPEC para a redución de emisións de gases efecto invernadoiro levase a cabo coa aplicación dos criterios establecidos para a ordenación da mobilidade e a enerxía.

PROXECTO SECTORIAL DO PARQUE EMPRESARIAL DE CERCEDA (A CORUÑA)

O PSPEC establece as medidas correctoras necesarias para minimizar o uso masivo do vehículo privado e o fomento do transporte público e na medida do posible peonil.

8.2.1.10 Mobilidade

a) NECESIDADES DE MOBILIDADE

O PSPEC favorece a redución das necesidades de mobilidade a través da zonificación proposta e os criterios establecidos.

Pódese indicar que o PSPEC forma parte dun área empresarial – industrial situada nas proximidades da Área Metropolitana da Coruña e con vinculación directa co Porto Exterior da Coruña e que se complementa con outras actuacións como son as do Centro Loxístico del Transporte de Culleredo e os Polígonos de Sabón e Morás en Arteixo. A accesibilidade ao eido é óptima. O desenvolvemento da ordenación garantirá as distintas conexións viarias necesarias para o bo funcionamento do eido conforme ao seu desenvolvemento e xestión.

b) EQUILIBRIO NO REPARTO MODAL

Maoritariamente, a poboación que ten necesidades de mobilidade opta polo desprazamento por medios privados, nun modelo de transporte claramente insostible polo custo que ten, pola contaminación atmosférica que produce e polo consumo de espazo que fai (aparcadoiros, ocupación das vías de comunicación, etc.). As emisións dos combustíbeis fósiles son o principal causante do quecemento global e provocan importantes danos á saúde polo seu alto grao de concentración. Co PSPEC propiciáranse tamén diversos efectos positivos derivados da redución do consumo de enerxía no transporte e, en consecuencia, menores emisións de CO₂, por mor do impulso da actividade económica local que deba constituir un punto de inflexión nos movementos pendulares residencia- traballo.

Co propósito de non interromper as condicións de uso dos terreos limítrofes co Parque, mantense os itinerarios peonís existentes a través do viario do Parque, suprimindo o obstáculo que este suporía para as aglomeracións de poboación situadas ao Norte e ao Sur do eido. Deste xeito, os eidos dos arredores situados no exterior quedan perfectamente servidos pola rede de camiños existentes e previstos así como a través dos distintos viais do Parque.

PROXECTO SECTORIAL DO PARQUE EMPRESARIAL DE CERCEDA (A CORUÑA)

CADRO Nº 24 IDENTIFICACIÓN DOS EFECTOS DO PSPEC SOBRE OS ASPECTOS CLAVE

	OBJECTIVOS E CRITERIOS DO PSPEC	OT			PPNC			SE				A	CH	En	Re	CC	M		
		Cal.S	Voc.A	Ris.N.T	Integ.P	Consv.	Frag.T	Comp.E	Eq. D.E	Coh.S	Cal.V.P	Gob.	Cal.Air	Cal. Au	Cons.RH	Cons.N	Xe.Re	Em.GEI	Nec.M
1	Regular detallada e pormenorizadamente os terreos e usos destinados ao PEC	+	+	+	+	+	+	+		+	+	+	+	+	+	+	+	+	+
2	Xerar emprego no municipio e na súa área de influencia contribuíndo así a reducir as necesidades de mobilidade da poboación e a mellora da calidade de vida e cohesión social.						+	+	+	+	+				+		+	+	+
3	Facilitar a conectividade cara os principais destinos. Completar a estrutura viaria e as conexións coa rede viaria xeral e cos solos industriais contiguos dando servizo aos núcleos de poboación existentes no contorno.							+	+			+			+		+	+	+
4	Acadar unha implantación topográfica óptima que contribúa a minimizar o impacto paisaxístico e a incidencia visual da actuación.		+	+	+	+				+	+	+							
5	Compatibilizar o proxecto sectorial co ciclo hídrico optimizando os recursos no marco dun modelo territorial eficiente			+	+	+							+	+					
6	Minimizar os efectos do proxecto sobre a calidade do aire e o cambio climático. Garantir o aforro no consumo enerxético e pular polos usos enerxéticos renovables.														+		+	+	+
7	Fomentar a minimización de residuos e a reciclaxe															+			
8	Protexer e integrar a paisaxe no proxecto				+	+	+												
9	Conservar a biodiversidade do territorio. Integrar e reforzar os elementos de interese ambiental na ordenación do Parque.			+	+	+	+												

PROXECTO SECTORIAL DO PARQUE EMPRESARIAL DE CERCEDA (A CORUÑA)

8.2.2 Proceso de decisión

8.2.2.1 Coherencia en fervenza

Seguindo as determinacións das DOT, o PSPEC planifícase desde a perspectiva da ecoloxía industrial co fin de buscar a eficiencia e contribuír ao desenvolvemento sostible. Contribúe os procesos de reconversión ofertando solo para favorecer o cambio dos espazos industriais do interior das cidades cara zonas planificadas, con menor impacto visual e ambiental, con menores riscos tecnolóxicos, ben comunicadas e que non queden constringidas polo crecemento urbano.

Así, a ordenación proposta esforzase por integrar os elementos existentes de interese ambiental e por completar a estrutura viaria, favorecer as conexións coas rede viaria xeral e cos espazos industriais contiguos e acadar unha implantación topográfica óptima, que se adapta ao contorno que posibilite unha maior integración paisaxística e minimize o impacto desde os asentamentos próximos.

Entre os obxectivos do PSPEC atópanse os de protección ambiental en consonancia cos criterios de sustentabilidade establecidos polo Documento de Referencia para a Avaliación Ambiental Estratéxica do Proxecto e as DOT.

8.2.2.2 Coherencia transversal

A continuación avaliase a relación dos obxectivos estratéxicos do PSPEC cos obxectivos da planificación sectorial existente.

PROXECTO SECTORIAL DO PARQUE EMPRESARIAL DE CERCEDA (A CORUÑA)

CADRO Nº 25 COHERENCIA TRANSVERSAL

PLANIFICACIÓN SECTORIAL		OBXECTIVOS ESTRATÉXICOS DO PSPEC
ESTRATÉXIA TERRITORIAL EUROPEA	<ul style="list-style-type: none"> - Cohesión económica e social. - Conservación dos recursos naturais e do patrimonio cultural. - Competitividade máis equilibrada do territorio europeo. 	1 /2 /3 /4 /5 /6 /7 /8 /9
VI PROGRAMA DE ACCIÓN COMUNITARIA EN MATERIA DE MEDIO AMBIENTE	<ul style="list-style-type: none"> - Estabilizar as concentracións atmosféricas de gases de efecto invernadoiro nun nivel que non provoque variacións non naturais no clima terrestre. - Protexer e restaurar o funcionamento dos sistemas naturais. - Deter a perda de biodiversidade na UE e o mundo. - Protexer os solos contra a contaminación e a erosión. - Conseguir un nivel de calidade ambiental de tal forma que as concentracións de contaminantes de orixe humana resulten inocuas para a nosa saúde. - Conseguir que o consumo de recursos non supere a capacidade de carga do medio. - Disociar consumo de recursos e crecemento económico mediante un aumento notable da eficiencia, a desmaterialización da economía e a prevención dos residuos. 	1 /2 /3 /4 /5 /6 /7 /8 /9
ESTRATEXIA EUROPEA DE DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE	<ul style="list-style-type: none"> - Manter os compromisos para reducir as emisións de gases con efecto invernadoiro alén de 2012. - Desenvolvemento de iniciativas a favor da biomasa e os biocombustibles así como das enerxías renovables. - Fomento da innovación tecnolóxica e do mercado das ecotecnoloxías. - Fomento da produción e do consumo sostibles. - Asegurar a correcta xestión e financiamento da Rede Natura 2000 como principal instrumento para a loita contra a perda de biodiversidade. - Mellorar a xestión dos recursos naturais renovables tales como a pesca, a auga, o aire, etc. - Reducir as emisións contaminantes. 	1 /2 /3 /4 /5 /6 /7 /8 /9

PROXECTO SECTORIAL DO PARQUE EMPRESARIAL DE CERCEDA (A CORUÑA)

PLANIFICACIÓN SECTORIAL		OBXECTIVOS ESTRATÉXICOS DO PSPEC
CONVENCIÓN EUROPEA DA PAISAXE	<ul style="list-style-type: none"> - O Convenio Europeo da Paisaxe compromete a tomar medidas xerais de recoñecemento das paisaxes; de definición e caracterización; de aplicación de políticas para a súa protección e xestión; de participación pública e de integración das paisaxes nas políticas de ordenación do territorio, así como nas políticas económicas, sociais, culturais e ambientais. Tamén sobre a sensibilización cidadá, a educación e a formación de expertos. 	4/ 8
ESTRATEGIA ESPAÑOLA DE DESENVOLVEMENTO SUSTENTABLE (EEDS)	<ul style="list-style-type: none"> - Aumentar o aforro e a eficiencia no uso dos recursos en todos os sectores. - Previr a contaminación, reducir a xeración de residuos e fomentar a reutilización e a reciclaxe dos xerados. - Mellorar a calidade do aire, especialmente en zonas urbanas. - Optimizar enerxética e ambientalmente as necesidades de mobilidade das persoas e os fluxos de mercancías. - Revalorizar o sistema turístico en clave de sustentabilidade. - Reducir as emisións a través de: un maior peso das enerxías renovables no mix enerxético, unha mellora da eficiencia enerxética en transporte e edificación, medidas sectoriais e instrumentos de mercado. - Integrar a adaptación ao cambio climático na planificación dos sectores económicos. - Asegurar a sustentabilidade ambiental e a calidade do recurso hídrico, garantindo o abastecemento á poboación e o uso produtivo e sostible do mesmo. - Frear a perda de biodiversidade e do patrimonio natural, a través da conservación, restauración e xestión adecuada, compatible cunha produción ambientalmente sustentable dos recursos naturais. - Promover un desenvolvemento territorial e urbano sustentable e equilibrado, incentivando, en particular, o desenvolvemento sustentable no medio rural. - Fomentar o acceso a un emprego de calidade. - Apoiar a integración social dos colectivos en risco de exclusión. - Promover a asignación duns recursos económicos mínimos ás persoas en condicións de pobreza. - Fomentar unha sociedade sa e con calidade de vida. - Atender ás persoas en situación de dependencia. 	1 /2 /3 /4 /5 /6 /7 /8 /9

PROXECTO SECTORIAL DO PARQUE EMPRESARIAL DE CERCEDA (A CORUÑA)

PLANIFICACIÓN SECTORIAL		OBXECTIVOS ESTRATÉXICOS DO PSPEC
ESTRATEGIA ESPAÑOLA DE MEDIO AMBIENTE URBANO	<ul style="list-style-type: none"> - Estrutura e a expansión urbana. - Biodiversidade e preservación dos valores naturais. - Eficiencia dos recursos e o metabolismo urbano. - Complexidade e mestura de usos e a sociedade do coñecemento. - Estabilidade Social. 	1 / 2 / 3 / 4 / 5 / 6 / 7 / 8 / 9
ESTRATEGIA GALEGA FRONTE AO CAMBIO CLIMÁTICO	<ul style="list-style-type: none"> - Mellora do coñecemento do clima de Galicia e avaliación do impacto que o cambio climático pode ter no seu territorio. - Control das emisións de GEI de Galicia, mediante a definición das liñas a seguir polas respectivas políticas sectoriais. - Promoción de políticas de apoio aos sumidoiros de carbono, como parte esencial na solución do problema. - Estudo dos principais impactos, das súas consecuencias e da forma de minimizar ditos impactos dentro das diferentes áreas de actividade. 	2 / 3 / 6
PLAN MOVE E PLANS DE ACTUACIÓN NO ÁMBITO DAS INFRAESTRUTURAS	<ul style="list-style-type: none"> - Completar a articulación da rede de infraestruturas de transporte de Galicia co exterior e a conexión entre os principais eixos interiores. - Adecuar o transporte nos medios urbanos, mellorando a accesibilidade dos diferentes ámbitos funcionais do territorio desde unha perspectiva metropolitana. - Garantir que o 80% da poboación se sitúe a menos de 10 minutos dunha Vía de Altas Prestacións - Mellorar a seguridade viaria, reducindo nun 50% o número de vítimas de accidentes de circulación nas estradas galegas no horizonte do ano 2013. - Elevar o investimento en mantemento, xestión e conservación da rede ao 3% do seu valor patrimonial. - Flexibilizar o sistema de peaxes nas autoestradas galegas. A peaxe non debe ser unha barreira para a mobilidade das persoas en Galicia. - Fomentar o uso de sistemas de transporte alternativos ao vehículo privado, a través da implantación de aparcadoiros disuasorios nos contornos das cidades, así como de itinerarios peonís e ciclistas. 	2 / 3 / 4

PROXECTO SECTORIAL DO PARQUE EMPRESARIAL DE CERCEDA (A CORUÑA)

PLANIFICACIÓN SECTORIAL		OBXECTIVOS ESTRATÉXICOS DO PSPEC
PLAN DE XESTIÓN DE RESIDUOS URBANOS	<ul style="list-style-type: none"> - Estabilizar e reducir a produción de residuos en Galicia (peso, volume, diversidade e perigo) e desligar a xeración de residuos do crecemento económico. - Fomentar a recollida selectiva en orixe, como estratexia para obter materiais de calidade que teñan saída no mercado da reciclaxe. - Apoiar a xestión e recollida en orixe da fracción orgánica dos residuos urbanos. - Potenciar un verdadeiro mercado de reciclaxe, baixo criterios de autosuficiencia e proximidade. - Reducir a vertedura final, especialmente a fracción biodegradable e materiais recuperables. - Incrementar a autosuficiencia territorial no tocante ao tratamento de residuos, reducindo os custos de transporte. - Incorporar o factor humano nas actuacións de xestión de residuos, maximizar a implicación, coñecementos de poboación e xestores. - Garantir a calidade e transparencia da información. - Favorecer a complementariedade dos modelos. - Potenciar o tratamento de resto para alcanzar os obxectivos de recuperación e redución da biodegradabilidade dos residuos verteduras. 	6 / 7
PLAN DE XESTIÓN DE RESIDUOS INDUSTRIAIS E SOLOS CONTAMINADOS	<ul style="list-style-type: none"> - Garantir a xestión controlada dos residuos industriais, así como aplicar a xerarquía de opcións de xestión que recolle a lexislación vixente e que leva a priorizar a prevención e valorización dos ditos residuos fronte a tratamentos finalistas. 	6 / 7
PLAN ENERXÉTICO ESTRATÉXICO DE GALICIA	<ul style="list-style-type: none"> - Atender as necesidades de enerxía dos cidadáns, optimizar o seu consumo, reducir o impacto ambiental da súa xeración, transporte e distribución, incrementar a competitividade empresarial, prever as necesidades futuras e planificar o abastecemento establecendo liñas de actuación e definindo as estratexias que se teñen que desenvolver. 	1 / 2 / 3 / 6 / 7

PROXECTO SECTORIAL DO PARQUE EMPRESARIAL DE CERCEDA (A CORUÑA)

PLANIFICACIÓN SECTORIAL		OBXECTIVOS ESTRATÉXICOS DO PSPEC
PLAN DE ABASTECIMENTO	<ul style="list-style-type: none"> - Garantir as necesidades actuais e futuras de abastecemento de auga potable a todos os núcleos de poboación que superen os 50 habitantes. - Planificar as infraestruturas de captación, regulación, transporte, tratamento e distribución necesarias - Propoñer medidas dirixidas a unha xestión máis eficaz e eficiente dos sistemas de abastecemento. - O plan propón para Xove a construción dunha nova ETAP cunha capacidade de 10l/s 	5 / 7
PLAN HIDROLÓXICO GALICIA COSTA	<ul style="list-style-type: none"> - O Plan Hidrolóxico de Galicia Costa é o documento básico de xestión dos recursos da conca e de planificación das actuacións a desenvolver. Constitúe a ferramenta básica para a consecución do bo estado das masas de auga permitindo alcanzar a axeitada protección do territorio público hidráulico. Busca incrementar a dispoñibilidade do recurso satisfacendo as demandas de auga, protexendo a súa calidade e racionalizando os distintos recursos en harmonía co medio ambiente. 	5 / 9
PLAN MINER	<ul style="list-style-type: none"> - Reestruturación da minaría do carbón e o desenvolvemento alternativo das comarcas mineiras. - Atenuar as consecuencias socioeconómicas inherentes á diminución paulatina da actividade no sector 	1 / 2
PLAN NACIONAL DE RESERVA ESTRATÉXICA DO CARBÓN	<ul style="list-style-type: none"> - Encauzar o proceso de ordenación da minería do carbón - Crear un novo modelo de desenrolo integral e sostible das comarcas mineiras - Fomentar a creación de emprego alternativo ao monocultivo do carbón. - Potencializar os recursos humanos das comarcas financiando actividades de formación e a creación de infraestruturas 	1 / 2

PROXECTO SECTORIAL DO PARQUE EMPRESARIAL DE CERCEDA (A CORUÑA)

8.2.2.3 Demanda social

A aplicación de políticas orientadas a potenciar o tecido industrial e crear emprego no municipio de Cerceda está sendo chave para neutralizar as consecuencias do esgotamento das reservas do xacemento de lignito de Meirama a finais de 2007 e mais o consecuente peche da central térmica. O Concello de Cerceda, quere adiantarse ao cese da actividade en Meirama e minimizar así o impacto laboral que este peche podería ter sobre o municipio.

Actualmente os polígonos da zona caracterízanse por unha elevada ocupación e por non dispor de parcelas axustadas ás dimensións e tipoloxías demandadas por moitas das industrias de construción actuais

O PEC servirá para dar resposta, en parte, ás necesidades existentes na zona, creando espazos adecuados para a implantación de industrias cun nivel de servizos óptimos e contribuirá ao desenvolvemento económico e á creación de emprego en toda a comarca.

A situación rebela a existencia dunha demanda á alza de chan industrial, incapaz de ser atendida polos parques existentes. Por iso resulta patente a carencia de chan industrial que, a medio prazo e longo prazo, estea dispoñible para a localización de novas empresas ou a ampliación das existentes. Se ben é certo que na actualidade existe un importante número de empresas que non están asentadas en parques empresariais, calquera actuación futura pasa pola súa localización e agrupación neste tipo de infraestruturas, de forma que se optimice a dotación de servizos demandados polo sector.

O déficit ou ausencia no mercado do solo produce unha perda potencial de oportunidades de inversión e desenvolvemento industrial, ao tempo que imposibilita a expansión ou crecemento ordenado das empresas industriais que necesitan ampliar o seu espazo produtivo

Dende este punto de vista, o PEC situado nas proximidades da primeira liña de coroa metropolitana, poderá absorber as demandas de solo industrial de toda a zona, garantindo, a través da estrada AC-523 e a A-6, unha accesibilidade cómoda e rápida respecto ao resto da Rexión e o Estado. Esta demanda a curto e medio prazo xustifica e fai viable a implantación dun parque empresarial na zona de estudo, que non só atenda a demanda potencial actual, senón que á súa vez, sente as bases dunha futura ordenación máis racional do tecido empresarial.

8.2.2.4 Consideración de alternativas

Identificados os condicionantes e necesidades existentes no terreo afectado polo PEC e no seu contorno o PSPEC contemplou 3 alternativas de ordenación: a "0", ou de non execución do PXOM, a "1" e a "2" sendo esta última a finalmente seleccionada.

A alternativa "0" quedou descartada por supor a continuidade das Normas Subsidiarias de planeamento vixentes e o mantemento dos problemas territoriais e sociais derivados dun modelo de ordenación demasiado global, non adaptado a realidade urbanística e social do municipio.

Procedeuse á comparación de alternativas para decidir sobre a necesidade ou non do Proxecto Sectorial mediante a elaboración dunha matriz na que para cada variable de sustentabilidade analízase a alternativa que máis interactúa, é dicir, a alternativa cun maior cumprimento dos obxectivos.

A ordenación establecida favorece o desenvolvemento equilibrado e sustentable do territorio e adapta as necesidades e sensibilidades actuais da poboación de Cerceda a unha serie de aspectos básicos relacionados coa economía, as dotacións, a calidade de vida, os valores naturais e o medio ambiente en xeral.

8.2.2.5 Consultas e coordinación

a) PARTICIPACIÓN CIDADÁ

PROXECTO SECTORIAL DO PARQUE EMPRESARIAL DE CERCEDA (A CORUÑA)

Como se dixo anteriormente, Xestur A Coruña dende o momento de resolver a adjudicación dos traballos de redacción do PEC, publicitou e animou á poboación para que se manifestase a este respecto e fíxese chegar ao equipo redactor tanto as súas opinións sobre PSPEC, como a formulación de propostas concretas de interese particular..

O anteproxecto do PEC someteuse a consultas a través da páxina web da Consellería de Medio Ambiente Territorio e Infraestruturas para que o público en xeral fixera comentarios que puideran axudar na redacción do DR acerca das variables ambientais que poden ser afectadas e os criterios de sustentabilidade a este Proxecto (<http://aae.medioambiente.xunta.es>).

Por outra parte, o Plan aprobado con todos os documentos integrantes do expediente tramitado incluído o informe de sustentabilidade ambiental someterase, simultaneamente, ao trámite de información pública previsto na Lei 9/2002 e ás consultas previstas no Documento de Referencia do PSPEC.

Logo de realizarse a devandita información pública e máis as consultas previstas no documento de referencia, o equipo redactor emitirá informes nos que se valorará o contido das alegacións ou suxestións presentadas, e a súa estimación ou desestimación, así como no seu caso as modificacións que cumpriría introducir no Proxecto.

b) CONSULTAS A OUTRAS ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS

O equipo redactor introduciu no PSPEC as correccións ou modificacións necesarias para emendar as deficiencias que indicaron todos os informes sectoriais emitidos.

O equipo redactor elaborou un informe ou valoración dos informes de carácter sectorial que se recibiron dos organismos competentes, de conformidade co previsto no artigo 85.3 da Lei 9/2002 e na correspondente lexislación de carácter sectorial.

O anteproxecto someteuse a consultas a todos os compoñentes do Consello Galego de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible (ver artigo 3 do Decreto 74/2006, do 30 de marzo, polo que se regula o Consello Galego de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible) e ao mesmo tempo se inseriu na páxina web da Consellería de Medio Ambiente Territorio e Infraestruturas para que o público en xeral fixera comentarios que puideran axudar na redacción do Documento de Referencia do PSPEC acerca das variables ambientais que poden ser afectadas e os criterios de sustentabilidade (<http://aae.medioambiente.xunta.es>).

c) COORDINACIÓN CON POLÍTICAS, PLANS E NORMAS.

O PSPEC incorpora na Normativa e nas súas determinacións a lexislación comunitaria, estatal e autonómica de carácter básico e sectorial vixente que, xunto coa progresiva introdución de criterios de sustentabilidade nas diferentes normativas sectoriais de aplicación na ordenación do territorio froito dunha maior preocupación pola tutela ambiental e territorial da sociedade, asegura a adopción de eficaces medidas de prevención dos posibles efectos negativos significativos sobre o medio ambiente derivados das actuacións e usos a desenvolver no Parque Empresarial de Cerceda.

O PSPEC ten asumidas as directrices sobre atmosfera, xestión dos residuos, prevención e control integrado da contaminación, de avaliación de impacto ambiental, de avaliación de incidencia ambiental, de protección da paisaxe, etc, que sobre estes mesmos temas se teñen avanzado por todos os organismos internacionais e que se inclúen no ISA.

As conclusións dos plans e programas relacionados co PSPEC tivéronse en conta nas determinacións establecidas polo Proxecto.

8.2.3 Relación cos elementos territoriais estratéxicos de Galicia

8.2.3.1 Paisaxe, patrimonio natural e cultural

PROXECTO SECTORIAL DO PARQUE EMPRESARIAL DE CERCEDA (A CORUÑA)

As Áreas estratéxicas de conservación (AEC) que propoñen as DOT como enclaves de especial valor ecolóxico deben constituír a referencia na percepción de Galicia como un ámbito cuxo excepcional valor natural singulariza a oferta territorial da Comunidade. Corresponden ás áreas protexidas incluídas nalgunha das figuras de espazos naturais e áreas protexidas establecidas pola normativa estatal (Lei 42/2007) e autonómica (Lei 9/2001), de conservación da biodiversidade e do patrimonio natural.

O Parque Empresarial de Cerceda non afecta a áreas estratéxicas de conservación nin a zonas catalogadas como complementarias das mesmas polas DOT.

O PEC tampouco afecta a ámbitos de interese do patrimonio cultural de Galicia, que comprenden aqueles bens de interese cultural cunha maior incidencia territorial na escala global de Galicia.

A calidade do medio e da paisaxe tradicional supoñen, en si mesmas, un destacado recurso que debe ser unha das bases nas que fundamentar o desenvolvemento sostible do territorio. En consecuencia, a paisaxe constitúe na planificación do PEC un elemento básico, cuxa consideración e análise producen decisións directas na ordenación, tales como a distribución das zonas verdes, o emprego de determinados materiais para a construción, o apantallamento da actuación mediante o emprego da vexetación, etc.

8.2.3.2 Producción de alimentos

A produción de alimentos de calidade é un dos principais activos da economía galega. Para aproveitalos é preciso favorecer os procesos de transformación e de comercialización de produtos do agro e do mar e, en particular, aqueles que garanten un beneficio directo aos produtores de base galega.

A oferta de solo industrial planificado exerce unha influencia destacada na dinámica investidora (atracción e fixación de empresas industriais), na localización axeitada dos establecementos produtivos e a consolidación de actividade dentro de cada rexión.

Por outra parte, das aglomeracións de empresas en Parques Empresariais e Industriais derivan múltiples vantaxes, como os aumentos na produtividade que se conseguen nun ambiente propicio para iso, así como ás relacións comerciais entre empresas, e á fluidez con que se transmiten informacións beneficiosas para o mercado e a libre competencia.

As novas infraestruturas portuarias actualmente en proxecto, dinamizarán o fluxo de persoal e de mercadorías, e favorecerán o establecemento dos medios de produción nas proximidades dun centro intermodal das dimensións do futuro Porto Exterior, facendo ineludible o desenvolvemento de solo industrial.

8.2.3.3 Solo empresarial

A presenza do PEC vai permitir unha mellora das condicións da actividade comercial, pois favorecerá a instalación de empresas dedicadas ás actividades propias do sector (empresas de transporte, etc.). Xunto a isto producirase a instalación de servizos necesarios para cubrir a propia demanda interna dos traballadores e persoas que acoden ao polígono.

Tamén favorece a creación de áreas comerciais importantes, máis especializadas e diversificadas que permitirán un desenvolvemento da actividade comercial local, así como unha maior atracción de compra en municipios próximos, ademais dun apoio e un fortalecemento das industrias e dos servizos municipais, en primeira instancia, e unha reactivación económica nun área máis ampla, a comarca de Ordes e a Área Metropolitana de A Coruña. Isto permite que se amplíen e melloren os fluxos socioeconómicos municipais co exterior, resultando unha remodelación xeral do sistema territorial, ante un novo foco de atracción.

8.2.3.4 Turismo

A maioría dos concellos de Galicia consideran que a súa paisaxe constitúe o principal activo do que dispoñen para o seu desenvolvemento turístico e tanto os municipios como os grupos sociais e as institucións galegas coinciden en que a paisaxe da Comunidade é un dos factores de calidade que diferencian o noso territorio e

PROXECTO SECTORIAL DO PARQUE EMPRESARIAL DE CERCEDA (A CORUÑA)

Ile proporcionan oportunidades de desenvolvemento futuro. Non obstante existe tamén unha coincidencia xeneralizada en que existen numerosos elementos que están a deteriorar rapidamente a nosa paisaxe, principalmente os procesos de urbanización difusa e os novos desenvolvementos urbanísticos polo que o PSPEC ten especialmente en conta a paisaxe integrándose na medida do posible no contorno e respectando os asentamentos próximos e os elementos de valor natural existentes no eido.

8.2.3.5 Equipamentos e servizos básicos

Os criterios de localización dos sistemas de espazos libres e dotacionais, seguen en liñas xerais e os criterios establecidos, no senso de concentrar os espazos verdes nas zonas que presentan as características ambientais mais salientables, (zona cursos de auga existentes), e así crear zonas que pola súa dimensión teñan unas características que as fagan funcionalmente útiles para o seu uso público, complementando este sistema dotacional con reserva para equipamentos que recualifican as zonas dotacionais e en xeral a ordenación do solo industrial existente.

Fdo: Hector Varela Novoa

Enxeñeiro de Camiños C e P

Setembro de 2011

Ado: Hector Varela Novoa

Enxeñeiro de Camiños C e P

Xuño de 2.011

PROXECTO SECTORIAL DO PARQUE EMPRESARIAL DE CERCEDA (A CORUÑA)

9. ANEXOS

PROXECTO SECTORIAL DO PARQUE EMPRESARIAL DE CERCEDA (A CORUÑA)

ANEXO I.- COMPROMISO DO CONCELLO DE CERCEDA PARA A XESTIÓN DE RSU

PROXECTO SECTORIAL DO PARQUE EMPRESARIAL DE CERCEDA (A CORUÑA)

ANEXO II.- RESUMO NON TÉCNICO

PROXECTO SECTORIAL DO PARQUE EMPRESARIAL DE CERCEDA (A CORUÑA)

ANEXO III.- PLANOS